F/2024/1 200	02/04 /2024	24 47	27/03/2 024	181,50	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA MARZO 2024	171	22799
F/2024/1 201	02/04 /2024	24 46	27/03/2 024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDINERAS CASA CONSISTORIAL MARZO 2024	920	21200
F/2024/1 825	10/05 /2024	24 67	30/04/2 024	145,20	ROMERSAN 2, S.L.	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN O GRAXAL ABRIL 2024	171	21000



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2024/1 826	10/05 /2024	24 66	30/04/2 024	592,90	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL ABRIL 2024	171	22799
F/2024/1 827	10/05 /2024	24 64	30/04/2 024	181,50	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA ABRIL 2024	171	22799
F/2024/1 828	10/05 /2024	24 63	30/04/2 024	145,20	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDINERAS CASA CONSISTORIAL ABRIL 2024	920	21200
F/2024/2 174	21/06 /2024	24 080	31/05/2 024	181,50	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA MAYO 2024	171	22799
F/2024/2 175	21/06 /2024	24 083	31/05/2 024	145,20	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN O GRAXAL MAYO 2024	171	21000
F/2024/2 176	21/06 /2024	24 082	31/05/2 024	592,90	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL MAYO 2024	171	22799
F/2024/2 273	04/07 /2024	24 97	29/06/2 024	592,90	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL JUNIO 2024	171	22799
F/2024/2 274	04/07 /2024	24 95	29/06/2 024	181,50	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA JUNIO 2024	171	22799
F/2024/2 271	04/07 /2024	24 98	29/06/2 024	145,20	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO TALUD URBANIZACIÓN DE O GRAXAL JUNIO 2024	171	21000
F/2024/2 918	19/08 /2024	24 114	31/07/2 024	145,20	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO MANTENIMIENTO TALUD EN URBANIZACION DE O GRAXAL JULIO 2024	171	21000
F/2024/2 919	19/08 /2024	24 113	31/07/2 024	592,90	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE LA MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL JULIO 2024	171	22799
F/2024/2 920	19/08 /2024	24 112	31/07/2 024	296,45	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO ZONA AJARDINADA CASA DE LA CULTURA VILLA CONCEPCIÓN JULIO 2024	171	22799
F/2024/2 921	19/08 /2024	24 111	31/07/2 024	181,50	ROMERSAN S.L.	2,	SERVICIO DE MANTENIMIENTO JARDÍN URBANIZACIÓN A PATIÑA JULIO 2024	171	22799
F/2024/3 532	08/10 /2024	24 139	30/09/2 024	181,50	ROMERSAN S.L.	2,	MANTENIMIENTO MENSUAL DE JARDIN DE LA URBANIZ A PATINA (2 FRECUENCIAS) SEPTIEMBRE 2024	171	22799
F/2024/3 534	08/10 /2024	24 141	30/09/2 024	592,90	ROMERSAN S.L.	2,	MANTENIMIENTO DE LA MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL SEPTIEMBRE 2024	171	22799
F/2024/3 535	08/10 /2024	24 142	30/09/2 024	145,20	ROMERSAN S.L.	2,	MANTENIMIENTO MENSUAL (DESBROCE) DE TALUD EN URBANIZACION DE O GRAXAL SEPTIEMBRE 2024	171	22799
F/2024/3 546	08/10 /2024	24 125	30/08/2 024	181,50	ROMERSAN S.L.	2,	MANTENIMIENTO MENSUAL DE JARDIN DE LA URBANIZ A PATINA (2 FRECUENCIAS)AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 548	08/10 /2024	24 127	30/08/2 024	592,90	ROMERSAN S.L.	2,	MANTENIMIENTO DE LA MEDIANERA AJARDINADA DE O GRAXAL AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 549	08/10 /2024	24 128	30/08/2 024	145,20	ROMERSAN S.L.	2,	MANTENIMIENTO MENSUAL (DESBROCE) DE TALUD EN URBANIZACION DE O GRAXAL AGOSTO 2024	171	22799
F/2024/3 291	30/09 /2024	normal 1367	A24- 30/09/2 024	345,87	SANAL, CONTROL MEDIOAMBIENTA L, S.A.		SERVICIO CONTROL Y PREVENCION LEGIONELA INSTALACIONES DEPORTIVAS SEPTIEMBRE 2024	342	21200
F/2024/3 284	30/09 /2024	240 501	30/09/2 024	317,69	SERVIPLUSTOTA L, S.L.U.		SERV. DE INTERV. SOCIOEDUCATIVA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E (DINAMIZACIÓN XUVENIL 1AL 4/9/24 CASA P	337	22608
F/2024/3 238	17/09 /2024	F 240945	31/08/2 024	3525,46	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURAD OS, S.L. - SUGEMA		ALQUILER SANITARIOS UBICACIONES CONCELLO CAMBRE- MES AGOSTO 2024	454	20300
F/2024/3 257	24/09 /2024	F 241075	24/09/2 024	810,70	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURAD OS, S.L. - SUGEMA		ALQUILER DE SANITARIOS MES DE SEPTIEMBRE 2024	454	20300
F/2024/1 506	30/04 /2024	60DDRR00811 2	29/04/2 024	3947,58	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.		DETALLE DE CONCEPTOS ABRIL 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/1 862	28/05 /2024	60EDRR00873 6	27/05/2 024	4002,43	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.		DETALLE DE CONCEPTOS MAYO 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/2 203	02/07 /2024	60FDRR009036	27/06/2 024	3823,33	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.		DETALLE DE CONCEPTOS JUNIO 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200

F/2024/2 556	30/07 /2024	60GDRR00831 3	29/07/2 024	3922,58	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	ACUERDO VOZ FIJA DEL 1/7 AL 31/7 2024	920	22200
F/2024/2 960	28/08 /2024	60HRRR00516 2	27/08/2 024	3963,22	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	DETALLE CONCEPTOS AGOSTO 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/3 309	03/10 /2024	60IDRR008194	30/09/2 024	3945,06	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	DETALLE CONCEPTOS SEPTIEMBRE 2024 Y ACUERDO VOZ FIJA	920	22200
F/2024/1 160	01/04 /2024	28-D4M0- 074796	01/04/2 024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN PANELES SOLARES ESCUELA INFANTIL GALIÑA AZUL DE A BARCALA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-2 AL 17-3-2024	323	22200
F/2024/1 474	16/04 /2024	28-D4Y1- 002483	16/04/2 024	18,15	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN INTRANET POLICÍA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS MARZO 2024	920	22203
F/2024/1 525	01/05 /2024	28-E4M0- 000291	01/05/2 024	942,37	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO DEL 18-3 AL 17-4-2024 Y PERÍODO DE CUOTAS ABRIL 2024	920	22203
F/2024/1 526	01/05 /2024	28-E4M0- 102172	01/05/2 024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TARJETA MÓVIL DESVÍO DE LLAMADAS CENTRALITA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-3 AL 17-4-2024	920	22203
F/2024/1 882	01/06 /2024	28-F4M0- 073034	01/06/2 024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN PANELES SOLARES ESCUELA INFANTIL GALIÑA AZUL DE A BARCALA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-4 AL 17--5-2024	323	22200
F/2024/1 883	01/06 /2024	28-F4M0- 101177	01/06/2 024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TARJETA MÓVIL DESVÍO DE LLAMADAS CENTRALITA PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-4 AL 17-5-2024	920	22203
F/2024/1 884	01/06 /2024	28-F4M0- 000271	01/06/2 024	1001,80	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO DEL 18-4 AL 17-5-2024 Y PERÍODO DE CUOTAS MAYO 2024	920	22203
F/2024/1 885	01/06 /2024	28-F4M0- 030571	01/06/2 024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL COORDINADOR DE PROTECCIÓN CIVIL PERÍODO DE TRÁFICO Y CUOTAS DEL 18-4 AL 17-5-2024	920	22203
F/2024/2 208	02/07 /2024	28-G4M0- 000220	01/07/2 024	1081,66	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO DEL 18-5 AL 17-6-2024 Y PERÍODO DE CUOTAS JUNIO 2024	920	22203
F/2024/2 209	02/07 /2024	28-G4M0- 100513	01/07/2 024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TARJETA MÓVIL DESVÍO DE LLAMADAS CENTRALITA PERÍODO DE TRÁFICO Y DE CUOTAS DEL 18-5 AL 17-6-2024	920	22203
F/2024/2 210	02/07 /2024	28-G4M0- 072795	01/07/2 024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN PANELES SOLARES ESCUELA INFANTIL GALIÑA AZUL A BARCALA PERÍODO DE TRÁFICO Y DE CUOTAS DEL 18-5 AL 17-6- 2024	323	22200
F/2024/2 211	02/07 /2024	28-G4M0- 030608	01/07/2 024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MOVIL COORDINADOR DE PROTECCIÓN CIVIL PERÍODO DE TRÁFICO Y DE CUOTAS DEL 18-5 AL 17-6-2024	920	22203
F/2024/2 566	01/08 /2024	28-H4M0- 100178	01/08/2 024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	CONTRATO BÁSICO LÍNEA 650366578 PERÍODO 18/06/2024-17/07/2024.	920	22200
F/2024/2 567	01/08 /2024	28-H4M0- 000274	01/08/2 024	980,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	CONTRATO NEGOCIOS 43 LINEAS FACTURADAS DEL 18/6 AL 17/7 2024	920	22203
F/2024/2 568	01/08 /2024	28-H4M0- 072577	01/08/2 024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	TARIFA BÁSICA LÍNEA 608496127 DEL 18/6 AL 17/7 2024	920	22203
F/2024/2 569	01/08 /2024	28-H4M0- 030500	01/08/2 024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	CONTRATO 20 PLUS 630871720 DEL 18/6 AL 17/7 2024	920	22200
F/2024/3 213	11/09 /2024	28-I4M0- 000278	01/09/2 024	1010,98	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACION TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07 AL 17/08 DEL 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 01/08 AL 31/08 2024	920	21600
F/2024/3 214	11/09 /2024	28-I4M0- 099622	01/09/2 024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACION TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07-17/08 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 18/07-17/08 2024	920	21600
F/2024/3 215	11/09 /2024	28-I4M0- 072097	01/09/2 024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07-17/08 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 18/07-17/08 2024	920	21600

F/2024/3 216	11/09 /2024	28-I4M0- 030552	01/09/2 024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	FACTURACIÓN TELEFONÍA MÓVIL PERÍODO DE TRÁFICO 18/07-17/08 2024 Y PERÍODO DE CUOTAS 18/07-17/08 2024	920	21600
F/2024/3 299	01/10 /2024	28-J4M0- 099620	01/10/2 024	8,47	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO TELEFONÍA MÓVIL 650366578 DEL 17/8 AL 17/9 2024	920	22203
F/2024/3 300	01/10 /2024	28-J4M0- 030462	01/10/2 024	45,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO TELEFONIA 630871720 DEL 18/8 AL 17/9 2024	920	22203
F/2024/3 301	01/10 /2024	28-J4M0- 071883	01/10/2 024	18,00	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO TELEFONIA 608496127 DEL 18/8 AL 17/9 2024	920	22203
F/2024/3 302	01/10 /2024	28-J4M0- 000331	01/10/2 024	922,72	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	SERVICIO DE TELEFONIA VARIAS LINEAS DEL 18/8 AL 17/9 2024	920	22203
TOTAL REC 1_2025				161.171,27				

Terceiro: Autorizar, dispoñer no seu caso, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.»

Consta nota informativa de Secretaría 5/2025, do 20 de xaneiro de 2025 (CVD: 17sVkr/xc5mHtT6Z5/rx) [con dilixencia de corrección de erro de transcripción de data 20 de xaneiro de 2025 (CVD: 5DEz2Yev/K5Vt2FAmFRV)] na que se informa desfavorablemente o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, a aprobación das facturas ás que se refire, e, polo tanto, a proposta da Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2025, e que coa corrección do erro di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 5/2025

Remitido a Secretaría o día da data a través da plataforma de tramitación electrónica TEdEc o expediente 2025/G006/00003 (no que aparece relacionado o 2025/X006/000022), relativo a recoñecemento extraxudicial de créditos, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA: CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o exame do asunto(o expediente se remite a secretaria o día de hoxe e pola sra. Alcaldesa dispónse que se inclúa na orde do día da vindeira sesión das comisións informativas que deben convocarse hoxe) , o que, unido á escasez de persoal no servizo, á ausencia da funcionaria que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral , á necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e á sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría , imposibilita facer unas consideracións máis axeitadas. Por iso esta nota informativa emítese coas cautelas, salvedades e condicionamentos que se derivan destes feitos, polo que as consideracións que se farán poderán ser, de ser preciso, ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Sentado o anterior, e verbo do expediente remitido fanse as seguintes consideracións:

1.- Consta no expediente examinado informe da sra. Interventora municipal de data 19 de xaneiro de 2025 (CVD: CVD: pAV3IEnmBwmDJ+s1530n) no que formula reparos suspensivos respecto das facturas que indica.

1.1.- Sinala a Intervención municipal no apartado 1 das conclusións do informe que:

“1.- As seguintes facturas, a excepción das facturas emitidas pola mercantil AUGASERVI, S.L. relativas ao canon de xestión do servizo municipal de auga e sumidoiro correspondente ao cuarto trimestre 2023 e ao primeiro trimestre 2024 e pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L.

por importe unitario de 27.972,23 € correspondente á prestación do servizo de limpeza viaria dos meses de febreiro a xullo de 2024, **obedecen ao recoñecemento de obrigas xeradas coa omisión da preceptiva fiscalización da autorización e do compromiso de gasto. As infraccións do ordenamento xurídico detectadas** (artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP), **ademais da propia omisión do trámite preceptivo de función interventora** (artigos 213 e 214 do TRLFL e artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local), **califican o acto administrativo da contratación verbal dos servizos e subministros como nulos de pleno dereito** (artigo 47.1.e: Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes... Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido). Polo tanto, é **preceptiva** a tramitación dun procedemento administrativo de revisión de oficio **antes** de proceder á súa imputación orzamentaria pola vía do recoñecemento extraxudicial de créditos(..../....)”

De acordo co artigo 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o Réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, nos casos de que o/a interventor/ a municipal ao coñecer un expediente, observa a omisión da función interventora debe pronunciarse no informe, entre outros extremos , sobre a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos dictados con infracción do ordenamento xurídico (apartado e)), o que será apreciado polo interventor en función de se se realizaron as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais producidos, e para o que debe ter en conta o disposto no apartado e) do punto 2 do precepto citado.

Polo tanto, o procedemento a seguir nos casos de omisión de fiscalización dependerá do que resulte do informe de intervención.

Corresponde , pois, ao /á interventor/a municipal pronunciarse sobre o trámite que considera debe darse á facturación en caso de omisión de fiscalización ao estar expresamente atribuído ao/á titular da Intervención.

No suposto examinado, a interventora municipal pronúnciase verbo do procedemento que considera procede seguir e manifesta que é preceptivo a tramitación dun procedemento administrativo de revisión de oficio (por concorrer a causa de nulidade de pleno dereito contida no artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro) antes de proceder á súa imputación orzamentaria pola vía do recoñecemento extraxudicial de créditos, polo que xuízo da que subscribe non procede neste momento procedementa aprobar as facturas a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, xa que o artigo 28.1 do Real decreto 424/2017 dispón que non podera recoñecerse a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva a omisión da fiscalización nos termos previstos no dito artigo, e polo criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia exposto na sentenza de 19 de xullo de 2022(criterio aplicado pola Sentencia número 199/2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra número 1 de data 27 de outubro de 2022) á que tamén fai referencia a intervención municipal. Cómpre, polo tanto nestes casos, con carácter previo ao REC tramitar os correspondentes procedementos de revisión de oficio.

Polo exposto, á vista de que a interventora municipal se pronuncia en relación ás facturas que indica verbo da necesaria tramitación de prodemento de revisión de oficio , comparte esta secretaría o criterio desfavorable da Intervención municipal polas consideracións que se conteñen no seu informe .

1.2. No apartado 2 das conclusións, informa a Interventora municipal que:

“2.- Emítase un reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c do TRLFL en relación ás seguintes facturas por canto, ao derivar de contratos verbais declarados nulos por acordo plenario de 31.07.2024, o cálculo do importe a satisfacer debe respectar o disposto no artigo 42.1 da LCSL e efectuarse con arranxo a un procedemento contradictorio con audiencia á mercantil. Asemade, ante a falta de acreditación de boa fe e de conformidade coa xurisprudencia citada na CONCLUSIÓN 1.- existe a posibilidade de excluir conceptos tales como o beneficio industrial có que o importe a abonar podería ser inferior ao importe das facturas emitidas: (..../....)”

Comparte a que subscribe o criterio desfavorable da intervención municipal por canto non procede á aprobación das facturas, senón , unha vez firme en vía administrativa a declaración de nulidade, proceder – previa a acreditación polos servizos técnicos municipais da realidade das prestacións- á liquidación de acordo co disposto no artigo 42 1da LCSP(“1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido ”), pois nestes casos (declaración de nulidade), non se abona á factura, senón que se

restitúen ambas partes as cousas que recibiran, o que debe calcularse no expediente contradictorio que se tramite a estes efectos. Sobre a liquidación e o importe a abonar nos casos de declararse a nulidade dos actos de contratación verbal, comparte a que subscribe o exposto pola Interventora municipal no informe citado.

Á vista do sinalado, comparte esta secretaría o seu criterio desfavorable de intervención.

1.3.- No apartado 5 das conclusións, respecto da factura de MANU SPORTS CAMBRE,S.L. por importe de 528,23 €, sinalábase pola intervención , entre outras cousas, o seguinte:

*"(../...) Dacordo cós antecedentes que obran no expediente, emítese un **reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL** á aprobación da seguinte factura dado que o gasto que ampara non é de competencia municipal por canto se refire a un evento alleo ao Concello de Cambre e respecto do cal os propios técnicos municipais non lle deron a súa conformidade(../...)"*

Á vista do sinalado, comparte esta secretaría o criterio desfavorable de intervención.

Polo que antecede, comparte a que subscribe as consideracións primeira, terceira ,cuarta e conclusións do informe de intervención de data 19 de xanero de 2025 (CVD: pAV3lEnmbwmDJ+s1530n) que se dan por reproducidas .

Remítese tamén a que subscribe ao informado na nota informativa de secretaría 33/2024, de 15 de maio de 2024(CVD: 5DB2/svmEZewu8rn2wGu).

2.- En todo caso reitérase novamente o informado por esta Secretaría verbo da necesidade de proceder sen dilación á contratación das diversas prestacións regulares que. requira o Concello(considerando a excepcionalidade da contratación menor, os límites cuantitativos destes 40.000 euros para contratos de obras e 15.000 euros cando se trate de contratos de subministración ou de servizos-, a prohibición de fraccionamento dos contratos, a duración máxima dun ano dos contratos menores e a prohibición da súa prórroga, así como a improcedencia de acudir a esta modalidade para satisfacer necesidades previsibles e recorrentes), e sempre que se atope debidamente xustificada polo servizo correspondente a necesidade da contratación e o importe aproximado das prestacións, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei, debendo en todos os casos constar no expediente debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación así como a xustificación do prezo do mesmo.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:*"(../...)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.(../...)"*

O artigo 28.4 da LCSP establece a obriga das Administracións Públicas de programar a actividade de contratación nos seguintes termos:

"4. Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o periodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada."

A correcta planificación e programación da contratación pública constitúe un medio que, ademais de ser obrigatorio actualmente de conformidade co artigo 28 da LCSP, é crucial para evitar este tipo de situacións radicalmente ilegais que conlevan ademais o risco de que se faga un uso ineficiente dos recursos públicos.

Así o afirma a Axencia Valenciana Antifraude (Axencia de Prevención loita contra o fraude e a corrupción da Comunidade Valenciana) na Recomendación xeral “ *Planificación: herramienta clave para prevenir los riesgos de corrupción en las organizaciones*”, na cal sinala que é “*imprescindible que cada organización **planifique la manera de gastar los recursos públicos en beneficio de la comunidad, tratando así la contratación como inversión meditada y justificada***”, e que “*planificar los contratos **posibilitará su control interno** (especialmente el control financiero permanente) contribuyendo así a minimizar los riesgos de corrupción, sus **costes económicos y la ‘parálisis funcional’ al retrasar la ejecución de las prestaciones contratadas con la el consiguiente descrédito reputacional***”.

3.- Polo que respecta ás posibles responsabilidades das autoridades e funcionarios derivada das contratacións irregularidades, este extremo abórdase pola Interventora municipal no apartado 10 das conclusións do informe de data 18/12/2024, remitíndose tamén esta Secretaría ao informado verbalmente na sesión extraordinaria urxente da Comisión Informativa de Presidencia, Economía e Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá de data 16 de maio de 2024 que figura transcrito na acta da dita sesión.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, **infórmase desfavorablemente** o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos , a aprobación das facturas ás que se refire, e, polo tanto, a proposta da Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2025 (CVD: lZvxJ3GKbZGJbyBe0+tS).

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen explica a proposta.

Interven en a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Rodríguez López, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 14 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: 1+Lz7DwBbTyVG8uT6uOh).

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO VERBAL DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA PÚBLICA PRESTADO POLA EMPRESA “EMPREGO SOCIAL, S.L.”, DECLARADO NULO DE PLENO DEREITO POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE XULLO DE 2024

Acceso á videoacta – 00:25:32 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025 (CVD: tY6GjN7ZYe87102EwJ7x), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Proposta de recoñecemento de liquidación EMSO

Vistos os seguintes antecedentes:

1º- O 5 de febreiro de 2024 dítase resolución de alcaldía número 107/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio en relación co servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L.

2º- Sesión plenaria de 25.04.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 107/2024 de 5 de febreiro de 2024.

3º- Resolución de alcaldía número 536/2024 de 26 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. .

4º. Sesión plenaria de 20.05.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 2.106.930,04 euros na que se incluíron, entre outras as facturas emitidas pola EMPRESA EMPREGO SOCIAL correspondentes o servizo de tracto sucesivo e competencia municipal de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA correspondentes ós meses de maio a outubro de 2023, por un importe total de **167.833,38 €**.

Asemade, o citado acordo tamén contempla o seguinte “...*Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará avaliar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC...*”

5º- Ditame número CCG 218/2024 emitido o 19.06.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202490000001589) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. Dictame no que se fai constar que:

“Trasladando todas as consideracións anteriores ao procedemento sometido a ditame, a proposta de resolución remitida propugna a nulidade do acordo de adxudicación ditado con ausencia total do procedemento previsto na normativa de aplicación, artigo 47.1.e) da LPAC, por infracción do previsto no artigo 37 da LCSP, que prohibe as contratacións verbais fóra dos casos de emerxencia, e tamén do previsto no artigo 173.5 do Real decreto lei 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 39.2.b) da LCSP, que considera causa de nulidade de pleno dereito nos contratos a carencia ou insuficiencia de crédito.

O informe da secretaria, a proposta da Intervención, e as resolucións da Alcaldía (tanto a de inicio coma o acordo de remisión do expediente a este órgano) constatan a total inexistencia de procedemento de licitación e de acto formal

de adxudicación, e o carácter verbal da encomenda. A propia empresa recoñece nas súas alegacións a existencia dunha situación irregular do servizo, sen prexuízo de invocar que en todo momento actuou de boa fe.

Do exposto pode concluírse de forma manifesta e evidente e sen gran esforzo argumental, a ausencia total do procedemento legalmente establecido, sen que sexa preciso analizar polo miúdo os trámites establecidos na normativa de contratación. Abonda con indicar que, de acordo co citado artigo 37 da LCSP, as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia. No mesmo sentido, das alegacións da mercantil e do resto dos informes obrantes no expediente, resulta unha conformidade neste extremo.

En consecuencia, o xuízo deste órgano consultivo é favorable á revisión de oficio proposta polo concello”

6º. Informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 10.07.2020 (CVD: vwxo0omDjMwjsV1ydHE5) en relación á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L

7.º- Nota informativa da secretaria accidental do día 18.07.2024 (CVD: SupYqtfcTGsXdaiLDidx).

8.º- Sesión plenaria de 31.07.2024 (apartado 2.2) na que se acorda declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L así como continuar coa prestación do servizo nos mesmos termos que se viña desempeñando, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade

9.º- Sesión plenaria de 31.07.2024 (apartado 2.5) pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 1.197.610,83 euros no que se incluíron, entre outras, as facturas emitidas pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. correspondentes ao servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA polos meses de novembro e decembro de 2023, ascendendo a un total de **55.944,46 €**.

Asemade, ao abeiro do apartado Terceiro do citado acordo “...Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará avaliar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC...”

10.º- Providencia desta alcaldía de 22.07.2024 pola que se solicita “Se proceda a incoar os expedientes oportunos para determinar a indemnización que proceda pagar ás diferentes empresas que están prestando servizos, onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal”.

11.º- Expediente tedec número 2024/T003/002571 denominado *EXPEDIENTE LIQUIDACIÓN EMPREGO SOCIAL, S.L. COMO CONSECUENCIA DE LA DECLARACIÓN DE NULIDAD DEL CONTRATO VERBAL EN BASE AL CUAL SE EMITIERON LAS FACTURAS*, aperturado pola interventora municipal o 24.07.2024.

12.º- Informe do Jefe en funciones de la Sección de Servicios có asunto *INFORME COMPLEMENTARIO al Expediente TEDEC nº. 2024/T003/0025721 Expediente liquidación EMPREGO SOCIAL S.L como consecuencia de la declaración de nulidad del contrato verbal en base al cual se emitieron las facturas*, asinado o 20.09.2024(CVD: 7FauTITIN24IT83gotr8):

“(...)En respuesta a la solicitud del departamento de Intervención y en base a los informes justificativos de las prestaciones efectuadas, al que se refiere el artículo 28.2.c del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno de las entidades del Sector Público Local. Servicio de limpieza viaria pública del Ayuntamiento de Cambre - EMPREGO SOCIAL S.L. emitidos por el Ingeniero de Caminos Municipal - Jefe de la Sección de Servicios, D. Oscar Souto Muiño, en relación con los expedientes de facturas correspondientes al Servicio de limpieza viaria pública del Ayuntamiento de Cambre, se informa lo siguiente:

En las conclusiones de los informes justificativos de las prestaciones efectuadas de referencia se indicaba:

1. *Las facturas objeto de los informes justificativos de las prestaciones efectuadas (a la espera que se nombre un Responsable del Contrato con independencia de la unidad encargada del seguimiento y ejecución ordinaria del contrato que figure en los pliegos (artículo 62 de LCSP), relativas al Servicio de limpieza viaria, han sido informadas en su momento por dicho técnico (constan en los respectivos expedientes TEDEC).*

Así mismo en los informes justificativos de las prestaciones efectuadas de referencia en el apartado de A)

Descripción detallada del gasto, se indica en relación a la correlación entre las facturas emitidas y la documentación aportada por la empresa:

“..De todas formas, subsidiariamente se sigue aplicando el PPTP y PCAP del contrato del servicio firmado el 08/01/2007, en lo que corresponde a la parte técnica, no en la parte económica ya que el importe del contrato se ha variado, la empresa EMPREGO SOCIAL S.L. presenta una factura mensual, acompañando informes semanales y de un informe mensual donde se detallan el número de días de trabajo, el personal que lo desempeñó y los lugares donde se ha desarrollado...”

2. El Servicio de Limpieza Viaria es un servicio competencia del ayuntamiento de conformidad con el artículo 25 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Régimen Local. El artículo 26 establece que todos los municipios, sin distinción de la población, deberán prestar, en todo caso, el servicio de limpieza viaria. Señalando “Se desconoce porque se ha podido producir la omisión de la función interventora, una vez finalizado el contrato, lo que se puede afirmar es que desde esta jefatura de sección no se ha dado ningún tipo de orden ni verbal ni escrita para que se siguiera prestando el servicio, se supone que la empresa ha seguido prestando el servicio por una orden verbal de los sucesivos alcaldes y/o concejales delegados de servicios, entendemos, que con el fin de que el Ayuntamiento pueda realizar su prestación, debido a la necesidad ineludible de continuar llevando a cabo el servicio por ser competencia del Ayuntamiento su prestación obligatoria.”
3. No existe constancia de que las prestaciones correspondientes a las facturas objeto de los informes justificativos de las prestaciones efectuadas no se realizasen efectivamente, puesto que no constan en esta sección ni incidencias ni quejas de importancia (punto B, informes justificativos de las prestaciones efectuadas).
4. A pesar de la caducidad administrativa del contrato, se indica que el importe mensual facturado es coherente con la documentación justificativa de costes del servicio de limpieza viaria presentada por la empresa y con precios mercado con los medios humanos y materiales actuales (punto C, informes justificativos de las prestaciones efectuadas).
5. Por lo tanto, el técnico que suscribe, en base a lo anteriormente expuesto, se remite a lo ya informado por el Ingeniero de Caminos Municipal, Jefe de la Sección de Servicios, respecto a la efectividad de la prestación facturada.
6. Por otra parte este técnico quiere dejar constancia de que no existió participación ni en la decisión de mantener en precario a la empresa, ni en la elección de la empresa, ni en la negociación (si es que la hubo) de los precios facturados actuales y que se encontraba en situación de incapacidad temporal durante el período de ejecución de este tipo de servicio.
7. Lo que se informa técnicamente a los efectos oportunos (salvo vicio oculto), sin perjuicio de lo que deban informar otros departamentos.(...)”

13.º- Listado de facturas emitidas por EMPREGO SOCIAL S.L en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA dos meses de xaneiro a xullo 2024 (ambos inclusive), por un importe total de **195.805,61 €**

14.º- Informe de intervención referencia LMR LIQUIDACIÓN EMPREGO SOCIAL- 1/2025 asinado o 19.01.2025 có asunto *informe relativo ás premisas a ter en conta polo órgano xestor no procedemento de cálculo do importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. (CVD: TftUdJP0Fbieqt8icopu).*

15.º- Proposta de recoñecemento de liquidación a Emprego Social SL, asinada pola alcaldesa o 06.02.2025 (CVD: uVgC3ZsiuKjKNdjmMotT):

“Asunto: Proposta de recoñecemento de liquidación EMSO

Antecedentes:

1º- O 5 de febreiro de 2024 dítase resolución de alcaldía número 107/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio en relación co servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L.

2º- Sesión plenaria de 25.04.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 107/2024 de 5 de febreiro de 2024.

3º- Resolución de alcaldía número 536/2024 de 26 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. .

4º. Sesión plenaria de 20.05.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 2.106.930,04 euros na que se incluíron, entre outras as facturas emitidas pola EMPRESA EMPREGO SOCIAL correspondentes o servizo de tracto sucesivo e competencia municipal de LIMPIEZA VIARIA PÚBLICA correspondentes os meses de maio a outubro de 2023, por un importe total de 167.833,38 €.

Asemade, o citado acordo tamén contempla o seguinte“...Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará evaluar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC...”

5º- Ditame número CCG 218/2024 emitido o 19.06.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202490000001589) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. Dictame no que se fai constar que:

“Polo tanto, a competencia deste órgano consultivo limitase a analizar a procedencia formal e material da revisión de oficio e, en consecuencia, quedará fóra do ditame calquera outra consideración que exceda desta institución. Porén, á vista do expediente, e da proposta de resolución, é preciso realizar, obiter dicta, unha serie de consideracións en relación coa duplicidade de procedementos administrativos tramitados aparentemente co mesmo obxectivo.

Como vai dito nos antecedentes, nos informes e documentación incorporada ao expediente de revisión, faise tamén referencia á tramitación dun recoñecemento extraxudicial de crédito co obxecto de pagar as cantidades debidas á empresa como consecuencia da prestación do servizo. Este órgano consultivo xa ten manifestado, precisamente a instancia do Concello de Cambre (CCG 78/20231), dunha banda, que, como consecuencia dunha declaración de nulidade contractual, é perfectamente posible recoñecer “a indemnización do abono ao contratista do ‘valor’ da súa prestación, conforme ao previsto no art. 42.1 da LCSP, con indemnización á parte non culpable dos danos e perdas que sufrira” Doutra banda, cando a Administración aprecie que son de aplicación os límites do artigo 110 da LPAC ou cando, atendendo ao informe do órgano interventor previsto no artigo 28 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, non se considere procedente o inicio do procedemento de revisión de oficio, cabería acudir ao recoñecemento extraxudicial de crédito

Pero, cando menos desde a perspectiva dos principios de celeridade e eficacia que deben rexer a actuación administrativa (artigo 103 da Constitución Española), tramitar un recoñecemento extraxudicial e posteriormente, un procedemento de revisión de oficio, non parece seguir unha lóxica xurídica, dando lugar a unha duplicidade innecesaria de procedementos, cando mediante calquera deles se pode acadar o mesmo obxecto e finalidade, é dicir, declarar a nulidade do acto de contratación e recoñecer, se é o caso, a indemnización debida ao contratista.”

6º. Informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 10.07. en relación á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L

7.º- Nota informativa da secretaria accidental do día 18.07.2024.

8.º- Sesión plenaria de 31.07.2024 (apartado 2.2) na que se acorda declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA

VIARIA PÚBLICA prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L así como continuar coa prestación do servizo nos mesmos termos que se viña desempeñando, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade

9.º- *Sesión plenaria de 31.07.2024 (apartado 2.5) pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 1.197.610,83 euros no que se incluíron, entre outras, as facturas emitidas pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L. correspondentes ao servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA polos meses de novembro e decembro de 2023, ascendendo a un total de 55.944,46 €.*

Asemade, ao abeiro do apartado Terceiro do citado acordo "...Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará evaluar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC..."

10.º- *Providencia desta alcaldía de 22.07.2024 pola que se solicita "Se proceda a incoar os expedientes oportunos para determinar a indemnización que proceda pagar ás diferentes empresas que están prestando servizos, onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal".*

11.º- *Expediente tedec número 2024/T003/002571 denominado EXPEDIENTE LIQUIDACIÓN EMPREGO SOCIAL, S.L. COMO CONSECUENCIA DE LA DECLARACIÓN DE NULIDAD DEL CONTRATO VERBAL EN BASE AL CUAL SE EMITIERON LAS FACTURAS, aperturado pola interventora municipal o 24.07.2024.*

12.º- *Informe do Jefe en funciones de la Sección de Servicios có asunto INFORME COMPLEMENTARIO al Expediente TEDEC nº. 2024/T003/0025721 Expediente liquidación EMPREGO SOCIAL S.L como consecuencia de la declaración de nulidad del contrato verbal en base al cual se emitieron las facturas, asinado o 20.09.2024:*

"(...)Por lo tanto, el técnico que suscribe, en base a lo anteriormente expuesto, se remite a lo ya informado por el Ingeniero de Caminos Municipal, Jefe de la Sección de Servicios, respecto a la efectividad de la prestación facturada.

Informe de 15.12.2023 no que se fai constar ó seguinte en canto á efectiva prestación do servizo :

De todas formas, subsidiariamente se sigue aplicando el PPTP y PCAP del contrato del servicio firmado el 08/01/2007, en lo que corresponde a la parte técnica, no en la parte económica ya que el importe del contrato se ha variado, la empresa EMPREGO SOCIAL S.L. presenta una factura mensual, acompañando informes semanales y de un informe mensual donde se detallan el número de días de trabajo, el personal que lo desempeñó y los lugares donde se ha desarrollado.

Desde el punto de vista del técnico que suscribe, a la vista de todo lo indicado anteriormente, no existe constancia de que las prestaciones correspondientes a las facturas objeto de este informe no se realizasen efectivamente, puesto que no constan en esta sección ni incidencias ni quejas de importancia..."

E o seguinte en canto o prezo:

"Se ha realizado un pequeño borrador de estudio económico para el nuevo contrato del servicio, documento, cuya redacción no corresponde a esta sección, pues es suficientemente complejo y requiere de una gran especialización técnica (convenios colectivos de aplicación, subrogaciones, amortizaciones, renting, etc), por lo que habitualmente la memoria económica de este tipo de servicios se realizan en un documento aparte, redactados por economistas y/o licenciados en derecho, por lo que se propone contratarlo externamente, con el fin de garantizar una buena prestación del futuro servicio. Dicho lo cual, en este borrador de valoración económica, se puede apreciar que los costes laborales, de explotación y amortización, se encuentran en la línea de los contenidos en el mencionado documento presentado por la empresa con fecha 02/11/2022, denominado "Justificación costes Servicio limpieza viaria del Concello de Cambre, fecha: 28/10/2022", con el incremento correspondiente al incluir una fregadora mecánica con conductor para la limpieza de aceras..."

En cada uno de los informes mensuales a estas facturas emitidos hasta la fecha por el técnico que suscribe, que constan en el expediente de facturación TEDEC correspondiente y a los cuales me remito, y visto el documento de justificación de costes presentada por la empresa el 02/11/2022, se concluye: "... Dicho lo cual, el precio facturado se corresponde en un 84,01 % a salarios, un 14,82 % a costes de explotación y un 1,17 % a Amortizaciones. De hacer a día de hoy un nuevo PPTP, y si el contrato se reservase a Centros Especiales de Empleo, los importes, con ese número de empleados y con esos medios materiales y maquinaria (muchos de ella amortizada) serían similares a los facturados por el contratista".

Dicho lo cual se puede entender que los precios se ajustan a mercado (con los medios humanos y materiales empleados a día de hoy), si bien, si se sacase a licitación un nuevo contrato los precios podrían ser superiores, dependiendo sobre todo del número trabajadores, frecuencias, superficies, horarios, maquinaria, etc. Serán las empresas que participen en la futura licitación las que indicarán su precio ofertado, con sus bajas económicas correspondientes, para intentar obtener la adjudicación y por tanto las que fijarán un precio de mercado".

13.º- Listado de facturas emitidas por EMPREGO SOCIAL S.L en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA dos meses de xaneiro a xullo 2024 (ambos inclusive), por un importe total de 195.805,61 €.

14.º. Informe emitido pola intervención municipal, de data 19 de xaneiro 2024, no que se indica que: "este informe emítese aos efectos de poñer en coñecemento da alcaldía os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar a EMPREGO SOCIAL S.L en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA" e que despois dunha serie de consideracións xurídicas fai constar o seguinte:

"De conformidade có artigo 42 da LCSP, a declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA acordada polo Pleno na sesión do 31.07.2024 implica que o importe a percibir pola mercantil EMPREGO SOCIAL, SL corresponderase có valor da prestación efectuada, é dicir, có custo real pero non coas demais compensacións típicas dun contrato validamente celebrado, por canto, o empresario debe quedar indemne mais non pode obter un lucro equivalente ao dun contrato válido.

Para calcular o importe da liquidación a abonar á mercantil afectada pola declaración de nulidade dun contrato administrativa é preceptivo, como en toda fase contable de recoñecemento de obrigas con cargo a fondos públicos, acreditar documentalmente a efectiva realización da prestación o cal, no caso do Concello de Cambre e tal e como dispón a base 23ª das de execución do orzamento municipal, exixirá que as facturas contén coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente (para acreditar a recepción de conformidade) así como a sinatura do técnico municipal ou persoal competente (para acreditar a correcta execución).

Polo tanto:

1. Tal e como detallei na consideración xurídica Segunda, as facturas correspondentes ao servizo limpeza viaria dos meses de maio 2023 a outubro 2023 (ambos inclusive) están asinadas polo alcalde ou concelleiro delegado pero carecen da sinatura do técnico municipal competente polo que non estaría acreditada a correcta execución e, polo tanto, tampouco o dereito da mercantil EMPREGO SOCIAL SL á percepción do importe correspondente. En consecuencia, o importe de tales servizos (167.833,38 €, os cales xa foron abonados por acordo plenario de 20.05.2024 a pesar dos reparos suspensivos (216.2.c e 216.2.d TRLFL) emitidos por esta intervención) non debería formar parte do importe da liquidación senón ser reintegrado ao concello (téñase en conta que no propio acordo plenario consta Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará evaluar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC).

2. Con respecto ás facturas correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2023 (55.944,46 €, os cales xa foron abonados por acordo plenario de 31.07.2024 a pesar dos reparos suspensivos (216.2.c TRLFL) emitidos por esta intervención) e aos meses de xaneiro a xullo 2024 (ambos inclusive por importe de 195.805,61 €), se ben si conteñen as sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal, os informes técnicos non son concluíntes polo que a efectos da súa inclusión no importe da liquidación a favor de EMPREGO SOCIAL, SL o órgano xestor debe actuar coas debidas cautelas. Únicamente se pide que o técnico municipal informe se os servizos están o non realizados, é dicir, só caben dous opcións: ou están realizados ou non o están. Esta falta de claridade o único que consegue é sembrar dúbidas a esta intervención a cerca da correcta realización dos traballos facturados. Reitero a necesidade de acreditar a realidade da prestación facturada pois a corrección do prezo e a súa adaptación ao mercado é consecuencia directa desta, é dicir, a pregunta é simple: unha vez rematado o período contractual ¿realmente se estiveron a executar as prestacións nos mesmos termos e amplitude?. É aquí o quid da cuestión por canto se a resposta fose negativa e se estiveron a executar menos prestacións que as contratadas, o feito de tomar como referencia o prezo de adxudicación non garante que éste sexa igual ou inferior ao actual prezo de mercado.

Asemade, de conformidade coas sentenzas e ditames citados na consideración xurídica terceira, o abono ou non do beneficio industrial é unha cuestión que haberá de analizarse ao abeiro das circunstancias particulares de cada caso de xeito que se non concurre boa fe por parte do “contratista” o procedente será detraer o beneficio industrial do importe a abonar en concepto de liquidación. EMPREGO SOCIAL, SL é unha empresa dunha certa entidade e que presta servizos no eido da administración pública previa licitación tal e como se depende dos datos que constan na plataforma de contratación do Estado polo que non pode apreciarse boa fe por parte de quen coñece que está obrando á marxe do dereito. En consecuencia, non procedería a inclusión do beneficio industrial no importe da liquidación a favor de EMPREGO SOCIAL, SL polo que haberá que restar desta a cantidade que resulte de aplicar o 6% á base impositiva de cada unha das facturas dos meses de novembro 2023 a xullo 2024 (ambas inclusive, as únicas que contan coas sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal).

Polo que respecta á indemnización de danos e prexuízos, o art. 42 LCSP esixe que haxa unha parte non culpable que sexa a que a reciba da parte culpable. Con todo, no caso que nos ocupa as dúas partes coñecían o procedemento adecuado pois é público e notorio que a lexislación española ha vido prohibindo desde hai moitas décadas a contratación verbal ás Administracións. Polo tanto o “contratista” coñecía os principios básicos da normativa contractual e non podía ignorar a irregularidade dunha contratación verbal motivo polo cal non cabería indemnización de danos e prexuízos.

O presente informe emítese aos efectos de indicar á alcaldía os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar a EMPREGO SOCIAL S.L en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado LIMPEZA VIARIA PÚBLICA.

En todo caso, unha vez determinado o importe da liquidación será preceptiva a previa audiencia a EMPREGO SOCIAL S.L por un prazo non inferior a 10 días hábiles a efectos de que poida alegar o que considere convinte na defensa dos seus intereses”.

CONSIDERANDOS:

Primeiro. Consideracións previas sobre as actuacións desenroladas polo equipo de goberno respecto dos servizos esenciais competencia do Departamento de Obras e Servizos.

Previamente temos que sinalar que, a pesares de que no informe de emitido pola Interventora Municipal indicase que a súa emisión responde a poñer en coñecemento os aspectos a ter en conta para a determinación da contía que correspondería abonar a EMPREGO SOCIAL, S.L. en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal de Limpeza Viaria Pública, o final do primeiro considerando faise constar o seguinte:

“Por outra banda, o citado artigo prevé que se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público se poida dispoñer, no mesmo acordo no que se declara a nulidade, a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, agora ben, unicamente se permite ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo. Advirto por escrito que NON teño constancia de trámite posterior algún ao meu informe referencia LMR CONTINUIDADE EMPREGO SOCIAL/ 2024 asinado o 17.07.2024 situación que podería amosar unha falta de dilixencia por parte dos responsables políticos dado que neste tempo si foron sometidos a informe e licitados ou en proceso de licitación outros expedientes de contratación como son: SUBMINISTRACIÓN DE LIÑAS, CADROS ELÉCTRICOS TEMPORAIS E RESTANTES ELEMENTOS PARA PROPORCIONAR ENERXÍA E ILUMINACIÓN AOS ESPAZOS DE CELEBRACIÓN DA VII ROMARÍA GALAICO ROMANA – GALAICOI (2024/C005/000005); XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2024 (2024/C004/000010), OPEN SCIENCE CAMBRE 2024 (2024/C005/000009), CABALGATA INFANTIL DE REIS MAGOS A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2025 (2024/C004/000023) ou a XVI XUNTANZA DO MAIOR 2024/C004/000012, os cales non están referidos a servizos municipais obrigatorios.”

En relación con esta cuestión temos que sinalar que o departamento de obras e servizos dos que depende o devandito contrato de servizo de limpeza viaria pública, que ten de baixa ao xefe de departamento dende fai meses, traballa nos expedientes de contratación de varios servizos esenciais en precario como é o de limpeza das instalacións municipais, mantemento de zonas verdes, abastecemento de gasóleo, contratación das obras financiadas con subvencións da deputación, e tramitación do contrato de emerxencia de limpeza dos colexios municipais e centro de saúde, previa declaración de emerxencia sanitaria. Así como colaborando coa asistencia técnica externa para a elaboración do prego do contrato de abastecemento de auga e sumidoiros.

Isto e singularmente relevante non só para poñer fin a situación de precariedade deste servizo básico, senón tamén para solucionar unha das cuestións manifestadas reiteradamente nos informes emitidos polos técnicos municipais da Sección de Servizos, que teñen encomendada a función de supervisar o servizo prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL., como son as dificultades de controlar axeitadamente a eficacia do servizo prestado, a periodicidade, o persoal empregado e horas dedicadas ó mesmo, etc. por: no contar con todos os mecanismos necesarios para un axeitado control dos servizos, incluíndo nos pregos reguladores dos contratos cláusulas suficientemente precisas sobre o control e as obrigas dos adxudicatarios; fomentar a avaliación dos servizos, en base a indicadores y estándares previamente coñecidos, obxectivos e de carácter homoxéneos, para permitir comparación; aplicacións o unha plataforma informática específica para o seguimento dos servizos, etc.

Segundo. Xustificación dos servizos prestados a que responden as facturas aprobadas mediante REC.

Con respecto as facturas correspondentes a LIMPEZA VIARIA PÚBLICA, mensualidades de maio de 2023 a outubro de 2023 (ambos inclusive), aprobadas mediante REC no acordos plenario de 20 de maio de 2024 (167.833,38 €), a pesar do criterio mantido pola interventora nas conclusións do seu informe, en canto a que procedería o seu reintegro pola entidade EMPREGO SOCIAL, S.L., polo feito de que non aparece a sinatura do técnico municipal competente (si a do Alcalde ou Concelleiro Delegado), o que acreditaría, segundo o seu parecer, que non esta acreditada a correcta execución do mesmo, non podemos compartir tal conclusión por múltiples razóns:

1º) Tal e como se consigna nos antecedentes, todas as facturas correspondentes a esas mensualidades si que se acompañan dun informe do técnico competente onde faise constar que, a pesares das condicións nas que tense que informar xa referidas con anterioridade (prego técnico non actualizado, oferta do adxudicatario que permita un mellor seguimento, falta de recursos humanos, etc.), o servizo ten continuado prestándose a pesar da situación de precariedade do contrato, sen existir incidencias o queixas de importancia rexistradas na referida Sección, a descrición do gasto e coherente co importe consignado, acompañando o contratista informes semanais e un informe mensual onde se detalla o número de días de traballo, o persoal que o desempeñou e os lugares onde se ten desenvolvido; polo que estaría acreditada, cos medios de que se dispón,

a correcta execución do servizo, o que permitiu a súa inclusión nos referidos recoñecementos extraxudiciais de crédito.

2º) Tratándose dun servizo de tracto sucesivo que leva nesta situación desde o ano 2017, o indicado sistema de control que teñen os técnicos da sección de Servizos á que corresponde a competencia para verificar a correcta prestación do servizo de limpeza viaria pública, coas limitacións descritas (técnicas e de recursos humanos) tense considerado un sistema de supervisión válido por outros interventores municipais que han informado con anterioridade as facturas correspondentes a este servizo.

3º) Entender non acreditada a prestación de servizo pola falta da firma do técnico municipal na propia factura (cando no informe técnico que se acompaña á factura se consignan claramente as circunstancias polas que se prefire aclarar o procedemento ou sistema de control, limitacións e condicionantes cos que se chega a conclusión de efectiva prestación de servizo, en vez da mera subscrición dunha firma na factura correspondente), semella completamente precipitado e desproporcionado, fronte as actuacións de supervisión que ten podido facer os técnicos municipais cos medios de que dispón e a documentación que examinaron, e implicaría, ademais, unha sorte de revisión de oficio dos propios acordos firmes de recoñecemento extraxudicial de créditos aprobados en sesión plenaria, que non está prevista no noso ordenamento.

4º) Non pode ampararse a referida conclusión dos servizos de intervención municipal para esixir a devolución íntegra das facturas e aprobadas polos REC's no inciso incluído nos referidos acordos plenarios de aprobación, sinalando que "Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará avaliar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC...", por canto o referido inciso ten por finalidade "equilibrar" o pagado co resultado da indemnización, cando o resultado da liquidación que deriva da revisión de oficio, amosase necesario excluír algún dos conceptos que o integran (como é o beneficio industrial, tal e como se analizará mais adiante) pero en ningún caso esa devolución íntegra, como si o servizo non se tivera prestado: nese caso o procedente sería ter excluído as facturas presentadas do REC, por non terse prestado o servizo facturado.

Terceiro. Xustificación dos servizos prestados a que responden as facturas emitidas unha vez declarada a nulidade do contrato.

Con respecto as facturas correspondentes ao servizo de LIMPEZA VIARIA PÚBLICA dos meses de novembro e decembro de 2023 (incluídas no REC aprobado en sesión plenaria de 31.07.2024, por importe de 55.944,46 €) e aos meses de xaneiro a xullo de 2024 (por importe de 195.805.61 €), se ben o informe emitido polos servizos de intervención municipais sinala que si ben conteñen as sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal, engade que os informes técnicos non son concluíntes polo que a efectos da súa inclusión no importe da liquidación a favor de EMPREGO SOCIAL, SL polo que advirte ó órgano xestor que debe actuar coas debidas cautelas, realizando as seguintes consideracións:

"Únicamente se pide que o técnico municipal informe se os servizos están o non realizados, é dicir, só caben dous opcións: ou están realizados ou non o están. Esta falta de claridade o único que consegue é sembrar dúbidas a esta intervención a cerca da correcta realización dos traballos facturados. Reitero a necesidade de acreditar a realidade da prestación facturada pois a corrección do prezo e a súa adaptación ao mercado é consecuencia directa desta, é dicir, a pregunta é simple: unha vez rematado o período contractual ¿realmente se estiveron a executar as prestacións nos mesmos termos e amplitude?. É aquí o quid da cuestión por canto se a resposta fose negativa e se estiveron a executar menos prestación que as contratadas, o feito de tomar como referencia o prezo de adxudicación non garante que éste sexa igual ou inferior ao actual prezo de mercado."

Evidentemente, o feito de que se faga unha pregunta "simple" non significa que a resposta poida ser sinxela, tal e como se reclama desde o servizos de intervención municipal, por canto, como teñen reiteradamente sinalado os técnicos competentes para a devandita supervisión, solo con un prego de prescricións técnicos debidamente actualizados e unha oferta do licitador na que, en virtude dos pregos aprobados, se lle vincule a

uns determinados obxectivos, o cumprimento de determinados parámetros, a realización de supervisión e inspeccións periódicas, o establecemento de enquisas de calidade, o subministro de información periódica ó concello, a elaboración e presentación de auditorías externas do servizo, etc. poderíase facer un control rigoroso do referido servizo básico, e contestar da forma “concluínte” que se require polos servizos de intervención municipal.

Esta Alcaldía actúa con todos medios de que dispón e con todas as cautelas necesarias, adoptando as medidas que se describen na Consideración Xurídica Segunda do informe da interventora municipal: aprobando unha nova distribución das áreas de goberno, con una concellería delegada que se faga cargo, entre outras materias, do seguimento dos servizos municipais; cubrindo cos medios humanos de que dispón o Concello na súa plantilla as funcións do Xefe de Sección de Servizos (que ten a competencia para a supervisión dos servizos prestados polas empresas para o Concello), ante a súa dilatada ausencia por incapacidade temporal; ante a insuficiencia de medios humanos no Concello, promover as modificacións precisas na RPT para poder dotar de mais persoal no departamento que te encomendado os expedientes de contratación; i, en particular, dar instrucións para que a nova configuración da prestación do referido servizo solvente, en especial, as necesidades manifestadas polos técnicos municipais en canto a que a súa configuración permita o seguimento, control e inspección da prestación do servizo do xeito mais áxil, completo, rigoroso i exhaustivo posible.

O que esta Alcaldía non pode é esixir os seus técnicos coma teñen que facer o seu traballo, cal e contido concreto que teñen que ter os informes, e como deben reflexar as súas conclusións; sen que as Bases dos Presupostos esixan tampouco un contido concreto para o informe que teña que elaborar os técnicos supervisores respecto dos gastos superiores a 5.000 euros.

Cuarto. Determinación da contía da indemnización a satisfacer como liquidación do contrato como consecuencia da súa declaración de nulidade tendo en conta os aspectos sinalados no informe de intervención municipal.

Tal e como se sinala no informe emitido a interventora municipal:

“Asemade, ao abeiro das sentenzas e ditames citados na consideración xurídica terceira, o abono ou non do beneficio industrial é unha cuestión que haberá de analizarse ao abeiro das circunstancias particulares de cada caso de xeito que se non concurre boa fe por parte do “contratista” o procedente será detraer o beneficio industrial do importe a abonar en concepto de liquidación. EMPREGO SOCIAL é unha empresa dunha certa entidade que presta servizos no eido no eido da administración pública previa licitación tal e como se deprende dos datos que constan na plataforma de contratación do Estado polo que non pode apreciarse boa fe por parte de quen coñece que está obrando á marxe do dereito. En consecuencia, non procedería a inclusión do beneficio industrial no importe da liquidación a favor de EMPREGO SOCIAL, SL polo que haberá que restar desta a cantidade que resulte de aplicar o 6% á base impositible de cada unha das facturas dos meses de novembro 2023 a xullo 2024 (ambas inclusive, as únicas que contan coas sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal)”.

Pois ben, tendo en conta a doutrina sentada polas sentenzas e ditames citados na referida consideración xurídica terceira e as circunstancias particulares do presente caso, temos que chegar a conclusión de que non é procedente detraer o beneficio industrial do importe a abonar en concepto de liquidación.

Tal e como se reflexa no informe do Xefe da Sección de Servizos de data 15 de decembro de 2023:

“Con fecha 07/01/2017 la empresa EMPREGO SOCIAL S.L. finalizó su contrato del servicio de limpieza pública en el municipio de Cambre (duración total del contrato 10 años: 7 años+3 prórrogas). A partir de esta fecha, la misma empresa ha seguido prestando el servicio primero por orden de la concejala del Área de Servicios y luego por orden del alcalde, debido a la necesidad ineludible de continuar llevándolo a cabo por ser competencia del Ayuntamiento su prestación obligatoria, de conformidad con los artículos 25 y 26 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Régimen Local y modificaciones posteriores.”

E dicir, o contratista sigue prestando o servizo dun contrato caducado, a iniciativa e seguindo as instrucións da Administración contratante, configurándoo como unha situación transitoria en tanto non se procedera a adxudicación do novo contrato.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 2021 (recurso núm. 7071/2021) a que se refire a interventora no seu informe (e xa citada en informes anteriores) basea a súas consideracións na doutrina establecida por sentencias como a do Tribunal Supremo de 12 de maio de 2008 (Rec. 478/2007), sobre as obras feitas por un concesionario que non foron ordenadas nin acordadas por la Administración concedinte, e que o concesionaria solicitase a súa realización e aprobación antes de executalas.

Por iso, baseándose na doutrina establecida noutras sentencias do Tribunal Supremo, referidas o enriquecemento sen causa nesta materia, o TS pon de releve que debe corrixirse tal desequilibrio cando se trate de "prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración."

Considerando que deben incluírse como procedente a aplicación da doutrina de enriquecemento sen causa "también una prorróga no pactada aunque si prestada de buena fe por la contratista siguiendo órdenes de la administración (sentencia 13 de julio de 1984)".

Polo que, atendendo ó referido criterio no caso que nos ocupa, a conclusión é que debe apreciarse boa fe por parte do contratista, dado que a iniciativa, a vontade de contratación (inda que fora irregular) e as instrucións teñen partido sempre da Administración contratante.

E, seguindo esta doutrina, no suposto analizado pola referida sentenza do TSJ de Galicia de 12 de novembro de 2011 chégase a conclusión da concorrencia da mala fe do contratista porque las circunstancias particulares que rodean aquela contratación son moi distintas do caso que nos ocupa: as supostas instrucións corren a cargo dun empregado do concello (que non parecen tampouco probadas) non polo responsable político (ó que non se chama a declarar), os técnicos informantes non poden acreditar que o servizo se tivera prestado i en todo caso, que de ter existido, o seu prezo e moi superior os de mercado, etc. Circunstancias que levan a conclusión da existencia de mala fe no contratista.

Na sentenza do Tribunal Supremo núm. 4480/2023, de 17 de outubro, citada no informe de intervención, e reproducida parcialmente no mesmo, se indica:

"3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una nueva exigencia , a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia, con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa

Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el desequilibrio "ha de estar constituido por prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración"

Circunstancias que non concorren no caso que nos ocupa, onde as prestacións obxecto de análise non se deben a iniciativa do particular, se non que teñen orixe en feitos dimanantes da propia Administración, que xeneraron a confianza de que lle incumbía seguir prestando o servizo de abastecemento de agua e sumidoiros.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura núm. 182/2023, de 16 de febreiro (rec. 361/2022), tamén reproducida parcialmente no informe de intervención, refírese a prestación de servizos informáticos incorporados ós Sistemas de Información de Dependencia de Extremadura nun período en que xa non estaba en vigor un contrato administrativo, na que se indica o seguinte:

“Ahora bien, estamos ante un supuesto de hecho donde se comprueba la continuada relación entre la empresa demandante y la Junta de Extremadura, la cual se desarrolló de manera habitual mediante los correos electrónicos realizados entre la empresa y los órganos administrativos de la Junta de Extremadura. La amplia prueba documental presentada por la parte demandante acredita que la sociedad recurrente y los órganos administrativos estuvieron en constante comunicación mediante la remisión de correos electrónicos sobre las vicisitudes de los servicios y también sobre el pago de los mismos.

Destacamos los correos electrónicos remitidos por la empresa al Subdirector de Tecnologías y Sistemas de Información del Servicio Extremeño de Salud y en su día responsable técnico del servicio. En dichos correos, la empresa pone de manifiesto que está pendiente del pago de los servicios e interesa que la Administración solucione dicho problema. Los mismos se remitieron al órgano técnico responsable, ponen de manifiesto la voluntad de reclamar por los servicios prestados por la empresa demandante, se realizaron dentro de una relación continuada entre la empresa y los órganos administrativos donde las comunicaciones por correo electrónico eran la forma habitual de comunicación y demuestran la buena fe existente por parte de la sociedad actora que en todo momento prestó el servicio con la aceptación de los órganos administrativos que no consta que mantuvieran una posición contraria al pago de los mismos o que remitieran de manera expresa a la parte actora a la presentación de una reclamación administrativa a través del registro administrativo”.

Sinalándose mais adiante o seguinte:

“También tenemos en cuenta que se trata de un supuesto donde la parte actora prestó el servicio con el consentimiento evidente de la Administración al ser necesaria la continuación del servicio por tratarse de una prestación esencial en el desarrollo de sus competencias.

En modo alguno se aprecia que la parte demandante incurriera en mala fe o quisiera beneficiarse de la contratación irregular, sino que prestó el servicio en atención a la petición y necesidades de la Administración....”

Asimismo, a doctrina xurisprudencial del Tribunal Supremo cuando ha analizado supuestos similares se inclina por el abono del beneficio industrial siempre que se comprueba que el contratista tuvo buena fe, como sucede en este caso.

Polo que, despois de reproducir a doctrina xurisprudencial que tamén reproduce a Interventora no seu informe chega a seguinte conclusión:

“Todas estas circunstancias valoradas conjuntamente hacen que sexa preciso indemnizar a la parte demandante en las cantidades antes determinadas con inclusión del beneficio industrial”

E dicir, que na referida Sentencia, e nun suposto análogo ó que nos ocupa, chegase a conclusión de que debe incluírse o beneficio industrial.

No Ditame do Consejo Consultivo del Principado de Asturias núm. 276/2018, de 27 de decembro (exp. 267/2018) tamén citado no informe de intervención, e tal e como se refire no contido reproducido do ditame no referido informe, despois de analizar a doutrina da procedencia ou non do abono do beneficio industrial nos casos de declaración de nulidade dunha determinada contratación, se indica, primeiro:

“A nuestro juicio, la eventual improcedencia del abono exigiría un análisis completo de las circunstancias concurrentes que tampoco excluiría el de la conducta de la propia Administración, que, en cuanto sometida al principio de legalidad, está obligada a licitar los procedimientos de contratación que en cada caso procedan, lo que en el asunto sometido a nuestra consideración no sucedió..”

Para concluír, en todo caso, o seguinte:

“No obstante, en el presente caso el planteamiento de la cuestión es puramente teórico, pues una vez expuestas las diversas posturas se advierte la dificultad de determinar en la facturación del suministro eléctrico un “beneficio industrial” asimilable al 6 % del presupuesto de ejecución material a que se refiere el RGLCAP” para el contrato de obras; conclusión que compartimos. Tampoco se observa en la contratación sometida a nuestra consideración una actitud de la empresa que justifique la exclusión sobre la que se diserta. En cambio, es evidente que se trataba de un servicio que era recibido con conocimiento y a satisfacción de la Administración. En suma, en el supuesto que nos ocupa no existen suficientes elementos de juicio que sustenten la detracción del beneficio industrial de la cantidad a abonar al contratista...”

E dicir, non solo conclúe, nun suposto análogo o que nos ocupa, coa non detracción do beneficio industrial, se non que, ademais, se pon de releve a dificultade de determinar o beneficio industrial nun 6% do presuposto de execución material ó que se refire o RGLCAP, e o mesmo ocorre coa prestación do servizo limpeza viaria pública, cando, ademais, a empresa contratista non ten ánimo de lucro senón promover a integración laboral de persoas con discapacidade.

No Ditame do Consejo Consultivo de Castilla y León núm. 282/2016, de 28 de xullo de 2016, igualmente citado no informe de intervención, as consideracións do ditame referidas a aplicación do límite derivado da boa fe reproducidas no informe de intervención e que se conteñen na consideración xurídica número 10 do ditame, refírense ós límites para enervar a revisión de oficio, recollidas no artigo 106, da antiga lei 30/1992, de 26 de novembro, RJAP y PAC; que en un paso anterior no caso que nos ocupa, onde xa se tramitou a referida revisión e declarou a nulidade do contrato administrativo.

Cuestión distinta son as circunstancias que teñen que apreciarse para determinar o mala fe do contratista ós exclusivos efectos de detraer o beneficio industrial, e que non concorren no caso que nos ocupa, aplicando a propia xurisprudencia e doutrina administrativa referida no informe dos servicios de intervención.

No Ditame do Consejo Consultivo de Andalucía núm. 40/2022, de 27 de xaneiro, tamén citado no informe da Interventora Municipal, inda que recolle a doutrina destacada no referido informe, se conclúe o seguinte:

“En el supuesto sometido a consulta, es obvio que no procede detraer el beneficio industrial, pues no solo, según la Administración “el suministro de combustible al parque móvil es un elemento esencial para garantizar el normal funcionamiento de la Consejería y cuya prestación es imprescindible cubrir de manera continuada y con sucesión el tiempo” sino que las interesadas no tuvieron responsabilidad alguna en la dilación que sufrió la tramitación del oportuno procedimiento de contratación, suficientemente ilustrado en el expediente, ajena a su participación en la licitación”

Circunstancias todas elas que son plenamente aplicables ó suposto que nos ocupa, e que levarían a mesma conclusión, pois o contratista non ten responsabilidade algunha na dilación da tramitación do oportuno procedemento de contratación.

Criterio este último do Ditame do Consejo Consultivo de Andalucía que ten sido confirmado pola recente sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo 3 de A Coruña núm. 135/24, de 13 de xaneiro, no que este Concello foi demandado por una empresa subministradora de combustible os vehículos municipais, a petición do Concello de Cambre, na que se condena ó pago do importe das facturas reclamadas, con base a seguinte conclusión:

“En tal sentido, procede reconocer a la parte actora el derecho al abono de lo reclamado, toda vez que de la documentación aportada se desprende que ha actuado de buena fe, mediante el encargo del Concello de Cambre, para suministrar combustible a vehículos municipales.”

En definitiva, non se pode basear a suposta mala fe do contratista exclusivamente na consideración de que EMPREGO SOCIAL é unha empresa de “certa entidade” e participa noutras licitacións públicas, cando se se

consultan os datos publicados en rexistros oficiais, ten a consideración de “micro empresa” segundo a categorización que fai a UE.

En base a todo o exposto nos antecedentes e considerandos anteriores, en exercicio das facultades que legalmente teño conferidas, esta Alcaldía formula a seguinte proposta de contía que corresponde EMPREGO SOCIAL, S.L.. en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo de contratación verbal de tracto sucesivo de competencia municipal denominado LIMPIEZA VIARIA PÚBLICA:

PROPOÑO:

1-. Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das facturas correspondentes a LIMPIEZA VIARIA PÚBLICA mensuralidades de maio de 2023 a outubro de 2023 (ambos inclusive), aprobadas mediante REC no acordos plenario de 20 de maio de 2024 (167.833,38 €), e mensuralidades de novembro e decembro de 2023 (incluídas no REC aprobado en sesión plenaria de 31.07.2024, por importe de 55.944,46 €), ascendendo o importe en concepto de liquidación das referidas cantidades de 167.833,38 € e 55.944,46 €, e que xa foron abonadas ó contratista.

2-. Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das ás facturas correspondentes a LIMPIEZA VIARIA PÚBLICA, meses de xaneiro a xullo de 2024 por un importe total de 195.805,61 €., ascendendo ó referido importe en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo de contratación.

De conformidade con sinalado no informe da Interventora municipal, deberá darse audiencia á EMPREGO SOCIAL, S.L. da referida proposta por un prazo de dez días hábiles os efectos de que poida alegar o que considere convinte en defensa dos seus dereitos”

16.º- Providencia de alcaldía asinada o 06.02.2025 (CVD: tC40RIABehrLYvrNQaZe) pola que se solicita o inicio do trámite de audiencia a EMSO.

17.º- Informe de intervención có (CVD: uOp/SUODc815d1lfp6Mm) referencia LMR LIQUIDACIÓN EMPREGO SOCIAL- 1/2025 asinado o 10.02.2025 có asunto *informe de intervención á proposta de alcaldía de recoñecemento de importe en concepto de liquidación a EMPREGO SOCIAL SL, asinada pola alcaldesa o 06.02.2025 (CVD: uVgC3ZsiuKjKNdjmmotT)*

(...) IV) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O recoñecemento de obrigas exige a previa acreditación da efectiva realización da prestación.

Na fase de recoñecemento da obriga concorre unha das especialidades máis importantes das obrigacións públicas que a diferencia das privadas e que deriva dunha das características singulares do crédito público, consecuencia da chamada “regla do servizo feito” prevista no artigo 198.1 da LCSP.

De conformidade có artigo 59.1 do RD 500/1990 de 27 de abril, previamente ao recoñecemento das obrigacións haberá de acreditarse documentalmente ante o Órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto. Asemade, o artigo 18.2 do RD 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local exige que deberá quedar documentalmente acreditado que se cumpren todos os requisitos necesarios para o recoñecemento da obrigación, entre os que se atopará, no seu caso, a acreditación da realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que autorizaron e comprometeron o gasto así como o resultado favorable da comprobación material do investimento.

Tendo en conta que o artigo 165.1 do TRLFL atribue ás bases de execución do orzamento a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, cabe transcribir neste punto a base 23ª das de execución do orzamento xeral do Concello Cambre:

"(...) As facturas deberán contar coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente que tivese autorizado ou disposto o gasto realizado, e que acredite a recepción de conformidade, así como a sinatura do técnico municipal ou persoal competente acreditando a correcta execución. No caso de que o importe da factura sexa superior a cinco mil euros (5.000,00 euros), a área deberá solicitar o seu informe. No caso de gastos de protocolo bastará que a factura conte coa conformidade do alcalde, ou concelleiro responsable en caso de delegación.(...)"

A resolución de alcaldía núm. 1165/2023, do 4 de xullo resolveu crear, entre outras, a área de goberno coa denominación e ámbito material seguinte e a resolución de alcaldía núm. 1171/2023, do 4 de xullo a delega a favor de D. Juan González Leirós:

"(...)ÁREA DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS

(...)

- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo da auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública, mantemento de vías públicas e infraestruturas urbanas

- Xestión, mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes

- Inspección e control dos servizos públicos e infraestruturas (...)"

A resolución de alcaldía número 458/2024 de 10 de abril resolveu aprobar una nova distribución de áreas de goberno coa creación da ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES E MEDIO AMBIENTE a cal foi delegada a favor de D. Juan González Leirós.

En canto ao técnico municipal competente para asinar as facturas e para elaborar o informe exigido para os gastos superiores a 5.000,00 €, éste é o xefe de obras xa que de conformidade coa descrición identificativa que contempla a RPT en vigor para o posto de JEFE DE SECCIÓN DE SERVICIOS Código: AL151700006 Tipo de puesto: S, correspóndelle:

"DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Dirigir la Unidad técnica de Servicios ejerciendo las funciones de Ingeniero Superior Municipal, dirigiendo y supervisando los trabajos del personal adscrito a dicha unidad. Responsable del mantenimiento de las infraestructuras urbanísticas de todo tipo y de servicios municipales. Informes técnicos sobre Proyectos de Urbanización. Elaboración de informes, proyectos y propuestas relacionadas con su sección. Supervisión de los servicios prestados por empresas para el Ayuntamiento."

Primeiro.1.- Comprobación das sinaturas que constan nas facturas detalladas nos antecedentes 4º, 9º e 13º.

Non está acreditada a correcta execución, nos termos exigidos pola base 23ª das de execución do orzamento xeral do Concello Cambre, en relación ás facturas definidas no 4.º (servizo limpeza viaria maio 2023 a outubro 2023) dado que carecen da sinatura do técnico municipal competente:

- Fra Nº 1- 000198 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA MAYO 2023, asinada polo Sr. Alcalde o 12.06.2023 (CVD: Qv8uPXu1WORCyJQd7m8b).
- Fra Nº 1- 000251 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA JUNIO 2023, asinada polo Sr. Alcalde o 01.08.2023 (CVD: E1LLEVaBge0/ZL40CIgt)
- Fra Nº 1- 000302 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA JULIO 2023, asinada polo Sr. Concelleiro delegado o 08.08.2023 (CVD: 3JbQFB8hwe2gO+0oZ8jU)
- Fra Nº 1- 000358 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA AGOSTO 2023, asinada polo Sr. Concelleiro delegado o 18.09.2023 (CVD: u/Q5f7S740QGIdHfUo1H)
- Fra Nº 1- 000409 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA SETEMBRO 2023, asinada polo Sr. Concelleiro delegado o 30.10.2023 (CVD: eQOKgumNyole5AtvxBd5)
- Fra Nº FV 460 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA OUTUBRO 2023, asinada polo Sr. Concelleiro delegado o 07.11.2023 (CVD: BdKKq/5vCoR20ZY3AjR0)

Estaría acreditada a correcta execución, nos termos exixidos pola base 23ª das de execución do orzamento xeral do Concello Cambre, en relación ás facturas definidas no nos antecedentes 9º (servizo limpeza viaria novembro 2023 e decembro 2023) e 13º (servizo limpeza viario xaneiro 2024 a xullo 2024) dado que teñen a sinatura do concelleiro delegado e á do técnico municipal que asumiu a xefatura en funcións da sección servizos:

- Fra Nº FV 557 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA NOVIEMBRE 2023, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 26.07.2024 (CVD: r64LaXsD+HLOTPLGj+v2).
- Fra Nº FV 567 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA DECEMBRO 2023, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 26.07.2024 (CVD: rYoqqjRjvTAvwzNDBTK5).
- Fra Nº FV 7 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA XANEIRO 2024, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 29.10.2024 (CVD: GYalDEI+NZqchVZnfvIh).
- Fra Nº FV 53 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA FEBREIRO 2024, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 30.10.2024 (CVD: li9cf4uw51niXLzQd7rk).
- Fra Nº FV 105 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA MARZO 2024, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 30.10.2024 (CVD: qUK2JVFcCHCw7JQUe1qQ).
- Fra Nº FV 196 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA ABRIL 2024, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 30.10.2024 (CVD: Qgkw/E82RurHbQuw9NO/).
- Fra Nº FV 241 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA MAIO 2024, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 30.10.2024 (CVD: bjinsh41PuprRcRPM67D4).
- Fra Nº FV 246 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA XUÑO 2024, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 30.10.2024 (CVD: yUqwt5cHle6zfFSWUYRG).
- Fra Nº FV 292 por importe de 27.972,23 € en concepto de PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA XULLO 2024, asinada polo Sr. Concelleiro e polo xefe en funcións da sección servizos o 30.10.2024 (CVD: LiB+kDMjHB5VCdBlIStP).

Primeiro.2.- Comprobación de si ás facturas detalladas nos antecedentes 4º, 9º e 13º foron achegados os informes exixidos pola base 23ª das de execución do orzamento municipal.

O informe do Xefe en funcións de la Sección de Servicios có asunto INFORME COMPLEMENTARIO al Expediente TEDEC nº. 2024/T003/0025721 Expediente liquidación EMPREGO SOCIAL S.L como consecuencia de la declaración de nulidad del contrato verbal en base al cual se emitieron las facturas, asinado o 20.09.2024 (CVD: 7FauTITIN24IT83gotr8) fai constar o seguinte en relación ás facturas sinaladas no antecedente 4º:

"(...) Antecedentes:

Consta relación los expedientes de facturas correspondientes al servicio de limpieza viaria pública del Ayuntamiento de Cambre, delegado a la Sección de Servicios con fecha 21/08/2024 por el que el departamento de Intervención (se incorpora a dicho listado enviado la descripción del informe justificativo):

Nº de Expediente factura	Número factura	Número registro contable	Fecha de factura	Asunto factura	Importe total	Nº de Expediente tramitación administrativa factura - OFI	fecha informe	CVD
2023/T003/002249	I- 000198	2023/2225	2023-05-31	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA MAYO 2023	27972,23	2023/T003/004547	21/02/2024	yr6izWHC/CcRpf/nlwqt
2023/T003/002646	I- 000251	2023/2618	2023-06-30	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA JUNIO 2023	27972,23	2023/T003/003781	15/12/2023	0QCyfy+J27adh5sUPQKI
2023/T003/002957	I- 000302	2023/2922	2023-07-31	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA JULIO 2023	27972,23	2023/T003/003781	15/12/2023	0QCyfy+J27adh5sUPQKI
2023/T003/002646	I- 000251	2023/2618	2023-06-30	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA JUNIO 2023	27972,23	2023/T003/003781	27/12/2024	2ew3wk8yC56LPh3Nof1L
2023/T003/002957	I- 000302	2023/2922	2023-07-31	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA JULIO 2023	27972,23	2023/T003/003781	27/12/2024	2ew3wk8yC56LPh3Nof1L
2023/T003/003365	I- 000358	2023/3330	2023-08-31	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA AGOSTO 2023	27972,23	2023/T003/004601	21/02/2024	a9npdwp0K+UIQVBBCEvP

2023/T003/003823	1- 000409	2023/3780	2023-09-30	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA SEPTIEMBRE 2023	27972,23	2023/T003/004601	21/02/2024	a9npdwp0X+UIQVBBCEvP
2023/T003/004214	FV 460	2023/4154	2023-10-31	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA OCTUBRE 2023	27972,23			
2023/T003/004622	FV 557	2023/4551	2023-11-30	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA NOVIEMBRE 2023	27972,23			
2023/T003/004909	FV 567	2023/4836	2023-12-28	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA DICIEMBRE 2023	27972,23			
2024/T003/000386	FV 7	2024/383	2024-01-31	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA ENERO 2024	27972,23			
2024/T003/000968	FV 53	2024/951	2024-02-29	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA FEBRERO 2024	27972,23			
2024/T003/001186	FV 105	2024/1166	2024-03-26	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA MARZO 2024	27972,23			
2024/T003/001797	FV 196	2024/1776	2024-04-30	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA ABRIL 2024	27972,23			
2024/T003/002184	FV 241	2024/2160	2024-05-31	PRESTACIÓN SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA MAYO 2024	27972,23			
2024/T003/002279	FV 246	2024/2255	2024-06-30	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA JUNIO 2024	27972,23			
2024/T003/002604	FV 292	2024/2574	2024-07-31	LIMPIEZA VIARIA DEL TÉRMINO MUNICIPAL DE CAMBRE MES DE JULIO 2024	27972,23			

Observaciones: únicamente se procede a emitir informe sobre aquellos expedientes de facturas en los que el departamento de Intervención solicitó a esta Sección de Servicios la emisión de un informe en el que se detalle la información que adjunta como "Anexo I. Modelo de informe xustificativo das prestacións realizadas", con el fin de que el órgano interventor emita el informe previsto al artículo 28.2 del RD 424/2017, de acuerdo al cuadro anterior

Informe:

En respuesta a la solicitud del departamento de Intervención y en base a los informes justificativos de las prestaciones efectuadas, al que se refiere el artículo 28.2.c del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno de las entidades del Sector Público Local. Servicio de limpieza viaria pública del Ayuntamiento de Cambre - EMPREGO SOCIAL S.L. emitidos por el Ingeniero de Caminos Municipal - Jefe de la Sección de Servicios, D. Oscar Sauto Muíño, en relación con los expedientes de facturas correspondientes al Servicio de limpieza viaria pública del Ayuntamiento de Cambre, se informa lo siguiente:

En las conclusiones de los informes justificativos de las prestaciones efectuadas de referencia se indicaba:

1. Las facturas objeto de los informes justificativos de las prestaciones efectuadas (a la espera que se nombre un Responsable del Contrato con independencia de la unidad encargada del seguimiento y ejecución ordinaria del contrato que figure en los pliegos (artículo 62 de LCSP), relativas al Servicio de limpieza viaria, han sido informadas en su momento por dicho técnico (constan en los respectivos expedientes TEDEC).

Así mismo en los informes justificativos de las prestaciones efectuadas de referencia en el apartado de A) Descripción detallada del gasto, se indica en relación a la correlación entre las facturas emitidas y la documentación aportada por la empresa:

"..De todas formas, subsidiariamente se sigue aplicando el PPTP y PCAP del contrato del servicio firmado el 08/01/2007, en lo que corresponde a la parte técnica, no en la parte económica ya que el importe del contrato se ha variado, la empresa EMPREGO SOCIAL S.L. presenta una factura mensual, acompañando informes semanales y de un informe mensual donde se detallan el número de días de trabajo, el personal que lo desempeñó y los lugares donde se ha desarrollado..."

2. El Servicio de Limpieza Viaria es un servicio competencia del ayuntamiento de conformidad con el artículo 25 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Régimen Local. El artículo 26 establece que todos los municipios, sin distinción de la población, deberán prestar, en todo caso, el servicio de limpieza viaria. Señalando "Se desconoce porque se ha podido producir la omisión de la función interventora, una vez finalizado el contrato, lo que se puede afirmar es que desde esta jefatura de sección no se ha dado ningún tipo de orden ni verbal ni escrita para que se siguiera prestando el servicio, se supone que la empresa ha seguido prestando el servicio por una orden verbal de los sucesivos alcaldes y/o concejales delegados de servicios, entendemos, que con el fin de que el Ayuntamiento pueda realizar su prestación, debido a la necesidad ineludible de continuar llevando a cabo el servicio por ser competencia del Ayuntamiento su prestación obligatoria."
3. No existe constancia de que las prestaciones correspondientes a las facturas objeto de los informes justificativos de las prestaciones efectuadas no se realizasen efectivamente, puesto que no constan en esta sección ni incidencias ni quejas de importancia (punto B, informes justificativos de las prestaciones efectuadas).
C) A prestación, a partires da factura número 1- 000428 emitida por EMPREGO SOCIAL SL o 22.10.2022 non se realizou nas mesmas condicións nas que no seu día, cando estivo vixente o contrato se realizou, pois **modificouse un elemento esencial: o prezo, xa que como pon de manifesto a interventora municipal nos informes que figuran no expediente examinado, en novembro de 2022 **incrementouse sen amparo contractual e sen procedemento algún** o importe mensual facturado **nun 49,98 %**, xa que se pasou de 18.650,50 €/mes a 27.972,23 €/mes.**

Polo anteriormente exposto, a xuízo da que subscribe, non concorren no suposto examinado as circunstancias que permitan considerar a boa fé da empresa Empleo Social, S.L., polo que entende que non procede o aboamento do beneficio industrial.

Na proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025(CVD: tY6GjN7ZYe87102EwJ7x) propónse non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial polo que, por esta Secretaría, se informa desfavorablemente este extremo.

Cómpre, por outra banda, advertir que esta proposta non resulta congruente co acordo plenario precedente polo que se declarou a nulidade de pleno dereito (acordo do pleno da Corporación de data 31 de xullo de 2024) ,xa que foi precisamente a ausencia de boa fé o que, a xuízo da que subscribe, determinou acudir a este procedemento de revisión de oficio¹.

¹ No informe emitido pola que subscribe en dat a 12 de febreiro de 2024 sinalouse, entre outras cousas, que:” Á vista, polo tanto de que no suposto examinado non se acredita documentalmente a boa fé da empresa prestadora do servizo, non se aprecia a concorrência dunha das esixencias que a xurisprudencia do Tribunal Supremo fixa para poder aplicar directamente a doutrina do enriquecemento inxusto (entre outras, sentenzas de 12 de decembro de 2012 (STS 8362/2012 - ECLI:ES:TS:2012:8362), 12 de maio de 2008 (ROJ:STS 2465/2008-ECLI:ES:TS:2008:2465 Recurso: 478/2007), e 17 de outubro de 2023 ROJ: STS 4480/2023 - ECLI:ES:TS:2023:4480) requisito-o da ausencia de mala fe- que o Tribunal supremo considera de singular importancia “con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio e eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principiosde igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.”.

Por outra banda, á vista do sinalado pola interventora municipal verbo de que , respecto das facturas que indica , non queda acredita a correcta execución nos termos esixidos pola base 23ª das de execución do presuposto xeral de Cambre e o sinalado verbo da comprobación se ás facturas foron achegados os informes esixidos pola base 23ª das de execución do presuposto, comparte esta Secretaría o criterio desfavorable da Intervención municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase **desfavorablemente** a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025 (CVD: tY6GjN7ZYe87102EwJ7x)

En todo caso reitérase o informado en anteriores ocasións verbo de que que é perentorio que se proceda a licitación do contrato- ademais do resto dos que se atopan vencidos- , de acordo cos principios de igualdade, libre concurrencia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na LCSP, así como da necesidade de evitar a repetición de prácticas irregulares como a que se suscita no presente suposto.

É o que expoño nesta nota informativa coas limitación e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriores ampliadas e/ ou matizadas , de ser preciso.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen explica a proposta.

Intervenien a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío e o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro.

Cando son as once horas e corenta e tres minutos a Sra. alcaldesa manifesta que dende a empresa EMSO solicitouse poder intervir nesta sesión plenaria (escrito rexistrado de entrada ao núm. 202599900001133 o día 25 de febreiro de 2025) e concede o uso da palabra a quen di ser e chamarse Felipe Ovalle Pintor, xerente da empresa, que se atopa presente entre o público asistente.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Doce (12), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025 (CVD: tY6GjN7ZYe87102EwJ7x), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO DA LIQUIDACIÓN DO CONTRATO VERBAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO PRESTADO POLA EMPRESA "AUGASERVI, S.L.", DECLARADO NULO DE PLENO DEREITO POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE XULLO DE 2024

Acceso á videoacta – 00:59:33 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025 (CVD: gQNNkPN9xIANYkAiQFYQ), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Proposta de recoñecemento de liquidación AUGASERVI, SL

1º.- O 22 de febreiro de 2024 dítase (CVD: PjAUznP0YTvOqD7qjJ0e) resolución de alcaldía número 203/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL.

2º.- Sesión plenaria de 04.03.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 203/2024 de 22 de febreiro de 2024.

3º.- Sesión plenaria de 01.04.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 288.627,94 euros na que se inclúen as facturas correspondente á XESTIÓN SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS correspondentes ao 4º trimestre de 2022 (fra. Número 46 de 10.03.2023 por importe de 100.442,77 €), ao 1º trimestre de 2023 (fra. Número 95 de 13.06.2023 por importe de 92.600,17 €) e ao 2º trimestre de 2023 (fra. Número 151 de 19.09.2023 por importe de 95.585,00 €).

O citado acordo tamén contempla o seguinte“...*De ser positivo o informe do Consello Consultivo á revisión de oficio, cuxo expediente se está a tramitar, procederase a regularizar a cantidade a aboar polo Concello á empresa ou a reintegrar por parte da empresa ao Concello a cantidade que proceda...*”

4º.- Resolución de alcaldía número 431/2024 de 4 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

5º.- Sesión plenaria de 20.05.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 2.106.930,04 euros no que se incluíron, entre outras, as seguintes facturas emitidas pola empresa AUGASERVI, S.L. correspondentes ao servizo de XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO.

Ao abeiro do apartado Terceiro do citado acordo “...*Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará avaliar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC...*”

6.º- Ditame número CCG 173/2024 emitido o 22.05.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202490000001377) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

"(...)O informe da secretaria, a proposta da Intervención, e as resolucións da Alcaldía (tanto a de inicio coma o acordo de remisión do expediente a este órgano) constatan a total inexistencia de procedemento de licitación e de acto formal de adxudicación, e o carácter verbal da encomenda. A propia empresa reconece nas súas alegacións a existencia dunha situación irregular do servizo "en cuanto que se viene prestando en prórroga sin que medie la correspondiente declaración, y se viene haciendo además hace 19 años, y esa situación no es achacable a mi mandante a quien se le ha venido obligando a la prestación del servicio".

Do exposto pode concluírse de forma manifesta e evidente e sen gran esforzo argumental, a ausencia total do procedemento legalmente establecido, sen que sexa preciso analizar polo miúdo os trámites establecidos na normativa de contratación. Abonda con indicar que, de acordo co citado artigo 37 da LCSP, as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia. No mesmo sentido, das alegacións da mercantil e do resto dos informes obrantes no expediente, resulta unha conformidade neste extremo.

En consecuencia, o xuízo deste órgano consultivo é favorable á revisión de oficio proposta polo concello.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina:

Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire".(...)"

7.º- Informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 10.07.2024 (CVD: BhkH8Kst43Mbw9qsYlKc) en relación á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

8.º- Informe de intervención referencia LMR CONTINUIDADE AUGASERVI / 2024 asinado o 17.07.2024 (CVD: 4BVtVG0t0q+jDYEJAjE0)

9.º- Nota informativa da secretaria accidental do día 18.07.2024 (CVD: qzBFLJJ5ni9YWWEKw3i1).

10.º- Sesión plenaria de 31.07.2024 (apartado 2.1) na que se acorda declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. así como continuar coa prestación do servizo nos mesmos termos que se viña desempeñando, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade

11.º- Providencia de alcaldía de 22.07.2024 (CVD: sDYBs6eHlvc7fdpiKDBu) pola que se solicita "*Se proceda a incoar os expedientes oportunos para determinar a indemnización que proceda pagar ás diferentes empresas que están prestando servizos, onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal*".

12.º- Expediente tedec número 2024/T003/002572 denominado *EXPEDIENTE LIQUIDACIÓN AUGASERVI, S.L. COMO CONSECUENCIA DE LA DECLARACIÓN DE NULIDAD DEL CONTRATO VERBAL*, aperturado pola interventora que subscribe o 24.07.2024.

13.º- Informe do Jefe en funciones de la Sección de Servicios có asunto *INFORME COMPLEMENTARIO al Expediente TEDEC nº. 2024/T003/002572. Expediente liquidación AUGASERVI, S.L. como consecuencia de la declaración de nulidad del contrato verbal en base al cual se emitieron las facturas*, asinado o 20.09.2024 (CVD: Yrlw9Ws/3mlWxyH5brl3):

“(…)En resposta a la solicitude de Intervención y en base a los informes justificativos de las prestaciones efectuadas, al que se refiere el artículo 28.2.c del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno de las entidades del Sector Público Local. Servicio municipal de agua y alcantarillado. AUGASERVI, S.L. emitidos por el Ingeniero de Caminos Municipal - Jefe de la Sección de Servicios, D. Oscar Souto Muiño, en relación con los expedientes de facturas correspondientes a la gestión del servicio municipal de agua y alcantarillado, se informa lo siguiente:

1. En los informes justificativos de las prestaciones efectuadas de referencia en el apartado de **Descripción detallada del gasto** se indica en que “Los servicios de abastecimiento de agua potable y de saneamiento de aguas residuales-fecales los indirecta), contrato caducado administrativamente desde el año 2005, por lo que el servicio se presta en precario”.
2. Se concluye en relación a la correlación entre la prestación efectuada y las facturas emitidas por la empresa que:

“...Hechas estas consideraciones, en base a los antecedentes expuestos, la descripción detallada del gasto corresponde con la factura solicitada por Intervención para el informe que nos ocupa, relacionado con la gestión del servicio municipal de agua y alcantarillado

Salvo las facturas actuales y las trimestrales correspondientes al año 2023, las facturas emitidas por la empresa AUGASERVI, S.L. no han sido informadas regularmente por la Sección de obras y servicios. Solo se ha procedido a la emisión de informes técnicos cuando existían reparos de fiscalización.”

Por lo tanto, el técnico que suscribe, en base a lo anteriormente expuesto, se remite a lo ya informado por el Ingeniero de Caminos Municipal, Jefe de la Sección de Servicios, respecto a la efectividad de la prestación facturada. En dicho informe se señala que, a pesar de la caducidad administrativa del contrato, el servicio ha continuado prestándose, y que la descripción del gasto resulta coherente con la factura referida, tal como se detalla en los informes emitidos de justificación de las prestaciones realizadas.

Por otra parte este técnico quiere dejar constancia de que no existió participación ni en la decisión de mantener en precario a la empresa, ni en la elección de la empresa, ni en la negociación (si es que la hubo) de los precios facturados actuales y que se encontraba en situación de incapacidad temporal durante el período de ejecución de este tipo de servicio.

Lo que se informa técnicamente a los efectos oportunos (salvo vicio oculto), sin perjuicio de lo que deban informar otros departamentos. (...)”

14.º- Facturas emitidas por AUGASERVI, S.L. en concepto de XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO do 4º trimestre de 2023 e do 1º e 2º trimestre de 2024.

15.º- Informe de intervención referencia LMR LIQUIDACIÓN AUGASERVI- 1/2025 asinado o 19.01.2025 có asunto *informe relativo ás premisas a ter en conta polo órgano xestor no procedemento de cálculo do importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL.* (CVD: oHLn01i99Nlt6XrxPWgy).

16.º- Proposta de recoñecemento de liquidación Augaservi, asinada pola alcaldesa o 30.01.2025 (CVD: 6XsPfEOrePtbRI+8nbhl):

“Asunto: Proposta de recoñecemento de liquidación Augaservi

Antecedentes:

1º- O 22 de febreiro de 2024 dítase resolución de alcaldía número 203/2024 pola que se resolve incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación co SERVIZO DE XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, SL.

2º. Sesión plenaria de 04.03.2024 na que se acorda ratificar a resolución de alcaldía número 203/2024 de 22 de febreiro de 2024.

3º. Sesión plenaria de 01.04.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de **288.627,94** euros na que se inclúen as facturas correspondente á XESTIÓN SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS correspondentes ao 4º trimestre de 2022 (fra. Número 46 de 10.03.2023 por importe de 100.442,77 €), ao 1º trimestre de 2023 (fra. Número 95 de 13.06.2023 por importe de 92.600,17 €) e ao 2º trimestre de 2023 (fra. Número 151 de 19.09.2023 por importe de 95.585,00 €)

Asemade, o citado acordo tamén contempla o seguinte “...De ser positivo o informe do Consello Consultivo á revisión de oficio, cuxo expediente se está a tramitar, procederase a regularizar a cantidade a aboar polo Concello á empresa ou a reintegrar por parte da empresa ao Concello a cantidade que proceda...”

4º. Resolución de alcaldía número 431/2024 de 4 de abril pola que se resolveu solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión pola vía de urxencia do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

5º. Sesión plenaria de 20.05.2024 pola que se aproba o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 2.106.930,04 euros no que se incluíron, entre outras, as seguintes facturas emitidas pola empresa AUGASERVI, S.L. correspondentes ao servizo de XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO, correspondentes ao 3º trimestre de 2023, por importe de **115.997,07 €**.

Asemade, ao abeiro do apartado Terceiro do citado acordo “...Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará avaliar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC...”

6º. Ditame número CCG 173/2024 emitido o 22.05.2024 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202490000001377) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. Dictame no que se fai constar que:

“Polo tanto, a competencia deste órgano consultivo limitase a analizar a procedencia formal e material da revisión de oficio e, en consecuencia, quedará fóra do ditame calquera outra consideración que exceda desta institución. Porén, á vista do expediente, e da proposta de resolución, é preciso realizar, obiter dicta, unha serie de consideracións en relación coa duplicidade de procedementos administrativos tramitados aparentemente co mesmo obxectivo.

Como vai dito nos antecedentes, nos informes e documentación incorporada ao expediente de revisión, faise tamén referencia á tramitación dun recoñecemento extraxudicial de crédito co obxecto de pagar as cantidades debidas á empresa como consecuencia da prestación do servizo. Este órgano consultivo xa ten manifestado, precisamente a instancia do Concello de Cambre (CCG 78/20231), dunha banda, que, como consecuencia dunha declaración de nulidade contractual, é perfectamente posible recoñecer “a indemnización do abono ao contratista do ‘valor’ da súa prestación, conforme ao previsto no art. 42.1 da LCSP, con indemnización á parte non culpable dos danos e perdas que sufrira” Doutra banda, cando a Administración aprecie que son de aplicación os límites do artigo 110 da LPAC ou cando, atendendo ao informe do órgano interventor previsto no artigo 28 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, non se considere procedente o inicio do procedemento de revisión de oficio, cabería acudir ao recoñecemento extraxudicial de crédito. Pero, cando menos desde a perspectiva dos principios de celeridade e eficacia que deben rexer a actuación administrativa (artigo 103 da Constitución Española), tramitar un recoñecemento extraxudicial e posteriormente, un procedemento de revisión de oficio, non parece seguir unha lóxica xurídica, dando lugar a unha duplicidade innecesaria de procedementos, cando mediante calquera deles se pode acadar o mesmo obxecto e finalidade, é dicir, declarar a nulidade do acto de contratación e recoñecer, se é o caso, a indemnización debida ao contratista.”

7º. Informe-proposta emitido pola interventora municipal de data 10.07.2024 (en relación á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L.

8º. Informe de intervención referencia LMR CONTINUIDADE AUGASERVI / 2024 asinado o 17.07.2024.

9º. Nota informativa da secretaria accidental do día 18.07.2024

10º. Sesión plenaria de 31.07.2024 (apartado 2.1) na que se acorda declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. así como continuar coa prestación do servizo nos mesmos termos que se viña desempeñando, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade.

11º. Providencia de alcaldía de 22.07.2024 pola que se solicita “Se proceda a incoar os expedientes oportunos para determinar a indemnización que proceda pagar ás diferentes empresas que están prestando servizos, onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal”.

12º. Expediente tedec número 2024/T003/002572 denominado EXPEDIENTE LIQUIDACIÓN AUGASERVI, S.L. COMO CONSECUENCIA DE LA DECLARACIÓN DE NULIDAD DEL CONTRATO VERBAL, aperturado pola interventora que subscribe o 24.07.2024.

13º. Informe do Jefe en funciones de la Sección de Servicios có asunto INFORME COMPLEMENTARIO al Expediente TEDEC nº. 2024/T003/002572. Expediente liquidación AUGASERVI, S.L. como consecuencia de la declaración de nulidad del contrato verbal en base al cual se emitieron las facturas, asinado o 20.09.2024:

“(…)Por lo tanto, el técnico que suscribe, en base a lo anteriormente expuesto, se remite a lo ya informado por el Ingeniero de Caminos Municipal, Jefe de la Sección de Servicios, respecto a la efectividad de la prestación facturada. En dicho informe se señala que, a pesar de la caducidad administrativa del contrato, el servicio ha continuado prestándose, y que la descripción del gasto resulta coherente con la factura referida, tal como se detalla en los informes emitidos de justificación de las prestaciones realizadas”.

Informes que achegan a cada unha das facturas emitidas e nos que se indica o seguinte:

“(…)Los técnicos de esta Sección (El Ingeniero de caminos municipal, Jefe de la sección de obras y servicios se encuentra de baja médica desde el 03/03/2024 y por otro lado la Ingeniera Técnica de Obras Públicas Municipal está de baja del servicio en el Ayuntamiento de Cambre por Comisión de Servicios en otra administración desde el 01/03/2023, este último puesto cubierto interinamente por otro técnico desde el 15/04/2024) no disponemos de mecanismos idóneos para controlar, ni la eficacia del servicio, ni la periodicidad, ni tampoco el plantel empleado de la empresa, al no existir un contrato administrativo formalizado ni contar con unas prescripciones técnicas vigentes y con una oferta empresarial que pueda obligar a un control riguroso del servicio, además de no disponer de unos recursos humanos suficientes para el seguimiento de la prestación de los servicios.

No obstante, no hay constancia de que las prestaciones correspondientes a las facturas objeto de este informe no se hayan realizado efectivamente, ya que en esta sección no se registran incidencias ni quejas de importancia. Además, la empresa ha aportado una declaración responsable relativa a la prestación efectiva de los servicios municipales de agua potable y alcantarillado del término municipal de Cambre ejecutadas durante el periodo de facturación, junto con la documentación justificativa de los trabajos realizados, incluyendo los informes de actuación, control de parámetros físicoquímicos, partes de trabajo y extractos de la ejecución de visitas de comprobación, entre otros”.

14.º Listado de facturas emitidas por AUGASERVI, S.L. en concepto de XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO do 4º trimestre de 2023 e do 1º e 2º trimestre de 2024 cós importes de 104.595,96 €, 98.745,56 € e 100.096,63, respectivamente, o que fai un total de **303.802,15 €**.

15º. Informe emitido pola intervención municipal, de data 19 de xaneiro 2024, no que se indica que: o presente informe emítese aos efectos de poñer en coñecemento da alcaldía os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar a AUGASERVI S.L en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO.” e que despois dunha serie de consideracións xurídicas fai constar o seguinte:

“De conformidade có artigo 42 da LCSP, a declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO acordada polo Pleno na sesión do 31.07.2024 implica que o importe a percibir pola mercantil AUGASERVI, SL corresponderase có valor da prestación efectuada, é dicir, cós custos reais pero non coas demais compensacións típicas dun contrato validamente celebrado, por canto, o empresario debe quedar indemne mais non pode obter un lucro equivalente ao dun contrato válido.

Para calcular o importe da liquidación a abonar á mercantil afectada pola declaración de nulidade dun contrato administrativa é preceptivo, como en toda fase contable de recoñecemento de obrigas con cargo a fondos públicos, acreditar documentalmente a efectiva realización da prestación o cal, no caso do Concello de Cambre e tal e como dispón a base 23ª das de execución do orzamento municipal, exixirá que as facturas contén coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente (para acreditar a recepción de conformidade) así como a sinatura do técnico municipal ou persoal competente (para acreditar a correcta execución).

Polo tanto:

1. Tal e como detalhei na consideración xurídica Segunda, as facturas correspondentes a XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO 4º trimestre 2022 e do 1º ao 3º trimestre de 2023 (ambos inclusive) están asinadas polo alcalde ou concelleiro delegado pero carecen da sinatura do técnico municipal competente polo que non estaría acreditada a correcta execución e, polo tanto, tampouco o dereito da mercantil AUGASERVI SL á percepción do importe correspondente. En consecuencia, o importe de tales servizos (os cales xa foron abonados por acordos plenarios de 01.04.2024 (288.627,94 €) e de 20.05.2024 (115.997,07 €) a pesar dos reparos suspensivos (216.2.c e 216.2.d TRLFL) emitidos por esta intervención) non debería formar parte do importe da liquidación senón ser reintegrado ao concello (téñase en conta que nos propios acordos plenarios estableceuse que procedería, de ser declarada a nulidade, a regularización correspondente).

2. Con respecto as facturas correspondentes a XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO 4º trimestre 2023 e do 1º e 2º trimestre de 2024, se ben si conteñen as sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal, os informes técnicos non son concluíntes polo que a efectos da súa inclusión no importe da liquidación a favor de AUGASERVI, SL o órgano xestor debe actuar coas debidas cautelas. Unicamente se pide que o técnico municipal informe se os servizos están o non realizados, é dicir, só caben dous opcións: ou están realizados ou non o están. Esta falta de claridade o único que consegue é sembrar dúbidas a esta intervención a cerca da correcta realización dos traballos facturados. Reitero a necesidade de acreditar a realidade da prestación facturada pois a corrección do prezo e a súa adaptación ao mercado é consecuencia directa desta, é dicir, a pregunta é simple: unha vez rematado o período contractual ¿realmente se estiveron a executar as prestacións nos mesmos termos e amplitude?. É aquí o quid da cuestión por canto se a resposta fose negativa e se estiveron a executar menos prestación que as contratadas, o feito de tomar como referencia o prezo de adjudicación non garante que éste sexa igual ou inferior ao actual prezo de mercado.

Asemade, ao abeiro das sentenzas e ditames citados na consideración xurídica terceira, o abono ou non do beneficio industrial é unha cuestión que haberá de analizarse ao abeiro das circunstancias particulares de cada caso de xeito que se non concurre boa fe por parte do "contratista" o procedente será detraer o beneficio industrial do importe a abonar en concepto de liquidación. AUGASERVI, SL é unha empresa dunha certa entidade que coñecía que estaba a actuar ao abeiro dun contrato nulo polo que non pode apreciarse boa fe por parte de quen coñece que está obrando á marxe do dereito. En consecuencia, non procedería a inclusión do beneficio industrial no importe da liquidación a favor de AUGASERVI, SL polo que haberá que restar desta a cantidade que resulte de aplicar o 6% á base imponible de cada unha das facturas correspondentes ao 4º trimestre de 2023 e 1º e 2º de 2024 (ambas inclusive, as únicas que contan coas sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal).

De conformidade có informado por anteriores interventores, fórmulanse as seguintes advertencias que deberán ser tidas en conta no cálculo da liquidación:

- As facturas correspondentes ao consumo de enerxía as estivo a abonar o Concello de Cambre cando lle correspondía facelo a AUGASERVI SL. Primeiramente tales pagos fixéronse con carácter extraorxamentario e, de feito, figuran na conta 5550 por importe de 567.386,53 € e, posteriormente e ata a actualidade, foron imputados orxamentariamente á aplicación 160.221.00.

- Se a porcentaxe de aproveitamento medio en cada trimestre foi inferior ao 70%, habería que penalizar a AUGASERVI SL tal e como indica o contrato administrativo.

Polo que respecta á indemnización de danos e prexuízos, o art. 42 LCSP esixe que haxa unha parte non culpable que sexa a que a reciba da parte culpable. Con todo, no caso que nos ocupa as dúas partes coñecían o procedemento adecuado pois é público e notorio que a lexislación española ha vido prohibindo desde hai moitas décadas a contratación verbal ás Administracións. Polo tanto o "contratista" coñecía os principios básicos da normativa contractual e non podía ignorar a irregularidade dunha contratación verbal motivo polo cal non cabería indemnización de danos e prexuízos.

O presente informe emítese aos efectos de indicar á alcaldía os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar a AUGASERVI S.L en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO.

En todo caso, unha vez determinado o importe da liquidación será preceptiva a previa audiencia a AUGASERVI S.L por un prazo non inferior a 10 días hábiles a efectos de que poida alegar o que considere convinte na defensa dos seus intereses".

Considerandos:

Primeiro. Consideracións previas sobre as actuacións desenroladas polo equipo de goberno respecto dos servizos esenciais competencia do Departamento de Obras e Servizos.

Previamente temos que sinalar que, a pesares de que no informe de emitido pola Interventora Municipal indicase que a súa emisión responde a poñer en coñecemento os aspectos a ter en conta para a determinación da contía que correspondería abonar AQUASERVI S.L en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal da Xestión do Servizo Municipal de Augas e Sumidoiro, o final do primeiro considerando faise constar o seguinte:

"Por outra banda, o citado artigo prevé que se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público se poida dispoñer, no mesmo acordo no que se declara a nulidade, a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, agora ben, únicamente se permite ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo. Advirto por escrito que NON teño constancia de trámite posterior algún ao meu informe referencia LMR CONTINUIDADE AUGASERVI / 2024 asinado o 17.07.2024 situación que podería amosar unha falta de dilixencia por parte dos responsables políticos dado que neste tempo si foron sometidos a informe e licitados ou en proceso de licitación outros expedientes de contratación como son: SUBMINISTRACIÓN DE LIÑAS, CADROS ELÉCTRICOS TEMPORAIS E RESTANTES ELEMENTOS PARA PROPORCIONAR ENERXÍA E ILUMINACIÓN AOS ESPAZOS DE CELEBRACIÓN DA VII ROMARÍA GALAICO ROMANA – GALAICOI (2024/C005/000005); XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2024 (2024/C004/000010), OPEN SCIENCE CAMBRE 2024 (2024/C005/000009), CABALGATA INFANTIL DE REIS MAGOS A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NO ANO 2025 (2024/C004/000023) ou a XVI XUNTANZA DO MAIOR 2024/C004/000012, os cales non están referidos a servizos municipais obrigatorios."

En relación con esta cuestión temos que sinalar que o departamento de obras e servizos dos que depende o devandito contrato de servizo de abastecemento de augas e sumidoiro, que ten de baixa ao xefe de departamento dende fai meses, traballa nos expedientes de contratación de varios servizos esenciais en precario como é o de limpeza das instalacións municipais, mantemento de zonas verdes, abastecemento de gasóleo, contratación das obras financiadas con subvencións da deputación, e tramitación do contrato de emerxencia de limpeza dos colexios municipais, previa declaración de emerxencia sanitaria.

En concreto, respecto ó contrato de servizos de abastecemento de auga potable e sumidoiros, no que o equipo de goberno leva anos traballando para poñer fin a situación de precariedade existente, a propia interventora municipal ten informado a prorroga para contrato de servizo de asesoramento integral do ciclo de auga (23/02/24), así como subscrito a preceptiva Retención de Crédito para a incoación do expediente de contratación do servizo de mantemento e conservación do servizo (6/3/24).

Isto é singularmente relevante non só para poñer fin a situación de precariedade deste servizo básico, senón tamén para solucionar unha das cuestións manifestadas reiteradamente nos informes emitidos polos técnicos municipais da Sección de Servizos, que teñen encomendada a función de supervisar o servizo prestado pola empresa AGUASERVI, S.L., tal e como temos visto nos antecedentes desta Resolución, como son as dificultades de controlar axeitadamente a eficacia do servizo prestado, a periodicidade, o persoal empregado e horas dedicadas ó mesmo, etc. por no contar con unas prescricións técnicas actualizadas e unha oferta do licitador que poida permitir un control rigoroso do mesmo, tal e como se analizará a continuación.

Segundo. Xustificación dos servizos prestados a que responden as facturas aprobadas mediante REC.

Con respecto as facturas correspondentes a XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO 4º trimestre 2022 e do 1º ao 3º trimestre de 2023 (ambos inclusive), aprobadas mediante REC nos acordos plenarios de 1 de abril de 2024 (288.627,94 €) e 20 de maio de 2024 (115.997,07 €), a pesar do criterio mantido pola interventora nas conclusións do seu informe, en canto a que procedería o seu reintegro pola entidade AUGASERVI S.L., polo feito de que non aparece a sinatura do técnico municipal competente (si a do Alcalde ou Concelleiro Delegado), o que acreditaría, segundo o seu parecer, que non esta acreditada a correcta execución do mesmo, non podemos compartir tal conclusión por múltiples razóns:

1º) Tal e como se consigna nos antecedentes, todas as facturas correspondentes a eses trimestres si que se acompañan dun informe do técnico competente onde faise constar que, a pesares das condicións nas que tense que informar xa referidas con anterioridade (prego técnico non actualizado, oferta do adxudicatario que permita un mellor seguimento, falta de recursos humanos, etc.), o servizo ten continuado prestándose a pesar da situación de precariedade do contrato, sen existir incidencias o queixas de importancia rexistradas na referida Sección, a descrición do gasto e coherente co importe consignado, á vista dos informes emitidos de xustificación das prestacións realizadas -informes de actuación, control de parámetros físico/químicos, partes de traballo, extractos de execución de visitas de comprobación-, acompañándose dunha declaración responsable do contratista da prestación efectiva de tales servizos; polo que estaría acreditada, cos medios de que se dispón, a correcta execución do servizo, o que permitiu a súa inclusión nos referidos recoñecementos extraxudiciais de crédito.

2º) Tratándose dun servizo de tracto sucesivo que leva nesta situación desde o ano 2005, o indicado sistema de control que teñen os técnicos da sección de Servizos á que corresponde a competencia para verificar a correcta prestación do servizo de abastecemento de auga e saneamento, coas limitacións descritas (técnicas e de recursos humanos) tense considerado un sistema de supervisión válido por outros interventores municipais que han informado con anterioridade as facturas correspondentes a este servizo.

3º) Entender non acreditada a prestación de servizo pola falta da firma do técnico municipal na propia factura (cando no informe técnico que se acompaña á factura se consignan claramente as circunstancias polas que se prefire aclarar o

procedemento ou sistema de control, limitacións e condicionantes cos que se chega a conclusión de efectiva prestación de servizo, en vez da mera subscrición dunha firma na factura correspondente), semella completamente precipitado e desproporcionado, fronte as actuacións de supervisión que ten podido facer os técnicos municipais cos medios de que dispón e a documentación que examinaron, e implicaría, ademais, unha sorte de revisión de oficio dos propios acordos firmes de recoñecemento extraxudicial de créditos aprobados en sesión plenaria, que non está prevista no noso ordenamento.

4º) Non pode ampararse a referida conclusión dos servizos de intervención municipal para esixir a devolución íntegra das facturas e aprobadas polos RECs no inciso incluído nos referidos acordos plenarios de aprobación, sinalando que “Unha vez rematada a revisión de oficio dos expedientes en marcha, tocará avaliar e equilibrar o pagado a través deste REC co resultado da indemnización procedente da revisión de oficio que intervención considera paso previo ao REC...”, por canto o referido inciso ten por finalidade “equilibrar” o pagado co resultado da indemnización, cando o resultado da liquidación que deriva da revisión de oficio, amosase necesario excluír algún dos conceptos que o integran (como é o beneficio industrial, tal e como se analizará mais adiante) pero en ningún caso esa devolución íntegra, como si o servizo non se tivera prestado: nese caso o procedente sería ter excluído as facturas presentadas do REC, por non terse prestado o servizo facturado.

Terceiro. Xustificación dos servizos prestados a que responden as facturas emitidas unha vez declarada a nulidade do contrato.

Con respecto as facturas correspondentes a con respecto ás facturas correspondentes a XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO 4º trimestre 2023 e do 1º e 2º trimestre de 2024, se ben o informe emitido polos servizos de intervención municipais sinala que si ben conteñen as sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal, engade que os informes técnicos non son concluíntes polo que a efectos da súa inclusión no importe da liquidación a favor de AUGASERVI, SL polo que advirte ó órgano xestor que debe actuar coas debidas cautelas, realizando as seguintes consideracións:

“Únicamente se pide que o técnico municipal informe se os servizos están o non realizados, é dicir, só caben dous opcións: ou están realizados ou non o están. Esta falta de claridade o único que consegue é sembrar dúbidas a esta intervención a cerca da correcta realización dos traballos facturados. Reitero a necesidade de acreditar a realidade da prestación facturada pois a corrección do prezo e a súa adaptación ao mercado é consecuencia directa desta, é dicir, a pregunta é simple: unha vez rematado o período contractual ¿realmente se estiveron a executar as prestacións nos mesmos termos e amplitude?. É aquí o quid da cuestión por canto se a resposta fose negativa e se estiveron a executar menos prestación que as contratadas, o feito de tomar como referencia o prezo de adxudicación non garante que éste sexa igual ou inferior ao actual prezo de mercado.”

Evidentemente, o feito de que se faga unha pregunta “simple” non significa que a resposta poida ser sinxela, tal e como se reclama desde o servizos de intervención municipal, por canto, como teñen reiteradamente sinalado os técnicos competentes para a devandita supervisión, solo con un prego de prescricións técnicos debidamente actualizados e unha oferta do licitador na que, en virtude dos pregos aprobados, se lle vincule a uns determinados obxectivos, o cumprimento de determinados parámetros, a realización de supervisión e inspeccións periódicas, os tempos de resposta ante solicitudes de alta ou anomalías no servizo, o subministro de información periódica ó concello, a elaboración e presentación de auditorías externas do servizo, etc. poderíase facer un control rigoroso do referido servizo básico, e contestar da forma “concluínte” que se require polos servizos de intervención municipal.

Esta Alcaldía actúa con todos medios de que dispón e con todas as cautelas necesarias, adoptando as medidas que se describen na Consideración Xurídica Segunda do informe da interventora municipal: aprobando unha nova distribución das áreas de goberno, con una concellería delegada que se faga cargo, entre outras materias, do seguimento dos servizos municipais; cubrindo cos medios humanos de que dispón o Concello na súa plantilla as funcións do Xefe de Sección de Servizos (que ten a competencia para a supervisión dos servizos prestados polas empresas para o Concello), ante a súa dilatada ausencia por incapacidade temporal; e, ante a insuficiencia de medios materiais e humanos no Concello, a contratación dos servizos de asesoramento integral do ciclo da auga para o estudo do servizo actual e configuración do novo contrato como contrato de concesión de servizos o contrato de servizos, elaboración do proxecto de explotación de servizos ou documentación técnica necesaria, pregos de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e asesoramento na tramitación do expediente de contratación dende o seu inicio; i, en particular, dar instrucións para que a nova configuración da prestación do referido servizo solvente, en especial, as necesidades manifestadas polos técnicos municipais en canto a que a súa configuración permita o seguimento, control e inspección da prestación do servizo do xeito mais áxil, completo, rigoroso i exhaustivo posible.

O que esta Alcaldía non pode é esixir os seus técnicos coma teñen que facer o seu traballo, cal e contido concreto que teñen que ter os informes, e como deben reflexar as súas conclusións; sen que as Bases dos Presupostos esixan tampouco un contido concreto para o informe que teña que elaborar os técnicos supervisores respecto dos gastos superiores a 5.000 euros.

Carto. Determinación da contía da indemnización a satisfacer como liquidación do contrato como consecuencia da súa declaración de nulidade tendo en conta os aspectos sinalados no informe de intervención municipal.

Tal e como se sinala no informe emitido pola interventora municipal:

"Asemade, ao abeiro das sentenzas e ditames citados na consideración xurídica terceira, o abono ou non do beneficio industrial é unha cuestión que haberá de analizarse ao abeiro das circunstancias particulares de cada caso de xeito que se non concurre boa fe por parte do "contratista" o procedente será detraer o beneficio industrial do importe a abonar en concepto de liquidación. AUGASERVI, SL é unha empresa dunha certa entidade que coñecía que estaba a actuar ao abeiro dun contrato nulo polo que non pode apreciarse boa fe por parte de quen coñece que está obrando á marxe do dereito. En consecuencia, non procedería a inclusión do beneficio industrial no importe da liquidación a favor de AUGASERVI, SL polo que haberá que restar desta a cantidade que resulte de aplicar o 6% á base imponible de cada unha das facturas correspondentes ao 4º trimestre de 2023 e 1º e 2º de 2024 (ambas inclusive, as únicas que contan coas sinaturas exixidas pola base 23ª das de execución do orzamento municipal)."

Pois ben, tendo en conta a doutrina sentada polas sentenzas e ditames citados na referida consideración xurídica terceira e as circunstancias particulares do presente caso, temos que chegar a conclusión de que non é procedente detraer o beneficio industrial do importe a abonar en concepto de liquidación.

Tal e como se reflexa no informe de intervención, a entidade AQUASERVI, S.L., nas alegacións presentadas no Concello, explicaba as razóns de seguir prestando o servizo, feitos que non son discutidos no informe:

"El 12 de diciembre de 1991, se firmó, entre el Ayuntamiento de Cambre y la empresa AUGASERVI, S.L., contrato administrativo para la gestión del servicio municipal de agua y red de suministros. Este contrato establecía una duración de diez años, prorrogables por períodos de tiempo anual hasta un máximo de tres años.

Transcurrido el plazo y con fecha 1 de febrero del 2005, el concejal delegado del área de Infraestructuras, Transportes, Seguridad Ciudadana y Protección Civil resolvió adjudicar por el procedimiento sin publicidad del artículo 159.2 a) del TRLCAP a la entidad AUGASERVI, S.L. la gestión del servicio municipal de agua y red de suministros del Ayuntamiento de Cambre, hasta que no se procediera a la adjudicación de un nuevo expediente de contratación, y por un período máximo de seis meses.

Desde aquel entonces, el contrato administrativo se encuentra caducado. Por ello, se decidió, mediante contratación verbal al amparo de lo dispuesto en la normativa para los contratos de "carácter de emergencia", continuar ejecutando el pliego de condiciones que regula el contenido del contrato administrativo entre las partes.."

E dicir, o contratista sigue prestando o servizo dun contrato caducado, a iniciativa e seguindo as instrucións da Administración contratante, configurándoo como unha situación transitoria en tanto non se procedera a adxudicación do novo contrato e con posterioridade como un contrato con carácter de emerxencia.

23.º- Informe de intervención referencia LMR LIQUIDACIÓN AUGASERVI 2-COMPLEMENTARIO /2025 asinado o 16.02.2025 có asunto informe de intervención que se emite con carácter complementario ao asinado o 10.02.2025 (CVD: gx9+ojcx4onZwWESDqJJ) no que respecta á consideración xurídica cuarta. (CVD: WvAO535nZYRtZT7NPJE0).

“(...) III)CUESTIÓN PREVIA

No meu informe LMR LIQUIDACIÓN AUGASERVI- 2/2025 asinado o 10.02.2025 có CVD: gx9+ojcx4onZwWESDqJJ e o asunto informe de intervención á proposta de alcaldía de recoñecemento de importe en concepto de liquidación a Augaservi SL, asinada pola alcaldesa o 30.01.2025 (CVD: 6XsPfEOReptbRI+8nbhl) fixen constar o seguinte:

“(…) Cuarta.- Outros aspectos a ter en conta na determinación do importe a satisfacer, no seu caso, a Augaservi SL en concepto de liquidación.

No cálculo da liquidación non foron tidas en conta as seguintes circunstancias, as cales, foron advertidas polos anteriores interventores:

- As facturas correspondentes ao consumo de enerxía as estivo a abonar o Concello de Cambre cando lle correspondía facelo a AUGASERVI SL. Primeiramente tales pagos fixéronse con carácter extraorxamentario e, de feito, figuran na conta 5550 por importe de 567.386,53 € e, posteriormente e ata a actualidade, foron imputados orxamentariamente á aplicación 160.221.00.
- Se a porcentaxe de aproveitamento medio en cada trimestre foi inferior ao 70%, habería que penalizar a AUGASERVI SL tal e como indica o contrato administrativo.

Asemade, AUGASERVI SL debería acreditar os ingresos percibidos pola instalación de acometidas, contadores e outros previstos na cláusula 9 do prego de condicións que rexeu a licitación dado que, tendo en conta que a retribución ao contratista configurouse por un importe por metro cúbico facturado e totalmente cobrado aos abonados, tales ingresos corresponderían ao Concello de Cambre e deberían ser detraídos da liquidación.

Por outra banda, na sesión plenaria de 04.03.2024 acordouse:

“(…) Terceiro: Designar ao Xefe da sección de servizos -D. Oscar Souto Muiño- como interventor técnico ao obxecto de que proceda a realizar as funcións de supervisión das obras e instalacións que serven ao servizo municipal de auga e sumidoiros e de que informe sobre o estado das mesmas e, nomeadamente, sobre as reparacións e reposicións que fosen necesarias realizar ao obxecto de mantelas nas condicións precisas para servir so fin ao que están destinadas. (...)”

Non consta no expediente o informe do xefe da sección servizos ao que se refire o acordo antes transcrito o cal, ademais das irregularidades transcritas ao longo deste informe, é obxecto de reparo por parte desta intervención. (...)”

Tendo en conta que nas conclusións xa advertín que de estimalo oportuno formularía as consideracións adicionais que procedesen, emito o presente coa finalidade de complementar o indicado na consideración xurídica Cuarta do meu informe LMR LIQUIDACIÓN AUGASERVI- 2/2025 asinado o 10.02.2025 (CVD: gx9+ojcx4onZwWESDqJJ)

IV) DETALLE DE INFORMES QUE SUSTENTAN E COMPLEMENTAN A CONSIDERACIÓN XURÍDICA CUARTA DO INFORME REFERENCIA LMR LIQUIDACIÓN AUGASERVI- 2/2025 ASINADO O 10.02.2025 (CVD: GX9+OJCX4ONZWESDQJJ).

Primeiro.- Os informes de anteriores interventores xa advertiron en relación á improcedencia de que o Concello de Cambre asumise o custe da enerxía eléctrica así como en relación á penalización a aplicar a AUGASERVI SL cando o aproveitamento medio en cada trimestre fose inferior ao 70%.

A interventora municipal dona **MIEA**, entre outros, no seu informe de data 21.04.2014 có asunto Conta resumo da xestión do servizo municipal de auga potable e sumidoiros correspondente ao terceiro trimestre de 2013 presentada por AUGASERVI, S.L. (Factura nº de rexistro de entrada en Intervención 144/2014) advertiu do seguinte: (*** o subliñado é propio**)

“(…) Segundo.- O Prego aprobado no seu día no expediente de contratación, sinala que **o contratista asumirá ao seu cargo tódolos gastos de conservación das instalacións de abastecemento de auga e rede de sumidoiros, incluídas as instalacións eléctricas e os consumos de enerxía.** Isto contéplase na oferta presentada polo concesionario téndose que facer cargo deles. Pois de **non facelo así, alteraríase o equilibrio financeiro da concesión e produciríase un enriquecemento inxusto do contratista.**

Por diferencias de criterio co contratista, as facturas correspondentes ao consumo de enerxía as está a aboar o concello de Cambre e **o consumo acumulado dende o comezo do contrato até o trimestre actual chegou a 864.069.37 euros** (sen IVE), dos que 64.888,22 euros son dende o primeiro trimestre de 2011. Estes consumos veñíanse tratando contablemente como pagos non orxamentarios **polo que o máis tardar cando se liquide o contrato haberá que imputar orxamentariamente ou ben aboalos polo contratista, segundo a resolución administrativa que se adopte.** Recentemente e considerando que non está cercana a regularización do servizo estáanse a imputar ao orzamentos de gastos. Namentres que o prezo a satisfacer ao contratista contratista pola súa xestión non é dabondo para lle facer fronte a estes consumos de enerxía. Porén, compre que o xestor do servizo garante o cumprimento do contrato mediante a retención do prezo (artigo 41 TRLCAP) para cubri-lo consumo acumulado de enerxía no caso de que non constituira unha garantía das previstas na lexislación contractual (artigos 35 e 36 TRLCAP) por ese importe. (...)”

O interventor municipal don **FJUA**, entre outros, no seu informe de data 30.09.2016 có asunto APROBACION DE FACTURAS. FASE ADO no que se fiscaliza (CVD: QBeh/XovmZwoyaehfsFm) no que se fiscaliza facturación do canon do contrato correspondente ao 1º trimestre de 2016 advertiu do seguinte: (* o subliñado é propio)

“(…) Segundo.- El pliego aprobado en su día en el expediente de contratación, señala que el contratista asumirá a su cargo todos los gastos de conservación de las instalaciones de abastecimiento de agua y red de alcantarillado, incluidas las instalaciones eléctricas y los consumos de energía. Esto se contempla en la oferta presentada por el concesionario, teniéndose que hacer cargo de ellos, ya que, de no hacerlo así, se alteraría el equilibrio financiero de la concesión y se produciría un enriquecimiento injusto del contratista. Sin embargo las facturas correspondientes al consumo de energía las está pagando el ayuntamiento de Cambre desde el principio.

Tercero.- El pliego dispone que, si no se consigue un aprovechamiento del agua del 70 por 100 se deducirá al contratista la diferencia en el canon de la gestión. Al no coincidir en el tiempo la adquisición de agua a la empresa suministradora, EMALCSA, ni disponer de datos actualizados de los m3 adquiridos al Ayuntamiento de Carral, hemos de realizar el calculo del porcentaje de aprovechamiento en relación a las facturaciones de Augaservi a los abonados, con el último período completo para evitar al máximo la mencionada distorsión temporal. De esta forma, los m3 adquiridos por el ayuntamiento durante el último año (teniendo en cuenta los datos de que se dispone del ultimo trimestre de 2014, y los tres primeros trimestres de 2015) fueron 2.043.731, habiéndose distribuido 1.425.847 m3 a los abonados del servicio, lo que equivale a un aprovechamiento medio del 69,76 por 100. (…)

O interventor municipal don **MRHS**, entre outros, no seu informe de fiscalización N°142 - REPARO N° 43 R de data 26.12.2018 có asunto EXPEDIENTE DE RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (CVD: 0+5kkYvzisCFUQa6zuGZ) no que se fiscaliza facturación do canon do contrato correspondente ao 4º trimestre de 2017 advertiu do seguinte: (* o subliñado é propio)

“(…)Segundo.- O prego aprobado no seu día no expediente de contratación, sinala que o contratista asumirá ao seu cargo todos os gastos de conservación das instalacións de abastecemento de auga e rede de sumidoiros, incluídas as instalacións eléctricas e os consumos de enerxía. Isto contéplase na oferta presentada polo concesionario, téndose que facer cargo deles, xa que, de non facelo así, alteraríase o equilibrio financeiro da concesión e produciríase un enriquecemento inxusto do contratista. Non en tanto, as facturas correspondentes ao consumo de enerxía as está a abonar o concello de Cambre desde o principio.

Terceiro.- O prego dispón que, se non se acada un aproveitamento da auga do 70 por 100 deduciráselle ao contratista a diferenza no canon da xestión. Xa que non coincide no tempo a adquisición de auga á empresa suministradora, EMALCSA, e as facturaciones de Augaservi aos abonados, procederemos a facer o cálculo cos últimos períodos completos non precritos, para evitar ao máximo a mencionada distorsión temporal e se disponga de datos dos m3 comprados ao Concello de Carral. (…)

En relación á facturación do canon do contrato correspondente ao 4º trimestre de 2017 fiscalizada no informe antes transcrito, con data de rexistro de entrada 19.07.2019 e número 0/4724 recibíuse escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de A Coruña dando conta da interposición, por parte de AUGASERVI SL, do recurso contencioso-administrativo contra a Resolución nº 800/2019. O procedemento resolveuse a favor da mercantil mais por un defecto de forma imputable ao Concello de Cambre o cal obviou o trámite de audiencia: (sentenza 24/2020 de 14.10.2024, PO 146/2019):

(…)

Segundo.- O resultado da auditoría de ingresos e gastos e de xestión da entidade Fontanería Otero (actualmente AGUASERVI, S.L.) realizada pola empresa PW Advisory&Capital Services, S.L.

A Xunta de Goberno Local na sesión do 02.04.2019 acordou adxudicar o contrato menor para a “Auditoría de ingresos e gastos e de xestión da entidade Fontanería Otero (actualmente AGUASERVI, S.L.)”, a prol da empresa PW Advisory&Capital Services, S.L. no prezo ofertado de 10.900 € sen IVE, e 13.189,00 € IVE incluído. (Expediente núm. 2019/C002/000074). A factura correspondente a dito traballo foi conformada o 23.12.2021 (CVD: zLkp3d6rSz25+qWMcGAI) e aprobada por resolución de alcaldía núm. 2426/2021 de 31 de decembro (CVD: vsja7ND/UARBE090Qyvp).

No informe da técnico de xestión orzamentaria de ingresos e control financeiro de data 12.03.2020 có asunto Auditoría de ingresos y gastos y de gestión de la sociedad Augaservi, S.L. (actualmente S.L.U.)”, realizada por la empresa PW

Advisory&Capital Services, S.L. en el municipio de Cambre relativa a los ejercicios 2014 a 2018, ambos inclusive (CVD: sZVHK/6Fr6WUhPqxx/S) indícase que: (* o subliñado é propio)

“(…)SEGUNDO.- Con respecto a la penalización impuesta por el Ayuntamiento a Augaservi, S.L, (…)

(..)

Augaservi, S.L. invoca la ilegalidad de la contratación verbal, considerando que serían nulos incluso el pliego de condiciones y todo acto derivado de la aplicación del mismo. Ello no parece ser consecuente con el hecho de que la empresa preste sus servicios con referencia a sus cláusulas y facture de acuerdo con las mismas, incluyendo los precios revisados de acuerdo con la fórmula de revisión contemplada en el pliego. El contratista que consiente una irregular actuación administrativa, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pudiera adolecer, tal y como reza abundante jurisprudencia sobre la materia, añadiendo que, si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquél y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio; se trataría de una situación que garantiza el interés general.

La conclusión de este punto es, según la técnica que suscribe, que si procede aplicar el resto de las cláusulas del pliego y oferta, como es el precio entre otras, también es aplicable la penalización correspondiente, aunque debería reiniciarse el procedimiento para garantizar la seguridad jurídica hacia el contratista, careciendo absolutamente de fundamento la recomendación de PW.

TERCERO.- Por lo que se refiere a la Auditoría de Costes y siguiendo el orden contenido en el informe, haremos el siguiente desglose por conceptos:

(…)

2. A continuación, son tratados en el informe de auditoría los **costes energéticos** asumidos por Augaservi y los asumidos por el Ayuntamiento aún correspondiendo a costes a soportar por el contratista, según el pliego que rige la contratación. En relación a estos últimos se trata del coste energético de los bombeos de aguas residuales incluidos en el sistema de saneamiento del municipio. (…)

Lo que se traduce básicamente en un importante ahorro de costes para Augaservi, S.L. que no se plasmó en una revisión a la baja del precio del servicio (este coste no incluido podría suponer unos 150.000 euros aproximadamente que la concesionaria dejó de pagar desde junio de 2017 hasta diciembre de 2018 y continúa en la actualidad).

(…)

4. A continuación se estudian en el informe de auditoría los **costes de mantenimiento y conservación.** En relación con el importe abonado a Augaservi, S.L. por facturas ajenas a las liquidaciones trimestrales, la empresa auditora considera que, entre 2014 y 2018, existió un importe de 32.557,71 euros que no debió haberse facturado pues forma parte de las obligaciones del prestador del servicio. (…)

CUARTO.- Existe un aspecto fundamental a la hora de hacer un análisis completo del servicio y que PW no ha mencionado siquiera. Ya se ha plasmado en varias ocasiones en el presente informe que, en la oferta presentada por el adjudicatario, se recogió en su día, dentro de los servicios complementarios (pag. 17 a 20), la exclusividad a favor del mismo de la realización de todos los enganches necesarios a nuevos usuarios de la red, tanto de distribución de agua como de alcantarillado. Para ello, se fijan unos precios básicos de enganche Ayuntamiento. En caso de enganche a la red del agua, el precio básico lo fija en 34.819 pts (209,26 euros) y en la de alcantarillado en 25.942 pts (155,91 euros); en ambos precios figura incluido un 19 % de incremento sobre el PEM de gastos generales y beneficio industrial, pero no el IVA.

Pues bien, al disponer de las facturas emitidas por Augaservi a los abonados, podemos constatar que los precios aplicados difieren enormemente de los aprobados. Así, el mínimo precio que se ha encontrado en los años del estudio, referido a enganche a la red de distribución de agua es de 380,00 euros (sin IVA); a partir de ese precio, se aplicaron importes muy superiores en muchos casos, como ejemplo la factura 8/2018 de acometida en Souto por 540,00 euros (sin IVA) o la 17/2018 de acometida en Brexo por 445,00 euros (sin IVA).

En cuanto a enganches de alcantarillado sorprende que Augaservi no haya emitido factura alguna a los abonados por este concepto. (…)

En base a lo expuesto, sería preciso determinar con concreción qué enganches, tanto de abastecimiento como de saneamiento, realizó directamente Augaservi a los abonados y cuántos de ellos **no figuran facturados oficialmente**, si es el caso (...)

QUINTO.- Otro aspecto fundamental del presente análisis ha de tratar la evolución del Patrimonio contable de la empresa Augaservi, S.L., el cual no se ha mencionado siquiera (...).

Podemos observar que entre 2013 y 2018 la empresa se descapitalizó en 987.000,00 euros inversiones financieras a largo plazo. También disminuyeron los activos líquidos en 248.909,57 euros. Analizando los diarios de operaciones se puede comprobar que Augaservi, S.L. gozaba de una situación de Tesorería muy favorable, pudiendo mantener durante muchos años importes en imposiciones a plazo fijo de alrededor de un millón de euros lo que le suponía un amplio resultado financiero en intereses deudores. (...)

Como podemos comprobar, entre 2013 y 2018 el patrimonio neto de la sociedad disminuyó en 356.111,46 euros, aunque también disminuyó en 705.777,11 euros el saldo de los acreedores a corto plazo. Esta evolución tiene su origen, según se desprende de las operaciones diarias de los libros contables, en la forma de financiación de que se beneficiaba la sociedad, pues sus grandes números resultan de los padrones del agua y alcantarillado aprobados trimestralmente, así como la tasa de basuras que Augaservi recauda para el Consorcio das Mariñas. Pues bien, cada trimestre Augaservi ingresaba directamente en sus cuentas alrededor de un millón de euros de dichos padrones, importe que mantenía en su tesorería durante varios trimestres mientras no presentaba la cuenta justificativa de la gestión de cobro. Esta actuación permitía que la empresa invirtiera esa liquidez en depósitos rentables, a la vez que le exoneraba de acudir al crédito de instituciones financieras (se puede observar que Augaservi, S.L. no tenía concertada ni póliza de crédito ni préstamo de ningún tipo, créditos que son habituales en cualquier actividad empresarial). Este hecho fue detectado por la Intervención municipal en el año 2015, poniéndolo en conocimiento de la Tesorería municipal y dando instrucciones para rectificar dicho procedimiento de manera que los ingresos se realizasen directamente en las arcas públicas. Fue a partir de 2017 cuando el Ayuntamiento, a instancia de la Tesorería, abrió con fecha de diciembre una cuenta en el Banco Sabadell para que los ingresos de los padrones se ingresaran directamente en la misma, lo que no fue efectivo hasta mediados del año 2018.

(...)

SEXTO.- La sociedad AUGASERVI, S.L. no lleva una contabilidad separada de la gestión municipal, sino que en su única contabilidad reúne todas las operaciones realizadas por la misma, incluida la prestación de servicios (...)"

O documento elaborado pola empresa PW Advisory&Capital Services, S.L. en cumprimento do contrato menor adxudicado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 02.04.2019 tamén foi obxecto de análise polo interventor don FJUA no informe referencia JUA NUM 143/2020 de data 09.06.2020 (CVD: 70vIvhY1PI3z5SLidi+/) no cal advertiu do seguinte: (* o subliñado é propio)

"(...) 3.2.3 CONSIDERACIONES RESPECTO AL TRABAJO PRESENTADO POR LA ADJUDICATARIA:

1. Se verifica que la empresa realizó el trabajo dentro del marco de una asesoría técnica, nunca de una auditoría.
 2. Se tomará el informe como un informe externo de una consultora independiente, a efectos de minimizar los perjuicios económicos para con la administración
- (...)

(...)3.4.2. CONSIDERACIONES RESPECTO A LA LIQUIDACIÓN DEL CONTRATO:

1. Nos encontramos con las consecuencias de no haber licitado el contrato en su día y de una falta de control por parte de la administración durante la vigencia real del contrato que motiva que difícilmente ahora se puedan tener claras las prestaciones debidas por ambas partes.
2. Se reconoce que las dos cantidades obrantes en el expediente, aunque dispares, son motivadas y son la prueba de que pueden establecerse innumerables interpretaciones de un contrato más que prescrito y con cláusulas completamente desnaturalizadas.
3. En este caso existen dos opciones. Tomar como referencia el informe de la empresa PW ADVISORY&CAPITAL SERVICES, S.L. e intentar llegar a un acuerdo con la empresa AUGASERVI SL reconociéndose ambas partes las contraprestaciones allí establecidas, o acudir a los máximos establecidos en el informe de la técnico municipal con el riesgo de un ulterior pleito que puede llevar a que la empresa presente un peritaje propio y pueda derivar en responsabilidades patrimoniales para el ayuntamiento en caso de perder dicho pleito.

3.4.3 CONCLUSIONES RESPECTO A LA LIQUIDACIÓN DEL CONTRATO

1. Resolver el contrato inmediatamente.

2. Valorar los pros y los contras sobre optar por un acuerdo con la empresa que resuelva la relación contractual y retire el pleito actualmente vigente o reclamar cantidades a la empresa y continuar con los pleitos teniendo en cuenta el riesgo existente.

4. CONCLUSIONES FINALES.

1. Se considera NULO el contrato menor de auditoría.

2. Se aceptan los trabajos como un informe externo de una consultora independiente.

3. Se insiste en la necesidad de resolver con carácter inmediato la situación de precariedad de este contrato resolviendo la relación con la empresa Augaservi SL y que el abono a Augaservi, S.L. debe de llevarse a cabo por los gastos realizados en la ejecución de los trabajos, para evitar un enriquecimiento injusto de la Administración y no conforme a una factura amparada en un contrato nulo. Toda factura presentada o dilación en lo indicado en este punto tiene que motivarse a efectos de que esta intervención no se vea abocada a lo indicado en el artículo 5.2 del RD 424/2017: (...)"

V) CONCLUSIÓN

No cálculo da liquidación que poida corresponder a AUGASERVI SL non se poden obviar os seguintes conceptos a favor do Concello de Cambre:

- Enerxía eléctrica: as facturas correspondentes ao consumo de enerxía as estivo a abonar, dende o principio do contrato, o Concello de Cambre cando lle correspondía facelo a AUGASERVI SL. De feito, a interventora municipal dona MIEA no seu informe de data 21.04.2014 advertiu que o consumo acumulado dende o comezo do contrato ata o 3º trimestre de 2013 foi de 864.069,37 euros (sen IVE) e a técnico de xestión orzamentaria de ingresos e control financeiro no seu informe de data 12.03.2020 (CVD: sZVHk/6Fr6WUhpqxx/S) cifra en 485.972,56 euros o coste enerxético asumido irregularmente polo concello de forma directa no período 2014-2018. Dende dito exercicio ata a actualidade o Concello de Cambre seguiu asumindo, improcedentemente, os custes enerxéticos se ben para coñecer o importe concreto é preciso realizar, con tempo, unha análise da aplicación orzamentaria 161.221.00 dende 2018.

O que está fora de toda dúbida é que os custes enerxéticos que foron tratados contablemente como pagos non orzamentarios e que figuran na conta 5550 por importe de 567.386,53 € deberán, coa liquidación do contrato verbal ou ben ser abonados por AUGASERVI SL ou ben, có perxuízo económico que iso conlevaría para o Concello de cambre, ser imputados ao orzamento municipal.

- Penalización a aplicar AUGASERVI SL se a porcentaxe de aproveitamento medio en cada trimestre foi inferior ao 70%, o que implicaría comparar os metros cúbicos que constan nas facturas de EMALCSA correspondentes á adquisición de auga cós metros cúbicos facturados por AUGASERVI, SL
- Ingresos percibidos por AUGASERVI SL en concepto de instalación de acometidas, contadores e outros previstos na cláusula 9 do prego de condicións que rexeu a licitación dado que, tendo en conta que a retribución ao contratista configurouse por un importe por metro cúbico facturado e totalmente cobrado aos abonados, tales ingresos corresponderían ao Concello de Cambre e deberían ser detraídos da liquidación.

Asemade, é preciso que previamente á aprobación da liquidación o interventor da concesión nomeado por acordo plenario de 04.03.2024 realice as funcións de supervisión das obras e instalacións que serven ao servizo municipal de auga e sumidoiros e que informe sobre o estado das mesmas e, nomeadamente, sobre as reparacións e reposicións que fosen necesarias realizar ao obxecto de mantelas nas condicións precisas para servir ao fin ao que están destinadas.

Reitérase o informe **desfavorable** á proposta de recoñecemento de liquidación a AUGASERVI SL, asinada pola alcaldesa o 30.01.2025 (CVD: 6XsPfEOreptbRI+8nbhl), polos motivos sinalados ao longo deste informe os cales fundamentan a emisión dun reparo suspensivo ao abeiro dos artigos 216.2.c) e 216.2.d) do TRLFL. (...)"

Vista a **sentenza de data 14.10.2020 do xuzgado do Contencioso Administrativo nº 2 de A Coruña no procedemento ordinario 146/2019** polo que se estima o recurso presentado por Augaservi S.L frente a resolución

num. 800/2019 de 23.04.2019 da alcaldía do Concello de Cambre pola que se desestima o recurso de reposición interposto pola empresa contra a resolución 2213/2018

Visto o informe de intervención, que data 22.12.2020 con CVD: ubn94oaUmOnRKLCJUC29 onde non se fai constar advertencia algunha respecto da imposición de penalidades, unha vez recaída a sentenza anteriormente referida, senón que se sinala:

"(...)1.- Se emite informe desfavorable con efectos suspensivos a la aprobación de las siguientes facturas, motivado en la nulidad o, como poco, ineficacia en la mayoría de las cláusulas del contrato, debido, entre otras, al transcurso de más de 15 años desde la finalización del plazo de ejecución del mismo junto con sus prórrogas,

A día de hoy, la empresa AUGASERVI SL (antes Fontanería Otero) presta en precario el contrato de gestión del servicio municipal de agua potable y alcantarillado.

Esta Intervención viene reparando facturas por idéntico motivo de forma reiterada, sin que tenga a la fecha conocimiento de la tramitación efectiva del oportuno expediente de contratación, por lo que se insta una vez más, el inicio urgente del procedimiento administrativo de adjudicación del contrato del servicio de agua y alcantarillado, en caso de que no se encuentre iniciado.

2.- En anteriores informes se propuso el abono a Augaservi, S.L. de los gastos realizados en la ejecución de los trabajos, para evitar un enriquecimiento injusto de la Administración, en lugar de abonar un precio procedente de un contrato nulo o ineficaz en el mejor de los casos, cuyas prestaciones en su origen difieren ampliamente de las prestaciones actuales, por haber variado profundamente el objeto de los servicios prestados".

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- LEVANTAR os reparos suspensivos emitidos pola interventora municipal, por aplicación dos artigos 216.2.c) e 216.2.d) do TRLFL, nos seus informes referencia LMR LIQUIDACIÓN AUGASERVI- 2/2025 asinado o 10.02.2025 có CVD: uOp/SUODc815d1lfp6Mm e referencia LMR LIQUIDACIÓN AUGASERVI 2-COMPLEMENTARIO /2025 asinado o 16.02.2025 có CVD:WvAO535nZYRtZT7NPjE0, polos motivos expostos na proposta de recoñecemento de liquidación Augaservi, asinada pola alcaldesa o 30.01.2025 (CVD: 6XsPfEOrEptbRI+8nbhl) a cal reproducese no antecedente 16.^º-

2.- Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das facturas correspondentes a XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO 4º trimestre 2022 e do 1º ao 3º trimestre de 2023 (ambos inclusive), aprobadas mediante REC nos acordos plenarios de 1 de abril de 2024 (288.627,94 €) e 20 de maio de 2024 (115.997,07 €), ascendendo o importe en concepto de liquidación as referidas cantidades de 288.627,94 € e 115.997,07 €, e que xa foron abonadas ó contratista.

3.- Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das ás facturas correspondentes a XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO 4º trimestre 2023 e do 1º e 2º trimestre de 2024, por un importe total de 303.802,15 €, ascendendo ó referido importe en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo de contratación

4.- Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar as obrigas así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento do importe anterior cuxo detalle é o que segue:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplicación orzamentaria
F/2024/1500	29/04/2024	2024 71	29/04/2024	104.959,96	B15359383	AUGASERVI, S.L.	CANON GESTIÓN SERVICIO MUNICIPAL DE AGUA Y ALCANTARILLADO CUARTO TRIMESTRE 2023	160.227.99
F/2024/3228	13/09/2024	2024 130	13/09/2024	98.745,56	B15359383	AUGASERVI, S.L.	CANON SERVICIO DE AGUA Y ALCANTARILLADO PRIMER TRIMESTRE 2024	160.227.99

F/202 4/398 5	27/11/ 2024	2024 164	27/11/ 2024	100.096,63	B15359383	AUGASERVI, S.L.	CANON GESTION SERVICIO MUNICIPAL DE AGUA Y ALCANTARILLADO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024.	160.227.99
TOTAL				303.802,15				

»

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 15/2025, do 19 de febreiro de 2025 (CVD: celJQSlph/VtiuJ8VDBv), na que se informa desfavorablemente a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025, e que transcrita di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 15/2025

Remitido a Secretaría en data 17 de febreiro de 2025 a través da plataforma de tramitación electrónica TDeC o expediente 2025/G006/000029, relativo á proposta de alcaldía de recoñecemento de importe en concepto de liquidación a AUGASERVI, S.L. como consecuencia da declaración de nulidade do contrato verbal de xestión do servizo municipal de abastecemento de auga e sumidoiro, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo ábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto (o expediente delegouse a Secretaría o día 17 de febreiro de 2025 e pola alcaldesa comunicouse a súa intención de sometelo á consideración da Comisión Informativa correspondente na vindeira sesión ordinaria a celebrar o día 20 de febreiro de 2025), motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia da técnica de xestión que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risco que a síntese entrena. É por iso polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas, de ser preciso.

Sentado o anterior, e en relación ao expediente remitido, coas limitacións derivadas do sinalado fanse as seguintes consideracións:

Como antecedente máis relevante aos efectos do que logo se dirá cómpre sinalar que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 31 de xullo de 2024, e logo do ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, adoptou o acordo (con nove votos a favor e once abstencións) cuxos apartados primeiro e segundo da parte dispositiva din:

“ **Primeiro.-** Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVICIO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado XESTION SERVICIO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA 3ª da LCSP; dos artigos 213 e 214 do TRLFL e dos artigos 7,8,10 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Segundo.- Continuar coa prestación do servizo consistente na XESTION SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E SUMIDOIRO prestado pola empresa AUGASERVI, S.L. nos mesmos termos que se viña desempeñando, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo que se deriva do grave trastorno ao servizo público provocado pola declaración de nulidade. “

Contra este acordo a entidade mercantil AUGASERVI, S.L. interpuxo recurso contencioso administrativo que se sustancia no Xulgado do contencioso administrativo número 4 de A Coruña (procedimiento ordinario 0000107/2024).

En canto aos efectos da declaración de nulidade de pleno dereito, debe estarse ao disposto no artigo 42 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público(LCSP), precepto legal que prescribe que:

“ La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo, y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido”

A liquidación dos contratos debe practicarse unha vez a declaración de nulidade adquira firmeza, e o valor das prestacións debe calcularse precisamente no momento inicial no que se produciron os pactos, pois debe terse presente que, polo carácter orixinario, estrutural e insubsanable da nulidade, a propia natureza da acción restitutoria determina que o momento do dito cálculo debe ser o do pacto. Xunto co anterior, a restitución só debe comprender o valor da prestación realizada, o que inclúe os seus custos efectivos, pero sen que quepan os demais resarcimentos propios dun contrato eficaz, polo que a obriga de devolver non deriva, neste caso, do contrato, senón da regra establecida no artigo 42 da LCSP, o cal determina a extensión da restitución unicamente ao valor da prestación, incluíndo, por conseguinte, todos os custos (e tan só os mesmos) soportados por quen a efectuou.

Con independencia do pago do valor da prestación realizada, calquera outra partida (como o beneficio industrial) habría de ampararse, no seu caso, no inciso final do artigo 42 , conforme ao cal, *“la parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.”*

Polo tanto, as consecuencias da declaración de nulidade do contrato son:

- a) O contrato entra en fase de liquidación e , como consecuencia disto, as partes deben restituirse recíprocamente as cousas que recibiran en virtude deste.
- b) Cando non sexa posible devolver as prestacións, as partes deben devolverse o valor.
- c) Se se producen danos entre as partes, a culpable debe indemnizalos.

A doutrina maioritaria dos Consellos Consultivos ven establecendo que considera axeitado a non detracción do beneficio industrial sempre que non se aprecie culpa das partes.

Pola contra, considera que débese descontar o beneficio industrial cando se aprecia a concorrencia de culpas dos contratantes, e vai acompañada da presunción de que resulta altamente improbable que quen contrata coa Administración descoñeza, por mínima que sexa a súa dilixencia, que non pode producirse unha contratación prescindido de todo procedemento.

Xunto as anteriores consideracións se veñen engadindo outras, enlazando incluso a conclusión cos principios que rexon a contratación pública, para dotala da maior solidez, que abundan na necesidade de avaliar o grao de coñecemento da empresa da súa situación irregular, non permitindo que se beneficie diso, detraendo nese caso o beneficio industrial para acabar con estas condutas contrarias ao ordenamento xurídico.

A Comisión Xurídica Asesora da Generalitat de Cataluña no dictame 189/2023, de 8 de xuño de 2023, e facéndose eco da doutrina doutros órganos consultivos sinalou que “[...] *habitualmente se admite la inclusión del beneficio industrial en el caso de inexistencia de culpa (dolo o negligencia) o bien de mala fe del contratista. En otras palabras, desde un punto de vista sustantivo, en aquella hipótesis en la cual, **en atención a las circunstancias del caso concreto, no se pueda afirmar que tenía conocimiento de la irregularidad del contrato y, por tanto, no sea procedente su calificación como concausante de su nulidad***” (fundamento xurídico VII.2). (o destacado en negrita e subliñado é propio)

Cabe destacar que noutros ditames, a dita Comisión Xurídica Asesora ten en conta as circunstancias concorrentes no caso (a acreditada experiencia da empresa no sector ou a duración do contrato verbal, entre outras) para considerar se a empresa actuou ou non de boa fé.

Así no dictame 245/2023 sinala que : “[...] **la contratista no podía desconocer la irregularidad del contrato verbal, al ser una empresa con acreditada experiencia en el sector, además de constatar que la duración de la situación irregular no fué puntual, sino que se prolongó durante dos años** [...]”. Es por esta razón que la Comissió no puede compartir el criterio de la Administración cuando, en este caso, sostiene que en relación con el encargo verbal la empresa sufrió unos daños que no tenía la obligación jurídica de soportar. **El argumento expuesto por el Ayuntamiento relativo a que la empresa siguió prestando el servicio por las instrucciones del responsable del contrato en base al principio de buena fe no resulta suficiente para contrarrestar la presunción que la empresa no podía desconocer la flagrante irregularidad del encargo verbal, circunstancia que lo ha hecho concausante de la nulidad que ahora se declara**” (fundamento xurídico VI.3).”(o destacado en negrita e subliñado é propio)

Neste mesmo sentido tamén se pronuncia a xurisprudencia. Así:

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 2021, sala do contencioso (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) maniféstase nos seguintes termos en relación á boa fé:

“(…/…)B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.

O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.

Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administración poidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.

En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.

A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. **Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser**

indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite.

En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)" (o destacado en negrita e subliñado é propio)

E a Sentenza do Tribunal Supremo 4480/2023, de 17 de outubro de 2023, Sala do Contencioso, Sección: 3) Nº de Recurso: 6316/2020, Nº de Resolución: 1275/2023 expón o seguinte: (* a negrita e o subliñado é propio)

"(.../...) TERCERO.- La jurisprudencia de la Sala sobre la aplicación del principio de la prohibición del enriquecimiento injusto.

1.- El principio del enriquecimiento injusto o sin causa, que en su inicio fue elaborado por la jurisprudencia en el orden civil, ha sido acogido y viene siendo aplicado por la jurisprudencia de esta Sala, al menos, según señalan las sentencias de 15 de abril de 2002 (recurso 10381/1997) y 11 de mayo de 2004 (recurso 3554/1999), desde los años sesenta, con ciertas matizaciones derivadas de las singularidades propias de la relación jurídicoadministrativa.

2.- En la aplicación del principio de enriquecimiento injusto o sin causa, esta Sala viene exigiendo los mismos requisitos establecidos por la jurisprudencia civil, que sintetizan las dos sentencias antes reseñadas en la forma siguiente:

"a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.

b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.

c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. O, dicho en otros términos que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.

d) La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."

En relación con este último requisito, cabe añadir que consiste en la ausencia de una justa causa del enriquecimiento, entendiendo por justa causa de una atribución patrimonial, de acuerdo con la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal de 13 de enero de 2015 (recurso 1147/2013), "aquella situación jurídica que autoriza, de conformidad con el ordenamiento jurídico, al beneficiario de la atribución para recibir ésta y conservarla, lo cual puede ocurrir porque existe un negocio jurídico válido y eficaz o porque existe una expresa disposición legal que autoriza aquella consecuencia".

*3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una **nueva exigencia**, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), **de singular importancia. con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa. se conviertan en un fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.***

*Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el **desequilibrio** "ha de estar constituido por prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración" (.../...)"*

Máis recentemente a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do Xulgado do Contencioso administrativo número 2 de Santa Cruz de Tenerife , sinala o seguinte:

“(…/…)

QUINTO.- Beneficio Industrial.

Igualmente se ha considerado en las últimas resoluciones y en base al ingente número de recursos basados en facturas impagadas procedentes de contratos ilegales, y con el fin de desincentivar tal práctica, el no reconocimiento del beneficio industrial, por lo que se considera adecuado proceder a tal deducción

(…/…)

*Dice la STS 462/2013 de 11 de enero, recurso 5892/2012 “(…/…) **Ahora bien, cuando el artículo 1106 CC regula la indemnización de perjuicios lo hace en relación con el incumplimiento de las obligaciones, regulado en el artículo 1101, y como se ha razonado antes, el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables.** De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos, pues si la anulación del contrato y en consecuencia la de las obligaciones derivadas del mismo, produce en cuanto a estos el efecto de establecer como indemnización por su incumplimiento el deber de abono del lucro cesante que se hubiese obtenido del cumplimiento de la obligación, a la postre la parte perjudicada por la anulación del contrato percibiría de la contraria el mismo beneficio que si el contrato hubiese sido válido; y ello sin la carga sinalagmática que representa para ella el cumplimiento de las prestaciones del contrato. Sin negar que el artículo 65 cuestionado determine el deber legal de indemnizar, no solo daños, sino también perjuicios, lo que no cabe es que, para la identificación de éstos, con todo el problematismo que ello pueda acarrear, dichos perjuicios puedan establecerse acudiendo al régimen legal de algo diferente a la nulidad de la obligación, como es su incumplimiento.*

La invalidez y la resolución del contrato son instituciones diferentes a las que no cabe duda que el legislador ha querido dar una regulación diferenciada. La invalidez del contrato supone que la obligación no ha llegado a nacer válidamente y la resolución del contrato supone privar de efectos a una obligación válidamente nacida al mundo del derecho.

De todo lo anterior se desprende que, sin negar que además del daño deban indemnizarse los perjuicios, y que estos sean diferenciables de aquellos, esa identificación y prueba no puede consistir en la de los perjuicios derivados del incumplimiento de una obligación existente, que es precisamente lo que se hace al considerar como tales perjuicios el lucro cesante ligado al incumplimiento de obligación.”

O Consello Consultivo de Andalucía sinala tamén sobre este particular no seu ditame 40/2022, de 27 de xaneiro de 2022 o seguinte:

“(…/…) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que el contratista que consiente una irregular actuación administrativa, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios. En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento.”

E o Consello Consultivo de Castela e León no seu ditame núm. 282/2016, de 28 de xullo de 2016, , ao analizar os límites da revisión de oficio, sinala que para aplicar o límite da boa fé ou o principio de confianza lexítima, é necesario que o interesado descoñeza a ilegalidade da actuación da Administración e que non actuase de xeito imprudente ao descoñecela.

Así o expón nos seguintes termos:

“...Para aplicar el límite de la buena fé o el principio de confianza legítima para proteger una situación concreta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es necesario que el interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al

desconocerla. Esta exigencia es coherente con el fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que sólo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga.

Requisito, polo tanto, para que proceda o aboamento do beneficio industrial nos supostos de declaración de nulidade de pleno dereito do contrato, neste caso verbal, é a concorrencia da boa fé do contratista.

E sobre dito extremo debe advertirse a imposibilidade de extraer concretos pronunciamentos aplicables *semper et ubique*, é dicir, aplicables sempre e en todos os casos, prescindindo de aproximarse ás circunstancias concretas do caso, polo que o feito de que nun caso se resolva dunha maneira non significa que noutro no que concurran circunstancias de feito distintas, o resultado sexa distinto. Polo tanto, debe analizarse casuísticamente cada expediente e analizar as circunstancias concorrentes en cada caso.,

Sentado o anterior, procede dilucidar se no caso que agora se examina concorre o requisito da boa fé do contratista.

Este extremo (o relativo á boa fé) xa foi analizado nos informes emitidos en relación ao procedemento de revisión de oficio incoado e que concluíu coa declaración de nulidade de pleno dereito da contratación verbal.

En concreto, a Interventora municipal no seu informe de data 15 de xaneiro de 2024 (CVD: 0NVk9qfPDAV59oyZRdYp) con referencia ás sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 2021 e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León 636/2013, de 15 de abril recurso 796/2011 que menciona concluíu que non quedaba acreditada documentalmente a boa fe por parte de , entre outras, a empresa AUGASERVI, S.L.

De feito, a non acreditación da boa fe do contratista foi o motivo polo que non se apreciou a confluencia dunha das esixencias que a xurisprudencia do Tribunal Supremo fixa para poder aplicar directamente a doutrina do enriquecemento inxusto (entre outras, sentenzas de 12 de decembro de 2012 (STS 8362/2012 - ECLI:ES:TS:2012:8362), 12 de maio de 2008 (ROJ:STS 2465/2008-ECLI:ES:TS:2008:2465 Recurso: 478/2007), e 17 de outubro de 2023 ROJ: STS 4480/2023 - ECLI:ES:TS:2023:4480) requisito-o da ausencia de mala fe- que o Tribunal Supremo considera de singular importancia ***“con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio e eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.”***. (O destacado en negrita é propio).

Existen no suposto examinado unha serie de circunstancias que determinan, a xuízo da que subscribe a non concorrencia da boa fé da empresa contrasta. Así:

A) - Por unha banda, a empresa non pode alegar descoñecemento da irregularidade do encargo verbal ao ser plenamente coñecedora da situación ilegal, o que a convirte en concausante da nulidade de pleno dereito. E iso - como tamén sinala a interventora municipal- se acredita coa documentación presentada por AUGASERVI, S.L. no rexistro xeral do Concello de Cambre o 07.12.2018 (núm. Revisto entrada 20189000000296), na cal recoñece a existencia dun contrato verbal, dunha situación irregular así como a nulidade dos actos. Sinala no dito escrito, entre outras cousas, o seguinte:

“(…/…)ALEGACIONES

PRIMERA.- NULIDAD DEL ACTO POR VULNERACIÓN DEL PROCEDIMIENTO LEGALMENTE PREVISTO EI 12 de diciembre de 1991, se firmó, entre el Ayuntamiento de Cambre y la empresa AUGASERVI, S.L., contrato administrativo para la gestión del servicio municipal de agua y red de suministros. Este contrato establecía una duración de diez años, prorrogables por períodos de tiempo anual hasta un máximo de tres años. Transcurrido el plazo y con fecha 1 de febrero del 2005, el concejal delegado del área de Infraestructuras, Transportes, Seguridad Ciudadana y Protección Civil resolvió adjudicar por el procedimiento sin publicidad del artículo 159.2 a) del TRLCAP a la entidad AUGASERVI, S.L. la gestión del servicio municipal de agua y red de

suministros del Ayuntamiento de Cambre, hasta que no se procediera a la adjudicación de un nuevo expediente de contratación, y por un período máximo de seis meses.

Desde aquel entonces, el contrato administrativo se encuentra caducado. Por ello, se decidió, mediante contratación verbal al amparo de lo dispuesto en la normativa para los contratos de “carácter de emergencia”, continuar ejecutando el pliego de condiciones que regula el contenido del contrato administrativo entre las partes.

(.../...)

Es decir, la normativa solo prevé este supuesto excepcional de contratos administrativos verbales para casos en los que existan causas de acontecimientos catastróficos, situaciones que supongan grave peligro o de necesidades que afecten a la defensa nacional. Ninguno de estos supuestos es el que ha dado lugar a que, actualmente, las partes se encuentren en esta situación.

Consecuentemente, la entidad AUGASERVI, S.L. lleva más de diez años prestando el servicio de gestión de agua en el Ayuntamiento de Cambre al amparo de un pliego de condiciones resultante de un contrato público administrativo caducado, que no se encuentra en vigor, y que ha sido prorrogado de manera fraudulenta, sin que por parte del Ayuntamiento, durante todo este transcurso de tiempo, se incoara nuevo expediente de contratación pública para regularizar la situación.

Todo ello conlleva a que el Ayuntamiento de Cambre lleve estos años sin formalizar el contrato correspondiente tal y como la normativa se lo exige, actuando fuera del marco del procedimiento legalmente previsto a tal efecto, por lo que todo acto dimanado de la aplicación de dicho pliego de condiciones es **nulo**, al amparo de lo dispuesto en el artículo 39 de la LCSP, con remisión al artículo 47.1 apartado e) de la Ley 39/2015. (.../...) “

Resulta, polo tanto, á vista do anterior escrito que a entidade mercantil coñecía a irregularidade da situación en que se prestaba o servizo, que a mesma non se atopaba amparada pola lexislación vixente, así como a nulidade dos actos.

B) A situación de ilegalidade do contrato verbal non foi algo temporal, senón que se dilatou no tempo máis de dezanove anos (o contrato no seu día celebrado coa empresa extinguiuse polo transcurso do prazo máximo (incluídas as prórrogas) o 21 de agosto de 2005); é dicir, non se tratou da continuidade da prestación unha vez extinto o contrato durante o prazo imprescindible no que se tramitaba un novo expediente tendente á nova adxudicación, senón que se mantivo no tempo ata máis de dezanove anos, resultando incluso que a día de hoxe aínda non está convocada a nova licitación para contratar a prestación.

En relación a isto reitérase o sinalado pola que subscribe no informe emitido en data 27 de febreiro de 2024 no expediente de revisión de oficio (CVD: 38vq2PmkEkkg/Zs4rkRW):” (.../....) *esta continuidade só é admisible se se limita ao estritamente necesario e por un tempo limitado. É dicir, debe limitarse no tempo ao estritamente imprescindible ao constituír unha patente infracción da regulación dos contratos públicos, que non pode aceptarse, e que só pode xustificarse por causas ineludibles de interés público.*

Trátase, polo tanto, dunha continuación provisional e limitada no tempo, sen que poida transgredirse o límite infranqueable imposto polo necesario respecto á causa que motiva á adopción dunha medida deste calado, polo que lóxicamente, e como se expuso, toda orde de continuidade debe vir acompañada dunha actuación por parte do Concello en orde a licitar a contratación do servizo. Xa que logo, adoecen de eficacia aqueles acordos, decisións ou medidas cuxa execución ou prolongación no tempo implique a desnaturalización da causa ou do fin perseguido co exercicio de dita potestade exorbitante, xa que a continuidade non pode server como un mero pretexto para dar cobertura xurídica a unha situación irregular e meramente transitoria que se prolongue no tempo.

(.../....)

Non se trata, polo tanto, da continuidade dun contrato xa extinguido, senón da continuidade na prestación do servizo una vez extinguido o contrato a través dunha nova adxudicación tácita (verbal) ditada prescindido de todos os trámites legais esixidos e cunha clara erosión aos principios que deben rexer a contratación pública de libre concorrência, publicidade, igualdade e transparencia. Estaríamos, polo tanto, ante a adxudicación verbal

dun contrato anteriormente extinguido sen suxeición a procedemento algún ante o que cabe lembrar que o artigo 37 da LCSP proscribe a contratación verbal.

Iso supón una infracción grave do ordenamento xurídico e unha causa de nulidade de pleno dereito. A prohibición de prórrogas tácitas, está expresamente recollida no artigo 29 da LCSP que non as considera admisibles “en ningún caso”.

Neste mesmo senso, o ditame 245/2023, de 20 de xullo, da Comisión Xurídica Asesora (da Generalitat de Catalunya), nun suposto no que a situación irregular se prorrogou durante dous anos, expón o seguinte:

“(..../....) Es por esta razón que la Comisión no puede compartir el criterio de la Administración cuando, en este caso, sostiene que en relación con el encargo verbal la empresa sufrió unos daños que no tenía la obligación jurídica de soportar. El argumento expuesto por el Ayuntamiento relativo a que la empresa siguió prestando el servicio por las instrucciones del responsable del contrato en base al principio de buena fe no resulta suficiente para contrarrestar la presunción que la empresa no podía desconocer la flagrante irregularidad del encargo verbal, circunstancia que lo ha hecho concausante de la nulidad que ahora se declara” (fundamento jurídico VI.3). (o subliñado é propio)

E no ditame 20/2022, de 27 de xaneiro manifestou nun caso no que a continuidade do contratista na prestación do servizo unha vez extinguido o contrato ata a nova adxudicación non se adoptou con carácter transitorio, para posibilitar a prestación do servizo ata a finalización dun procedemento de adxudicación previamente iniciado, senón que se adoptou en substitución do procedemento de licitación correspondente que se omitiu totalmente. Tamén no ditame 372/2022 sinala que ao descartar a posibilidade de prórroga forzosa cabe concluir que no suposto examinado existiu un contrato verbal irregular que durou 15 meses, sen que se seguira o procedemento establecido na lexislación contractual para a contratación do servizo.

Polo anteriormente exposto, a xuízo da que subscribe, non concorren no suposto examinado as circunstancias que permitan considerar a boa fé da empresa AUGASERVI S.L., polo que entende que non procede o aboamento do beneficio industrial.

Faise preciso tamén ter en conta que, como sinala a interventora municipal, existiu connivencia polo Concello de Cambre no mantemento da situación ilegal do servizo de abastecemento de auga e sumidoiros por canto anteriores interventores tamén fixeron dende hai anos a recomendación de licitar o contrato², e especificamente o interventor municipal FJUA nun informe de data 9 de xuño de 2020 (CVD: 7OvlvhY1PI3z5SLidi+) advertiu da necesidade de **resolver “con carácter inmediato”** a situación de precariedade do contrato resolvendo a relación coa empresa Augaservi,SL., sen que dita advertencia fora atendida polos órganos de goberno. No mesmo informe, o interventor municipal tamén sinalou (que “.....1. Nos encontramos con las consecuencias de no haber licitado el contrato en su día y de una falta de control por parte de la administración durante la vigencia real del contrato que motiva que difícilmente ahora se puedan tener claras las prestaciones debidas por ambas partes.(...../.....)” (o destacado en negrita é propio).

Ademais do anterior, na liquidación deberíase ter tamén en conta os outros aspectos que sinala a interventora municipal na consideración xurídica cuarta do informe de data 10 de febreiro de 2025, e no informe complementario de data 16 de febreiro de 2025, xa que como sinala, non foron tidas en conta as seguintes circunstancias:

² Así pódense citar, sen ánimo de exhaustividade, e por citar algúns: Informe da Interventora dona IEA de data 21 de abril de 2014; informes do interventor don FJUA de datas 8 de outubro de 2015, 30 de setembro de 2016, 14 de febreiro de 2017, 18 de maio de 2017, 18 de xullo de 2017, 13 de novembro de 2017, e 29 de decembro de 2017, informe do interventor don MRH-S de data 26 de decembro de 2018. Nos ditos informes tamén consta que por dona IEA e por don FJUA fíxose á recomendación de licitar a xestión do servizo. Tamén ten constancia esta Secretaría da existencia(dende a data de posesión no posto de Secretaría) de informes do que foi interventor don FJUA posteriores a dita data nos que se insta o inicio do procedemento administrativo de adxudicación do contrato do servizo de auga e alcantarillado.

“ No cálculo da liquidación que poida corresponder a AUGASERVI SL non se poden obviar os seguintes conceptos a favor do Concello de Cambre:

- Enerxía eléctrica: as facturas correspondentes ao consumo de enerxía as estivo a abonar, dende o principio do contrato, o Concello de Cambre cando lle correspondía facelo a AUGASERVI SL. De feito, a interventora municipal dona MIEA no seu informe de data 21.04.2014 advertiu que o consumo acumulado dende o comezo do contrato ata o 3º trimestre de 2013 foi de 864.069,37 euros (sen IVE) e a técnico de xestión orzamentaria de ingresos e control financeiro no seu informe de data 12.03.2020 (CVD: sZVHk/6Fr6WUhPqqxx/S) cifra en 485.972,56 euros o coste enerxético asumido irregularmente polo concello de forma directa no período 2014- 2018. Dende dito exercicio ata a actualidade o Concello de Cambre seguiu asumindo, improcedentemente, os custes enerxéticos se ben para coñecer o importe concreto é preciso realizar, con tempo, unha análise da aplicación orzamentaria 161.221.00 dende 2018.

O que está fora de toda dúbida é que os custes enerxéticos que foron tratados contablemente como pagos non orzamentarios e que figuran na conta 5550 por importe de 567.386,53 € deberán, coa liquidación do contrato verbal ou ben ser abonados por AUGASERVI SL ou ben, có perxuizo económico que iso conlevaría para o Concello de cambre, ser imputados ao orzamento municipal.

- Penalización a aplicar AUGASERVI SL se a porcentaxe de aproveitamento medio en cada trimestre foi inferior ao 70%, o que implicaría comparar os metros cúbicos que constan nas facturas de EMALCSA correspondentes á adquisición de auga cós metros cúbicos facturados por AUGASERVI, SL

- Ingresos percibidos por AUGASERVI SL en concepto de instalación de acometidas, contadores e outros previstos na cláusula 9 do prego de condicións que rexeu a licitación dado que, tendo en conta que a retribución ao contratista configurouse por un importe por metro cúbico facturado e totalmente cobrado aos abonados, tales ingresos corresponderían ao Concello de Cambre e deberían ser detraídos da liquidación.

Asemade, é preciso que previamente á aprobación da liquidación o interventor da concesión nomeado por acordo plenario de 04.03.2024 realice as funcións de supervisión das obras e instalacións que serven ao servizo municipal de auga e sumidoiros e que informe sobre o estado das mesmas e, nomeadamente, sobre as reparacións e reposicións que fosen necesarias realizar ao obxecto de mantelas nas condicións precisas para servir ao fin ao que están destinadas. “

Tamén se considera relevante o informado pola técnica de xestión orzamentaria de ingresos e control financeiro no informe de data 12 de marzo de 2020, co asunto *Auditoría de ingresos y gastos y de gestión de la sociedad Augaservi,S.L.(actualmente S.L.U.)*”, realizada pola empresa *PW Advisory&Capital Services, S.L. en el municipio de Cambre relativa a los ejercicios 2014 a 2018, ambos inclusive*” (CVD: sZVHk/6Fr6WUhPqqxx/S), transcrito parcialmente no informe da Interventora municipal.

Á vista do sinalado nestes informes da intervención municipal e da técnica citada , a xuízo da que subscribe non procede aprobar a liquidación, toda vez que débese previamente recabar a información necesaria e realizar os cálculos precisos para realizar as axeitadas compensacións, sendo a tal efecto imprescindible que o interventor da concesión nomeado por acordo do Pleno da Corporación de data 4 de marzo de 2024 realice as funcións de supervisión das obras e instalacións que serven ao servizo municipal de auga e sumidoiros e informe sobre o estado das mesmas, e nomeadamente sobre as reparacións e reposicións que fosen necesarias realizar ao obxecto de mantelas nas condicións precisas para servir ao fin ao que están destinadas.

Por outra banda, cómpre tamén sinalar que a sentenza do Xulgado do contencioso administrativo número 2 de A Coruña de 14 de outubro de 2020 recaída no procedemento ordinario 146/2019 á que fai alusión a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025 desestimou o recurso de reposición interposto por Augaservi,S.L. por cuestións formais, sen entrar no fondo do asunto, polo que puido e pode o Concello iniciar un novo procedemento para a imposición de penalizacións.

Na proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025(CVD: gQNNkPN9xIANYkAiQFYQ) propónse non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial e autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar as obrigas así como aprobar a ordenación do pago por importe total de 303.802,15 euros, polo que, por esta Secretaría se informa desfavorablemente a dita proposta.

Advírtese que esta proposta non resulta congruente co acordo plenario precedente polo que se declarou a nulidade de pleno dereito (acordo do pleno da Corporación de data 31 de xullo de 2024) ,xa que foi precisamente a ausencia de boa fé o que, a xuízo da que subscribe, determinou acudir a este procedemento de revisión de oficio³.

Por outra banda, á vista do sinalado pola interventora municipal verbo de que , respecto das facturas que indica , non queda acredita a correcta execución nos termos esixidos pola base 23ª das de execución do presuposto xeral de Cambre e o sinalado verbo da comprobación se ás facturas que detalla foron achegados os informes esixidos pola base 23ª das de execución do presuposto, comparte esta Secretaría o criterio desfavorable da Intervención municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase **desfavorablemente** a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025 (CVD: gQNNkPN9xIANYkAiQFYQ).

En todo caso reitérase o informado en anteriores ocasións verbo de que que é perentorio que se proceda a licitación do contrato- ademáis do resto dos que se atopan vencidos - , de acordo cos principios de igualdade, libre concurrencia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na LCSP, así como da necesidade de evitar a repetición de prácticas irregulares como a que se suscita no presente suposto.

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas , de ser preciso.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen explica a proposta.

(Cando son as doce horas e un minuto, auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Boga Moscoso)

Intervén a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández.

(Cando son as doce horas e catro minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Díaz Baldomir e, seguidamente, reincorpórase á sesión o Sr. Boga Moscoso. Cando son as doce horas e seis minutos reincorpórase a Sra. Díaz Baldomir)

A continuación interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

³ No informe emitido pola que subscribe en data 22 de febreiro de 2024 sinalouse, entre outras cousas, que: " Á vista, polo tanto de que no suposto examinado non se acredita documentalmente boa fé da empresa prestadora do servizo , non se aprecia a concurrencia dunha das esixencias que a xurisprudencia do Tribunal Supremo fixa para poder aplicar directamente a doutrina do enriquecemento inxusto (entre outras, sentenzas de 12 de decembro de 2012 (STS 8362/2012 -ECLI:ES:TS:2012:8362), 12 de maio de 2008 (ROJ:STS 2465/2008-ECLI:ES:TS:2008:2465 Recurso: 478/2007) , e 17 de outubro de 2023 ROJ: STS 4480/2023 - ECLI:ES:TS:2023:4480) requisito-o da ausencia de mala fe- que o Tribunal Supremo considera de singular importancia **"con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa."**

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerio Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2025 (CVD: gQNNkPN9xIANYkAiQFYQ), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3.4. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Acceso á videoacta – 01:17:20 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS SOCIAIS E RECURSOS HUMANOS

A Relación de Postos de Traballo (en adiante RPT) é un instrumento técnico a través do cal cada administración pública estrutura a súa organización, cualifica os postos de traballo existentes no seu ámbito e determina o seu contido, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Toda RPT é susceptible de ser modificada seguindo o procedemento legalmente establecido para iso, non hai máis que ler a diario os Boletíns Oficiais da Provincia para darse conta diso ou ver incluso neste Concello as distintas modificacións que dende 1999 nesta RPT se realizaron.

Agora ben, si se leva a cabo unha modificación da RPT é para tratar de mellorar a organización existente, procurando racionalizar a mesma e procurando ordenar da mellor maneira posible o persoal existente así como o contido dos seus postos de traballo, e todo iso co fin de obter unha mellor prestación dos servizos públicos

É evidente a escaseza de recursos humanos de perfil técnico que existe neste concello que vén provocar unha considerable retardación na tramitación de distintos e variados procedementos administrativos propios dunha entidade local como a que nos ocupa, facendo pois que a resposta municipal ás distintas peticións ou necesidades que se plantexan non sexa áxil e xa que logo eficiente como cabería de esperar.

Pois ben, esta situación, é a que motiva a modificación da RPT en cuestión, é dicir, o déficit ou escaseza de postos técnicos existente na organización municipal provoca e esixe dunha solución que non pode ser outra que a creación dos mesmos, e por iso a amortización doutros postos que atopándose vacantes non son tan necesarios para a organización municipal.

Son tres os postos vacantes a amortizar que se propoñen, o de dinamizador cultural e os dous de conserxes que derivan da transformación dos postos de “operario parque móbil e inmobles” e de “traballadora familiar” aprobada por acordo plenario con data do 28 de novembro de 2024.

Ningún destes tres postos a amortizar son postos técnicos, polo que non forman parte do grupo de postos técnicos que se precisan e demandan, atopándose, por outro lado, vacantes e xa con longa duración, sen que se considerara necesaria ou urxente a súa provisión.

Pois ben, isto é o que se pretende coa proposta de modificación da RPT que se expón, amortizar postos cuxas funcións non se corresponden coas necesidades máis perentorias deste concello de hoxe en día para que así se poidan crear outros de carácter técnico máis necesarios para desbloquear e facilitar a tramitación de procedementos administrativos hoxe en día paralizados ou retardados de contratación administrativa, patrimonio, intervención e cultura, educación, deportes e xuventude que se instrúen neste concello, baseándose en que toda RPT, e por tanto toda modificación da mesma, debe de procurar organizar, racionalizar e ordenar o persoal co fin de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Con data 10 de febreiro do 2025 se celebra sesión da Mesa de Negociación para tratar esta proposta de modificación puntual da RPT.

O órgano competente para a aprobación dunha RPT, así como da súa modificación, é o Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22-2,i) da Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime local, sen que para elo se esixa unha maioría cualificada.

Visto todo canto antecede, así como os informes emitidos polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior de data 20 de decembro do 2024 (CVD: fQXlpMRpq81m9yFI/SmS), da secretaria do 15 de xaneiro do 2025 (CVD: 9SjrGeJkICcsr2iiBRC+), da interventora con emisión de reparo suspensivo de data 30 de xaneiro do 2025 (CVD: FJDiwGdWJ9Boo8CMuTqb) e do xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior de data 14 de febreiro do 2025 (CVD: QXj0fTMcuizedl5Pt8sY), que manifesta discrepancia respecto a dito reparo suspensivo, pola Concellería delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos elévase ao Pleno Municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoitir:

1º.-) Levantar o reparo suspensivo formulado no informe de fiscalización da interventora municipal do 30 de xaneiro do 2025 relativo á modificación da Relación de Postos de Traballo segundo o detallado no informe de discrepancia ao reparo suspensivo emitido pola xefatura da Area de Urbanismo e Réxime Interior en data 14 de febreiro do 2025.

2º.-) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo consistente na amortización dos postos vacantes de Dinamizador Cultural e dous de Conserxe de Cultura, Educación e Deportes, así como na creación simultánea de tres postos de Técnico de Administración Xeral para ás áreas de Secretaría, Intervención e Cultura, Educación e Deportes, e consistente nas modificacións do posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral (Contratación) para suprimir a súa función de responsable de contratación administrativa e dos postos de Técnicos de Xestión Orzamentaria para suprimir o subgrupo A1 de clasificación profesional ao que estaban adscritos xunto ao subgrupo A2 para deixalo só neste último.

3º.-) Aprobar inicialmente as fichas da Relación de Postos de Traballo correspondentes aos postos de Técnico de Administración Xeral de Secretaría, de Técnico de Servizos Económicos de Intervención, de Técnico de Administración Xeral de Cultura, Educación e Deportes, de Técnico de Xestión de Administración Xeral (Contratación), de Técnicos de Xestión Orzamentaria e de Conserxes ao reducirse o numero destes coas dúas amortizacións indicadas, tal e como a continuación se transcriben:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN GENERAL.

SECRETARIA XERAL.

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Responsable de contratación, patrimonio, responsabilidade patrimonial, taxis e cementerios: levar a cabo función de dirección administrativa, asesoramento, coordinación, estudo e proposta de nivel superior nos expedientes de contratación, responsabilidade patrimonial, patrimonio, cemiterios e taxis, sen prexuízo dos informes preceptivos que correspondan á Secretaría da Corporación de acordo co disposto na normativa vixente; preparación da normativa, elaboración de informes con propostas de resolución e estudos, execución, control, seguemento e supervisión dos expedientes de dito ámbito competencial. Substituir a/ao Secretario/a no caso de ausencia do mesmo/a, previo o nomeamento outorgado polo órgano competente. Tramitar e formular a proposta de resolución nos expedientes administrativos que se lle encomenden polo/a superior. Tramitar os expedientes ante os xulgados e remisión de expedientes a xulgados, tribunais e fiscalía, en ambos casos, en asuntos que correspondan á área de Secretaría. Prestar apoio e colaboración ás funcións de asesoramento xurídico de Secretaría, de conformidade coas instrucións do/a responsable, emitindo os informes e as propostas de resolución que se lle requiran. Redactar ordenanzas, regulamentos e normativa dentro do seu ámbito competencial. Realizar calquera outra tarefa de carácter similar que lle sexa asignada por parte do/a sue

superior/a xerárquico.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL15170063 – Tipo de puesto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO: FUNCIONARIOS

SUBGRUPO : A1
ESCALA : Administración General
SUBESCALA : Técnica
CLASE :

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Título de licenciado o graduado en Derecho.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso. A3 – Administración do Estado, CCAA e Local

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 27

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 22.633,16 euros (1.616,65 MES+ 2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: TÉCNICO DE SERVICIOS ECONÓMICOS

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realizar, en relación con el control interno (función interventora y control financiero) y la función de contabilidad, las tareas de gestión, estudio y propuesta de carácter administrativo de nivel superior que le asigne el/la titular del puesto de Intervención. Substituir al titular del/a puesto de Intervención en los supuestos previstos en el artículo 52 del Real Decreto 128/2015, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código AL151170062

Tipo puesto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO: FUNCIONARIOS :

SUBGRUPOS : A1

ESCALA : Administración General.

SUBESCALA : Técnica.

CLASE :

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Licenciado o Graduado en Derecho, Ciencias Económicas o Empresariales

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso . A3 – Administración do Estado, CCAA e Local

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 25

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 21.200,23 euros (1.514,30 MES+2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN GENERAL- CULTURA, EDUCACIÓN Y DEPORTES

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realizar tareas de gestión, estudio y propuestas de carácter administrativo de nivel superior en materia de cultura, educación, deportes y juventud. Tramitar y gestionar expedientes dentro de su ámbito competencial. Llevar a cabo funciones de dirección administrativa, asesoramiento, control, seguimiento y supervisión de expedientes.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL15170017 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO: FUNCIONARIOS :

SUBGRUPO : A1

ESCALA : Administración General

SUBESCALA : Técnica

CLASE :

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Licenciado o Graduado en Derecho, en Económicas o Empresariales, o en Ciencias Políticas.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 25

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 17522,06 euros (1.251,58 MES+ 2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: TÉCNICO DE GESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN GENERAL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Tramitación de los expedientes de contratación administrativa, incluyendo tanto la ordenación como la instrucción y el seguimiento de los mismos. Relaciones con la intervención municipal y los técnicos responsables en las contrataciones administrativas. Mesas de Contratación. Funciones de apoyo y gestión encomendadas por la Secretaría General y aquellas que por delegación de esta le sean conferidas.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL151700015 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO: FUNCIONARIOS

SUBGRUPO : A2
ESCALA : Administración General
SUBESCALA : Gestión
CLASE :

FORMACIÓN ESPECÍFICA:
Diplomatura universitaria.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 24
COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 12.421,22 euros (887,23 MES+2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: TÉCNICO DE GESTIÓN PRESUPUESTARIA DE GASTOS Y CONTABILIDAD

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Funciones de apoyo cualificado al Interventor en materia contable y presupuestaria. Responsable directo bajo la supervisión del Interventor del registro contable de las operaciones económico – financieras. Elaboración de las cuentas anuales municipales. Colaboración en los estudios y trabajos preparatorios del Presupuesto municipal en materia de gastos. Supervisar la ejecución del presupuesto de gastos. Elaborar informes periódicos de ejecución presupuestaria. Ejercer aquellas funciones que, por delegación del Interventor, le sean conferidas en el ámbito de la gestión de los gastos.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código AL151170054

- Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO: FUNCIONARIOS :

SUBGRUPO : A2

ESCALA : Administración Especial

SUBESCALA: Técnicos.

CLASE : Técnicos medios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomatura en Derecho, Ciencias Económicas o Empresariales, Grado o Licenciatura.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 24

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 12.421,22 euros (887,23 MES+2 pagas)

OBSERVACIONES

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: TÉCNICO DE GESTION PRESUPUESTARIA DE INGRESOS Y CONTROL FINANCIERO

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Ordenación de los ingresos municipales y gestión de los tributos no delegados en la Diputación de A Coruña, así como informes y propuestas de resoluciones sobre reclamaciones y recursos que se interpongan contra estos actos. Realizar las funciones de inspección de estos tributos y elaborar los informes de su gestión. Elaboración de los informes económico- financieros para la implantación de nuevos servicios o de nuevas formas de gestión de los mismos. Colaboración en los estudios y trabajos preparatorios del Presupuesto municipal en materia de ingresos. Funciones de apoyo cualificado al Interventor en el ejercicio del control financiero. Ejercer aquellas funciones que, por delegación del interventor, le sean conferidas en el ámbito de los ingresos.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código AL151170055

Tipo puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO: FUNCIONARIOS :

SUBGRUPO : A2
ESCALA : Administración especial.
SUBESCALA : Técnica.
CLASE : Técnicos medios.

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Diplomatura en Derecho, Ciencias Económicas o Empresariales, Grado o Licenciatura.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 24

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 12.421,22 euros (887,23 MES+2 pagas)

OBSERVACIONES

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: CONSERJE

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Tareas de vigilancia, custodia, porteo, control de entrada en las oficinas municipales e información, seguimiento y control de máquinas reproductoras y cualquier otra función de conserjería que le sea encomendada. Atención e información inicial al público.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 3 (urbanismo régimen interior 1, cultura, educación y deportes 1, C.F.O. 1)

Código: AL151700037 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO: FUNCIONARIOS :

GRUPO : Otras agrupaciones profesionales.
ESCALA : Administración General
SUBESCALA : Subalterna
CLASE : FORMACIÓN

ESPECÍFICA:

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 14

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 4.199,30 euros (299,95 MES+2 pagas)

OBSERVACIONES:

4º.- Someter a información pública mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.»

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 12/2025, do 17 de febreiro de 2025 (CVD: AfZk6cYdsvFWLMTVHXMJ), na que se informa desfavorablemente a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2025, e que transcrita di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 12/2025

Remitido a esta secretaría ás 15:05:21 horas do día 14 de febreiro de 2025 a través da plataforma de xestión de expedientes TDeC o expediente 2025/G006/000028 (no que figura relacionado o 2024/E004/000001), relativo á modificación da relación de postos de traballo, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, e 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dira deixase constancia do escaso tempo habilitado de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia da funcionaria que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risco que a síntese entran. E por iso polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas.

Sentado o anterior, e en relación ao expediente remitido fanse as seguintes consideracións;

A) Dende o punto de vista formal:

A.1) Consta no expediente proposta da concelleira delegada da área de servizos sociais e recursos humanos de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2), que na parte dispositiva di:

“1º.-) Levantar o reparo suspensivo formulado no informe de fiscalización da interventora municipal do 30 de xaneiro do 2025 relativo á modificación da Relación de Postos de Traballo segundo o detallado no informe de discrepancia ao reparo suspensivo emitido pola xefatura da Área de Urbanismo e Réxime Interior en data 14 de febreiro do 2025.

2º.-) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo consistente na amortización dos postos vacantes de Dinamizador Cultural e dous de Conserxe de Cultura, Educación e Deportes, así como na creación simultánea de tres postos de Técnico de Administración Xeral para as áreas de Secretaría, Intervención e Cultura, Educación e Deportes, e consistente nas modificacións do posto de Técnico de Xestión de Administración Xeral (Contratación) para suprimir a súa función de responsable de contratación administrativa e dos postos de Técnicos de Xestión Orzamentaria para suprimir o subgrupo A1 de clasificación profesional ao que estaban adscritos xunto ao subgrupo A2 para deixalo só neste último.

3º.-) Aprobar inicialmente as fichas da Relación de Postos de Traballo correspondentes aos postos de Técnico de Administración Xeral de Secretaría, de Técnico de Servizos Económicos de Intervención, de Técnico de Administración Xeral de Cultura, Educación e Deportes, de Técnico de Xestión de Administración Xeral (Contratación), de Técnicos de Xestión Orzamentaria e de Conserxes ao reducirse o número destes coas dúas amortizacións indicadas, tal e como a continuación se transcriben:

(.../...)

4º.- Someter a información pública mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.”

Esta proposta da concelleira delegada non é a mesma que foi obxecto de informe por Secretaría e Intervención en datas 15 e 30 de xaneiro de 2025. Ao terse modificado a proposta deberíase tese sometido o expediente novamente aos informes preceptivos.

A.2) O documento que leva por título “Acta da Mesa Xeral de Negociación dos empregados públicos do Concello de Cambre do día 10 de febreiro de 2025” que figura no expediente 2024/E004/000001 non se atopa asinado no momento do seu exame por esta Secretaría, polo que debe subsanarse este extremo.

A.3) A proposta non reflicte nos seus antecedentes o resultado (favorable ou desfavorable) dos informes emitidos, o que debería subsanarse xa que nestes antecedentes debe facerse mención de xeito obxectivo aos que constan no expediente.

B) En canto ao fondo do asunto.

Consta no expediente (entre outra documentación) informe da Interventora municipal de data 30 de xaneiro de 2025 (CVD: FJDWgDwJ9Boo8CMuTqb), emitido en relación unha proposta diferente, como se indicou á de data 14 de febreiro de 2025. Toda vez que a proposta coincide nalgúns dos extremos coa informada pola Intervención municipal, cómpre sinalar que neste informe de intervención formulase reparo suspensivo pola vulneración dos seguintes artigos:

“Artigo 35.1.i) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas debido á ausencia de motivación nos aspectos sinalados e explicados na consideración xurídica Segunda.

Artigo 37 do RDL 5/2015, de 1 de outubro polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público xa que non consta no expediente que se somete a fiscalización xustificación documental que acredite que a modificación proposta fose sometida a negociación colectiva. →

Artigo 69 do RDL 5/2015, de 1 de outubro polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público porque o que se propón é amortizar tres postos de traballo (1 posto de conserxe, 1 posto auxiliar administrativo de servizos sociais e 1 posto de dinamizador cultural) e crear tres postos de A1. En consecuencia, o que en realidade se pretende é amortizar 3 postos de traballo e, correlativamente, crear outros 3 postos de traballo sendo o procedemento axeitado para facelo o plan de emprego ao que se refire o artigo 69 do TRLFL.

Artigo 19. Sete da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 por canto a falta de motivación nos aspectos referidos na consideración xurídica provoca a ausencia de xustificación da natureza “imprescindible” da modificación puntual da RPT.

Asemade, esta intervención emite informe DESFAVORABLE á modificación da Relación de Postos de Traballo con emisión de reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.a) do TRLFL pola vulneración do seguinte artigo:

Artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia dado que á data de sinatura do presente informe rexe o orzamento do exercicio 2024 prorrogado para o exercicio 2025 en cuxos créditos non constan os correspondentes aos postos cuxa creación se propón.”

O artigo 15.3 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais do Sector Público establece, no relativo ás discrepancias aos reparos da intervención municipal, que: “...La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio...”

De acordo co precepto legal citado, os informes de discrepancia deben estar baseados en preceptos legais.

No expediente consta un informe emitido polo xefe da área de urbanismo e réxime interior de data 14 de febreiro de 2025(CVD: QXj0fTMcuizedl5Pt8sY), emitido, segundo indica :*"En relación co informe de intervención con reparo suspensivo á modificación da relación de postos de traballo referida con data do 30 de xaneiro de 2025"*: No dito informe, e polo que respecta ao reparo da intervención motivado pola vulneración do disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, indica o técnico *"..... pero tal aprobación inicial desta modificación da RPT que non xera incremento do número de postos de traballo, se iso se producise, provocaría e esixiría realizar as correspondentes transferencias ou modificacións orzamentarias que se precisen para que se poida cumprir precisamente co artigo 38-3 da Lei 2/2015 citado antes o simultaneamente á aprobación definitiva desta modificación da RPT, do mesmo xeito que esixiría realizar as correspondentes modificacións no cadro de persoal que evidentemente tampouco estaría axustado á modificación da RPT que se tramita, tal e como ocorreu coa recente modificación da RPT aprobada en sesión plenaria con data do 28 de novembro de 2024 (BOP número 23 do 4 de febreiro de 2025) que provoca a transformación de tres postos de traballo noutros que evidentemente non estaban previstos no documento orzamentario. ". E formula proposta indicando : *"....sen prexuízo das transferencias ou modificacións orzamentarias que fose necesario realizar e das correspondentes modificacións no cadro de persoal...."*.*

Non ten constancia esta secretaría de ningunha proposta de modificación orzamentaria nin relativa a modificación de cadro de persoal, que (para o caso de que sexa outro o criterio da corporación verbo do sostido pola que subscribe) entendo debería ser simultánea á modificación da Relación de postos de traballo.

En canto a modificación proposta esta Secretaría se ratifica e reitera no sinalado no informe emitido en data 15 de xaneiro de 2025 (CVD: 9SjrGeJklCcsr2iiBRC+) nos extremos coincidentes coa nova proposta, informe que se da por íntegramente reproducido en aras á brevidade.

Cómpre ter en conta que o artigo 103 da Constitución española recolle o principio de legalidade (pilar básico do estado de dereito) na actuación da Administración Pública, sinalando que:

"La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho."

As fontes do dereito, consonte o artigo 1.1. do Código Civil son : a Lei, a costume e os principios xerais do dereito. Engade o apartado 6 que *"6. La jurisprudencia complementará el ordenamiento jurídico con la doctrina que, de modo reiterado, establezca el Tribunal Supremo al interpretar y aplicar la ley, la costumbre y los principios generales del derecho."*

Polo tanto, as disposicións que se conteñen nas normas xurídicas son indispoñibles polas corporacións locais.Neste senso, a Sentenza do Tribunal Supremo Sala terceira, do Contencioso Administrativo, Sección 4ª, Sentencia 863/2020, de 23 de xuño de 2020(en recurso de casación n.º 655/2018) (nun recurso interposto contra un acordo do Concello de Madrid) sinala que :

" (..../....)El Alto Tribunal insiste en que, ni la capitalidad de España ni el número de vecinos implican por sí mismos la exención de la aplicación de las reglas generales sobre la ordenación de la función pública local y, en particular, sobre la reserva de funciones necesarias en todas las corporaciones locales a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. (La Ley 5174/2020)(..../....)".

Ademais do anterior cómpre tamén advertir que de acordo co disposto no artigo 6.2 da LBRL:*" Los Tribunales ejercen el control de legalidad de los acuerdos y actos de las entidades locales"*, consecuentemente , non pode perderse de vista que a interpretación que do ordenamento xurídico acometen os xulgados e tribunais será a que debe prevalecer máis aló de criterios doctrinales , interpretacións de funcionarios , práctica doutros

Concellos, ou da visión de órganos consultivos e dos órganos de control externo das Administracións Públicas .E en relación aos extremos verbo dos que esta Secretaría emitiu informe desfavorable , os Tribunais e xulgados téñense pronunciado no senso exposto no informe.

En atención ao exposto, por esta Secretaría infórmase desfavorablemente a proposta da concelleira delegada da área de servizos sociais e recursos humanos de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2).

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan so sinalado na cuestión previa. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na dita cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións fetitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.»

Consta no expediente dilixencia de Intervención de data 17 de febreiro de 2025 (CVD: Pi9SJZIIIRKILqzKJzLNz), que transcrita di:

«DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Advertencia de nulidade de pleno dereito por aplicación dos artigos 173.5 do TRLFL e 25.2 do RD 500/1990.

ANTECEDENTES

1. Expediente tedec número 2024/E004/000001: *Relación de Puestos de Trabajo (mod. 12.2024).*
2. Informe de intervención referencia LMR MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO /2025 asinado o 30.01.2025 (CVD: FJDiwGdWJ9Boo8CMuTqb):

*“(...)Asemade, esta intervención emite informe DESFAVORABLE á modificación da Relación de Postos de Trabajo con emisión de **reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.a) do TRLFL pola vulneración do seguinte artigo:***

- **Artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia** dado que á data de sinatura do presente informe rexe o orzamento do exercicio 2024 prorrogado para o exercicio 2025 en cuxos créditos non constan os correspondentes aos postos cuxa creación se propón. (...)”

3. Informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, asinado o 14.02.2025 (CVD QXj0fTMcuizedl5Pt8sY) de levantamento de reparos suspensivos emitidos pola interventora que subscribe no informe referencia LMR MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO /2025:

“(...)Cuarto.- Outro dos motivos para a emisión de reparo suspensivo pola interventora é a vulneración do artigo 38-3 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia que esixe que os orzamentos reflecten os créditos correspondentes ás RPT, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado presupuestariamente, por canto que hoxe rexe o orzamento municipal de 2024, prorrogado para este exercicio, en cuxos créditos non constan os correspondentes aos postos cuxa creación se propón.

Evidentemente isto é así, é lóxico que na documentación orzamentaria en vigor non exista referencia algunha a estes tres postos do subgrupo A1 que nestes momentos preténdense crear nin á amortización de outros tres, como pode ocorrer con calquera outro proceso de modificación ou revisión dunha RPT cuxo resultado económico final poida que non estea previsto nos orzamentos vixentes, pero tal aprobación inicial desta modificación da

RPT que non xera incremento do número de postos de traballo, se iso se producise, provocaría e esixiría realizar as correspondentes transferencias ou modificacións orzamentarias que se precisen para que se poida cumprir precisamente co artigo 38-3 da Lei 2/2015 citado antes o simultaneamente á aprobación definitiva desta modificación da RPT, do mesmo xeito que esixiría realizar as correspondentes modificacións no cadro de persoal que evidentemente tampouco estaría axustado á modificación da RPT que se tramita, tal e como ocorreu coa recente modificación da RPT aprobada en sesión plenaria con data do 28 de novembro de 2024 (BOP número 23 do 4 de febreiro de 2025) que provoca a transformación de tres postos de traballo noutros que evidentemente non estaban previstos no documento orzamentario.(...)"

4. Proposta da concelleira delegada da area de servizos sociais e recursos humanos asinada o 14.02.2025 (CDV: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2):

"(...) 1º.-) Levantar o reparo suspensivo formulado no informe de fiscalización da interventora municipal do 30 de xaneiro do 2025 relativo á modificación da Relación de Postos de Traballo segundo o detallado no informe de discrepancia ao reparo suspensivo emitido pola xefatura da Area de Urbanismo e Réxime Interior en data 14 de febreiro do 2025.(...)"

5. Expediente tedec número 2025/G006/000008 "Proposta de orzamento do exercicio 2025 do Concello de Cambre", delegado á interventora que subscribe o 14.02.2025

6. Nota informativa de secretaría núm. 12/2015 asinada o 17.02.2025 (CVD: AfZk6cYdsvFWLMTVHXMJ):

"(...) Non ten constancia esta secretaría de ningunha proposta de modificación orzamentaria nin relativa a modificación de cadro de persoal, que (para o caso de que sexa outro o criterio da corporación verbo do sostido pola que subscribe) entendo debería ser simultánea á modificación da Relación de postos de traballo.(...)"

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 de 24.12.2022), dado que á data de sinatura é a última lei de orzamentos aprobada.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local así como o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril que contén unha regulación básica en materia de persoal o servizo da Administración local
- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; texto normativo sobre o que se regula o concepto de empregado público e serve de base para os demais textos autonómicos.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e a Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia que conteñen a regulación propia da administración local galega.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 424/2017, 28 de abril que regula o exercicio da función interventora nas entidades locais.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2024, prorrogado ao exercicio 2025 por resolución de alcaldía número 1597/2024, de 30 de decembro.

De conformidade cós antecedentes expostos emito a seguinte DILIXENCIA

No orzamento do exercicio 2024 prorrogado para o exercicio 2025 **non constan** consignados os créditos correspondentes aos postos cuxa creación propón a concelleira delegada da area de servizos sociais e recursos humanos na proposta asinada o 14.02.2025 (CDV: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2).

Asemade, **non teño constancia** da tramitación das oportunas modificacións orzamentarias que permitan dar cumprimento ao artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Tendo en conta que o 14.02.2025 delegóuseme o expediente tedec número 2025/G006/000008 “*Proposta de orzamento do exercicio 2025 do Concello de Cambre*” e revisado o anexo de persoal asinado pola alcaldía o 13.02.2025 (CVD: nx/G4Vi18aFvJ4TEWzga) así como o informe-proposta de cadro de persoal do ano 2025 asinado polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior o 13.02.2025 (CVD: 3tOKcc5hbXkJVEt/GQWA) resulta que nos citados documentos **tampoco constan** consignados os créditos para asumir os custos dos postos cuxa creación propón a concelleira delegada da area de servizos sociais e recursos humanos.

En consecuencia, **NON** está solventado o reparo emitido por esta intervención ao abeiro do artigo 216.2.a) do TRFL no informe referencia LMR MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO /2025 asinado o 30.01.2025 (CVD: FJDiwGdWJ9Boo8CMuTqb).

Advirto por escrito que de conformidade cós artigos 173.5 do TRLFL e 25.2 do RD 500/1990 os acordos polos que se adopten gastos sin cobertura orzamentaria son nulos de pleno dereito.

*“No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo **nulos de pleno derecho** los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar”*

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino a presente dilixencia en Cambre na data que figura na marxe.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen explica a proposta.

(Cando son as doce horas e vinte e un minutos, auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Carballada Rodríguez e, cando son as doce horas e vinte e tres minutos o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

Intervén o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as doce horas e vinte e tres minutos reincorpórase á sesión o Sr. Carballada Rodríguez, e ás doce horas e vinte cinco minutos o Sr. Alcantarilla Rei)

Intervenien a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: sc2YLI3yEi9/PHCqQIB2).

3.5. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO ART. 12 DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE CAMBRE

Acceso á videoacta – 01:42:31 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de febreiro de 2025 (CVD: E+uur4aEQXW1Z5hhfRuG), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E RECURSOS HUMANOS

Vista a acta da mesa de negociación de data 3 de xullo do 2024 (CVD: JVoVJMd066DDwXRZMwDu) no que respecta ao primeiro punto da orde do día, modificación do horario de verán.

Vista a providencia desta Concellería de data 6 de setembro de 2024 (CVD: TmJDYiiZrrCGvJfrGptb) respecto a modificación que se pretende levar a cabo no artigo 12 do Acordo Regulador das condicións de traballo dos funcionarios públicos o servizo do Concello de Cambre.

Visto os informe proposta emitido o 10 de setembro de 2024 (CVD: SZvhF6jRRENCvMZ8cPsT) polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior.

Vista a acta da mesa de negociación de data 2 de decembro do 2024 (CVD: JVoVJMd066DDwXRZMwDu).

Vista a providencia desta Concellaría de data 5 de decembro de 2024 (CVD: cnGpnbxbXgNBFQ4OLpmp).

Visto o informe proposta emitido o 20 de xaneiro do 2025 polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: 06e4cZ3JPe8GYkV309ly).

Visto o informe da intervención municipal de data 11 de febreiro de 2025 (CVD: oezLGUlu/xtnh46Y+4uE)

Vista a nota informativa de secretaría 11/2025 de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: 7eN/t2Gj27r/kfV4dp/r).

Visto o informe emitido en data 17 de febreiro de 2025 polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: 1lfx9hiygOAUwarlsZiJ).

Por esta Concellería delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDO** a adoptar:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do artigo 12 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre que queda redactado como segue:

“Artigo 12

Durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ámbolos dous incluídos, o horario laboral principal será de 8:00 a 14:00 horas sen que tales horas non realizadas no devandito período sexan recuperables”.

2º) Remitir o presente acordo á oficina pública correspondente e proceder a súa publicación no BOP de acordo co artigo 38-6 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 11 de febreiro de 2025 (CVD: oezLGUlu/xtnh46Y+4uE), que transcrito di:

«INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR MODIFICACIÓN ART. 12 ACORDO REGULADOR / 2025

ASUNTO: Informe a proposta de modificación do artigo 12 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre (BOP núm. 190 de 20.08.2002)

I) ANTECEDENTES:

1.- Acta da mesa de negociación do 03.07.2024 (sinatura sen autenticar).

2.- Providencia da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, asinada o 06.09.2024 (CVD: TmJDYiiZrrCGvJfrGptb).

3.- Informe do xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior, asinado o 10.09.2024 (CVD: SZvhF6jRRENCvMZ8cPsT)

4.- Acta da mesa de negociación do 02.12.2024 (sinaturas dos intervinientes, a excepción da correspondente á secretaria da mesa, sen autenticar).

5.- Providencia da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, asinada o 05.12.2024 (CVD: TmJDYiiZrrCGvJfrGptb).

6.- Informe do xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior, asinado o 20.01.2025 (CVD: 06e4cZ3JPe8GYkV309ly)

II) LEXISLACIÓN APLICABLE: Entre outras normas que tamén sexan de aplicación, merecen destacarse:

- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (BOE núm. 161 de 04.07.2018)
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 de 24.12.2022)
- Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local modificada entre outras pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sotenibilidade da Administración Local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/86, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.

- RDL 5/2015, de 30 de novembro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.(TREBEP)

- Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.(TRLFL)

- Real Decreto 500/90, polo que se aproba o regulamento orzamentario.

- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local

- Lei 2/2015, de 29 de abril de función pública de Galicia.

- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre (BOP núm. 190 de 20.08.2002)

-Resolución núm. 1400/2017 de 24 de xullo do concelleiro delegado da área de recursos humanos, servizos sociais e educación pola que se resolve aprobar o I Plan de Conciliación do Concello de Cambre aprobado na Mesa Xeral de Negociación do día 19 de abril de 2017 (CVD: rUYIVMXavKK+qylaSsj5)

- Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre do exercicio 2024 prorrogado ao exercicio 2025

III) CONSIDERACIÓNS:

1.- O contido da función interventora.

O artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais dispón o seguinte:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

No mesmo senso, o artigo 7 do Real Decreto 427/2017, de 28 de abril polo que se regula o Réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local establece que:

“1. El ejercicio de la función interventora comprenderá las siguientes fases:

a) La fiscalización previa de los actos que reconozcan derechos de contenido económico, autoricen o aprueben gastos, dispongan o comprometan gastos y acuerden movimientos de fondos y valores.

b) La intervención del reconocimiento de las obligaciones e intervención de la comprobación material de la inversión.

c) La intervención formal de la ordenación del pago.

d) La intervención material del pago.

2. La función interventora se ejercerá en sus modalidades de intervención formal y material. La intervención formal consistirá en la verificación del cumplimiento de los requisitos legales necesarios para la adopción del acuerdo mediante el examen de todos los documentos que preceptivamente deban estar incorporados al expediente. En la intervención material se comprobará la real y efectiva aplicación de los fondos públicos.”

2.- A xornada de traballo nas entidades locais: cómputo anual e carácter supletorio da regulación estatal a partir da aprobación da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

De conformidade co artigo 94 da LBRL:

“La jornada de trabajo de los funcionarios de la Administración local será en cómputo anual la misma que se fije para los funcionarios de la Administración Civil del Estado. Se les aplicarán las mismas normas sobre equivalencia y reducción de jornada.”

Agora ben, dacordo coa disposición adicional 144ª da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, na redacción dada pola disposición final 28ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023:

“Uno. A partir de la entrada en vigor de esta Ley, la jornada de trabajo general en el sector público se computará en cuantía anual y supondrá un promedio semanal de treinta y siete horas y media, sin perjuicio de las jornadas especiales existentes o que, en su caso, se establezcan.

A estos efectos conforman el Sector Público:

- a) La Administración General del Estado, las Administraciones de las Comunidades Autónomas y las Entidades que integran la Administración Local.
- b) Las entidades gestoras y los servicios comunes de la Seguridad Social.
- c) Los organismos autónomos, las entidades públicas empresariales, las autoridades administrativas independientes, y cualesquiera entidades de derecho público con personalidad jurídica propia dependientes o vinculadas a una Administración Pública o a otra entidad pública, así como las Universidades Públicas.
- d) Los consorcios definidos en el artículo 118 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.
- e) Las fundaciones que se constituyan con una aportación mayoritaria, directa o indirecta, de una o varias entidades integradas en el sector público, o cuyo patrimonio fundacional esté formado en más de un 50 % por bienes o derechos aportados o cedidos por las referidas entidades.
- f) Las sociedades mercantiles en cuyo capital social la participación, directa o indirecta, de entidades de las mencionadas en las letras a) a e) del presente apartado sea superior al 50 %.

Dos. No obstante lo anterior, cada Administración Pública podrá establecer en sus calendarios laborales, previa negociación colectiva, otras jornadas ordinarias de trabajo distintas de la establecida con carácter general. Lo anterior no podrá afectar al cumplimiento por cada Administración del objetivo de que la temporalidad en el empleo público no supere el 8 % de las plazas de naturaleza estructural en cada uno de sus ámbitos.

De acuerdo con la normativa aplicable a las **entidades locales**, y en relación con lo previsto en este apartado, la regulación estatal de jornada y horario tendrá carácter supletorio en tanto que por dichas entidades se apruebe una regulación de su jornada y horario de trabajo, previo acuerdo de negociación colectiva.

(...)

Seis. Esta disposición tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.7.ª, 149.1.13.ª y 149.1.18.ª de la Constitución “

3.- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre (BOP núm. 190 de 20.08.2002): xornada e calendario laboral.

O Pleno do Concello de Cambre na sesión do 27.06.2002 aprobou o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre, o cal foi obxecto de publicación no BOP núm. 190 de 20.08.2002, sendo aplicable ao persoal funcionario de carreira e interino coas peculiaridades (persoal de polideportivos, persoal de arquivo e biblioteca e persoal de colexios públicos) e as exclusións (policía local) previstas no anexo I.

O artigo 9 establece que a xornada de traballo será a regulamentariamente establecida para o persoal funcionario das administración públicas en réxime de horario flexible.

O artigo 10 indica que o horario laboral principal para poder cumprir a xornada será de luns a venres, de 08:00 a 15: horas, determinándose a través do pertinente Pacto entre alcaldía e os sindicatos representativos do persoal funcionario do concello o horario variable para totalizar, no seu caso, a xornada de traballo sinalada no artigo 9. Salvo erro ou omisión involuntaria non teño constancia documental do citado Pacto, se ben, na resolución núm. 1400/2017 de 24 de xullo do concelleiro delegado da área de recursos humanos, servizos sociais e educación pola que se resolve aprobar o I Plan de Conciliación do Concello de Cambre (CVD: rUYIVMXavKK+qylaSsj5) indícase o seguinte: (* o subliñado é propio)

"(...) Así pois, a xornada de traballo no Concello de Cambre será a regulamentariamente establecida coa flexibilidade definida a continuación.

Todas as persoas traballadoras do Concello de Cambre, sempre que as características do posto de traballo o permitan, poderán desfrutar dun horario xeral flexible, que estará composto por unha parte fixa das 9:00 as 14:00, e unha parte variable a realizar desde as 7:30 ata as 16:00 horas, cun descanso de 30 minutos que se computará como tempo de traballo efectivo.

Aquelas persoas que teñan ao seu cargo fillos/as ou persoas acollidas menores de doce anos, ou familiares cos cales conviva e que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas poderán solicitar a flexibilidade horaria especial, que poderá desenvolverse dende as 7:30 ata as 18:30 con indicación na solicitude que se dirixa ao Departamento de Réxime Interior do horario preferente no que realizarán o seu traballo, cumprindo, en todo caso, coa xornada establecida. Idéntico dereito terán as persoas que se atopen nun proceso de nulidade, separación ou divorcio, durante tres meses desde a interposición da demanda xudicial ou, a petición da persoa interesada, desde o establecemento das medidas provisionais previas.

En calquera caso, e respectando sempre a parte fixa da xornada ou o horario preferente, os/as empregados/as poderán cumprir a súa xornada de traballo con absoluta liberdade sempre e cando resulten cumpridas todas as horas de traballo aplicables en cómputo mensual.

A compensación dos eventuais incumprimentos do horario flexible poderá realizarse no mes natural seguinte, e no caso de que se teña acumulado tempo a maiores da xornada laboral establecida, deberán desfrutarse no mes natural no que se xeran ou no seguinte (Bolsa de horas).

Nos postos con xornada partida ou naqueles que por razóns do servizo non se poidan acoller a flexibilidade horaria anterior, poderán dispoñer de, a lo menos, un día a semana de xornada intensiva, sempre que sexa posible e os servizos queden cubertos, ou buscar outras alternativas de flexibilidade, da cordo coas características do posto.

Así mesmo, naqueles postos que requiran traballar fins de semana (sexa sábado ou sábado e domingo) garantírase o establecemento de quendas de forma que se poida traballar de forma alterna, un si e outro non, como norma xeral. (...)”

No artigo 11 prevese para tódolos funcionarios dentro da xornada laboral un período de pausa diaria, establecida regulamentariamente, e con carácter de non recuperable A duración do descanso é de 30 minutos e computa como traballo efectivo dacordo do I Plan de Conciliación do Concello de Cambre (CVD: rUYIVMXavKK+qylaSsj5).

O artigo 12 establece que o horario laboral principal durante o período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, ámbolos dous incluídos, principal será de 8:00 a 14:00 horas.

IV) CONCLUSIÓNS

A providencia asinada o 05.12.2024 pola concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos (CVD: TmJDYiiZrrCGvJfrGptb) dispón a modificación do artigo 12 Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre coa finalidade de que a redacción sexa a seguinte:

*“Durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ámbolos dous incluídos, o horario principal será de 8:00 a 14:00 horas, **sen que tales horas non realizadas en dito período sexan recuperables**”*

O Concello de Cambre, vista a potestade de autoorganización que o artigo 4.1.a) da LBRL atribúe ás entidades locais territoriais, pode aprobar a adaptación horaria con ocasión da xornada de verán que estime axeitada ás súas necesidades máis, **para garantir a seguridade xurídica**, sería preciso que concretase cal é a xornada de traballo en cómputo anual de obrigado cumprimento.

Neste punto recórdase que dacordo coa disposición adicional 144ª.Dos da Lei 6/2018, do 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 na redacción dada pola disposición final 28ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 as **entidades locais poden establecer**, previa negociación colectiva e sen que afecte ao obxectivo de temporalidade do emprego público, unha xornada ordinaria de traballo anual distinta da establecida con carácter xeral para a Administración do Estado, esto é, diferente das 1.642 horas en cómputo anual que resultan do promedio semanal de trinta e sete horas e media.»

Consta no expediente nota informativa de secretaría 11/2025 de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: 7eN/t2Gj27r/kfV4dp/r), que transcrita di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 11/2025

Remitido a esta Secretaría a través de la plataforma de tramitación electrónica TEdC el expediente 2024/X999/000263, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

Consta no expediente informe do xefe da area de urbanismo e réxime interior de data 10 de setembro de 2024(CVD: SZvhF6jRRENCvMZ8cPsT) no que fomula a seguinte proposta de acordo:

“Primeiro.- Modificar o artigo 12 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre que queda redactado como segue:

“Artigo 12 Durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ámbolos dous incluídos, o horario laboral principal será de 8:00 a 14:00 horas”.

Segundo.- Remitir o presente acordo á oficina pública correspondente e proceder a súa publicación no BOP de acordo co artigo 38-6 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015.”

Consta tamén no expediente informe da Interventora municipal de data 11 de febreiro de 2025 (CVD: oezLGUlu/xtnh46Y+4uE) no que no seu apartado conclusións sinala, entre outras cousas o seguinte:

“(..../....)

O Concello de Cambre, vista a potestade de autoorganización que o artigo 4.1.a) da LBRL atribúe ás entidades locais territoriais, pode aprobar a adaptación horaria con ocasión da xornada de verán que estime axeitada ás súas necesidades máis, **para garantir a seguridade xurídica**, sería preciso que concretase cal é a xornada de traballo en cómputo anual de obrigado cumprimento.

Neste punto recórdase que dacordo coa disposición adicional 144ª.Dos da Lei 6/2018, do 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 na redacción dada pola disposición final 28ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 **as entidades locais poden establecer**, previa negociación colectiva e sen que afecte ao obxectivo de temporalidade do emprego público, unha xornada ordinaria de traballo anual distinta da establecida con carácter xeral para a Administración do Estado, esto é, diferente das 1.642 horas en cómputo anual que resultan do promedio semanal de trinta e sete horas e media.”

Comparte a que subscribe o criterio da Intervención municipal, polo que entende que por razóns de seguridade xurídica, sería preciso tamén que se concretase no acordo regulador cal é a xornada de traballo en cómputo anual.

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polas limitacións citadas, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación.»

Consta informe emitido en data 17 de febreiro de 2025 polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: 1lfx9hiygOAUwarlsZiJ), que transcrito di:

«ÁREA DE URBANISMO E RÉXIME INTERIOR

Asunto: Informe aclaratorio

En relación coa petición de informe que me realiza a concelleira delegada da Area de Servizos Sociais e Recursos Humanos respecto á necesidade de facer constar o número de horas en cómputo anual no Acordo Regulador, se emite o seguinte

INFORME

No Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre aprobado polo Pleno desta Corporación na sesión celebrada o 27 de xuño do 2002, hoxe en vigor, non se establece a xornada laboral en cómputo anual, limitándose o artigo 9 do mesmo a establecer que a xornada de traballo será a regulamentariamente establecida para o persoal funcionario das administracións públicas sen que se considerase en momento algún ata o de agora necesaria a súa constancia en dito acordo.

A súa vez a resolución do 28 de febreiro de 2019 da Secretaría de Estado de Función Pública pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo (BOE nº 52 do 1 de marzo do 2019) establece no seu apartado 3.1 que a duración da xornada xeral será de 1642 horas anuais, polo que haberá que concluir que se as horas non realizadas durante a xornada de verán (cinco horas semanais durante tres meses) non son recuperables, haberá que detraer ou descontar o seu cómputo de ditas 1642 horas anuais, de conformidade coa Disposición Adicional 144 da Lei 6/2018 na redacción dada pola Disposición Final 28 da Lei 31/2022 de Orzamentos Xerais do Estado para 2023

que considera supletoria a regulación estatal da xornada e horario de traballo se polas entidades locais se aproba unha regulación distinta previo acordo de negociación colectiva.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

(Cando son as doce horas e corenta e seis minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Miramontes)

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

(Cando son as doce horas e corenta e nove minutos reincorpórase á sesión a Sra. Prieto Miramontes)

Intervén a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de febreiro de 2025 (CVD: E+uur4aEQXW1Z5hhfRuG).

3.6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA SOLICITAR A CESIÓN DA TITULARIDADE DA AC-214 Á XUNTA DE GALICIA A PROL DO CONCELLO

Acceso á videoacta – 01:47:57 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do PP, rexistrada de entrada ao núm. 202599900000862 o día 13 de febreiro de 2025, relativa ao asunto epigrafiado, que foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2024, que, redactada en castelán e transcrita ao galego, di:

“MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE CAMBRE PARA SOLICITAR A CESIÓN DA TITULARIDADE DA AC-214 Á XUNTA DE GALICIA EN FAVOR DO CONCELLO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A xestión adecuada das vías públicas é crucial para o desenvolvemento do territorio, para iso a rede de estradas locais debe permitir a mobilidade de persoas e mercadorías coas condicións necesarias de seguridade e eficiencia.

Unha destas estradas vitais para o desenvolvemento do noso concello é a AC-214, ante a necesidade de levar a cabo diversas actuacións na vía ao seu paso pola zona urbana do centro de Cambre, así como a petición expresa de novos pasos de peóns e de melloras en beirarrúas ou aparcamento por parte dos veciños dos núcleos de Sigrás ou Pravio, desde o Partido Popular cremos adecuado que parte desta AC pase a formar parte do inventario de vías de titularidade municipal, dando con iso maior facilidade para levar a cabo as actuacións pendentes que os veciños necesitan.

Esta estrada AC-214 é unha vía convencional que discorre en gran parte por núcleos de marcado carácter urbano ou semiurbano, para iso cremos necesario solicitar a cesión da titularidade desde o cruzamento da Pena en Sigrás ata o cruzamento da rotonda de Catro Camiños en Pravio, cunha lonxitude de aproximada de máis de 5 quilómetros.

A transferencia a favor do Concello pódese tramitar conforme co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta de Galicia por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, como competente en materia de estradas, mediante acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello de Cambre terá a competencia para actuar nesta vía, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

ACORDOS:

1. Que o Concello de Cambre solicite a cesión da titularidade da AC-214 á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, a favor do Concello, desde o cruzamento da Pena en Sigrás ata o cruzamento da rotonda de catro camiños en Pravio.”

(Cando son as doce horas e cincuenta minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Louro López)

Intervén o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.

(Cando son as doce horas cincuenta e dous minutos reincorpórase á sesión a Sra. Louro López)

(Cando son as doce horas e cincuenta e cinco minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas, que se reincorpora cando son as doce horas e cincuenta e seis minutos)

Interven a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Parcerio Quiñoy, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do PP de data 13 de febreiro de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción do PP de data 13 de febreiro de 2025.

3.7. MOCIÓNS URGENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 02:16:55 horas

A Sra. presidenta intervéen e manifesta que hai unha moción dos grupos municipais do Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego de proposta de modificación do acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Cambre.

Cando son as trece horas e dezaioito minutos a Presidencia fai un receso para estudar a moción presentada, polo que se suspende a gravación (***Acceso á videoacta 02:17:32 horas***).

Cando son as trece horas e vinte e oito minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (***Acceso á videoacta 02:17:33 horas***).

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen di que, en canto á urxencia da moción, ante a necesidade de actualizar a xornada ordinaria de traballo da policía local para equiparala ao resto do persoal do concello, e deixar sen efecto o acordo plenario do ano 1996, evitando con iso un trato discriminatorio, dende o Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego presentan esta moción de urxencia, de modificación do acordo regulador para ser sometida á valoración do Pleno.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a moción dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG para a modificación do Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Cambre, que transcrita di:

«MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR, PARTIDO SOCIALISTA E BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE CAMBRE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Antecedentes

Vista a acta da mesa de negociación de data 3 de xullo do 2024 (CVD: JVoVJMd066DDwXRZMwDu) no que respecta ao primeiro punto da orde do día, modificación do horario de verán.

Vista a providencia da concelleira delegada de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 6 de setembro de 2024 (CVD: TmJDYiiZrrCGvJfrGptb) respecto da modificación que se pretende levar a cabo no artigo 12 do Acordo Regulador das condicións de traballo dos funcionarios públicos ao servizo do Concello de Cambre.

Visto os informe proposta emitido o 10 de setembro de 2024 (CVD: szVHF6jRRENCvMZ8cPsT) polo xefe da Área de Urbanismo e Recursos Humanos.

Vista a acta da mesa de negociación de data 2 de decembro de 2024 (CVD: JVoVJMd066DDwXRZMwDu).

Vista a providencia da concelleira delegada de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 5 de decembro de 2024

Visto o informe proposta emitido o 20 de xaneiro do 2025 polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: 06e4cZ3JPe8GYkV309ly).

Visto o informe da intervención municipal de data 11 de febreiro de 2025 (CVD: oezLGUlu/xtnh46Y+4uE)

Vista a nota informativa de secretaría 11/2025 de data 14 de febreiro de 2025 (CVD: 7eN/t2Gj27r/kfV4dp/r).

Visto o informe emitido en data 17 de febreiro de 2025 polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: 1lfx9hiygOAUwarlsZiJ).

Visto o informe emitido en data 17 de febreiro de 2025 polo xefe da Area de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: 1lfx9hiygOAUwarlsZiJ).

Visto o ditame do día 20.02.2025 da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude.

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos que eleva ao Pleno municipal do 27 de febreiro de 2025 a seguinte proposta de ACORDO a adoptar:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do artigo 12 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre que queda redactado como segue:

“Artigo 12

Durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ámbolos dous incluídos, o horario laboral principal será de 8:00 a 14:00 horas sen que tales horas non realizadas no devandito período sexan recuperables”.

2º) Remitir o presente acordo á oficina pública correspondente e proceder a súa publicación no BOP de acordo co artigo 38-6 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015.

Ante estes antecedentes os grupos municipais firmantes entenden que, tal e como advertiron a Secretaria e Interventora municipais, esta proposta de acordo non é clara en tanto que non se establece cal é a xornada de traballo en cómputo anula de obrigado cumprimento.

É por iso que, coa intención de atneder á recomendación da Secretaria e Interventora e dotar a este acordo da seguridade xurídica da que carece, consideran estes grupos municipais que é necesario aclarar a redacción do citado artigo 12 na forma que se recolle nesta moción.

Por outra banda, esta proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Huamnoss non fai mención á situación na que se atopa a Policía Local, á que se lle aplica un horario de 40 horas semanais, de acordo co informe do 1 de marzo de 2024 do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, Emilio Martínez Cubero, no que afirma que *“a xornada laboral dos membros da Policía Local de Cambre segue sendo a de 40 horas semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual derivada do acordo plenario do 17 de xullo de 1996 que aproba o*

“Pacto Alcaldía-Policía Local” de 22 de xaneiro de 1996, equivalente a mil setecentas cincuenta e unha horas anuais (1.751 horas)”.

Estes grupos municipais veñen reitando a necesidade de desbloquear a mala situación na que se atopa o corpo da Policía Local, que segue con só 3 efectivos (un oficial e dous axentes) para atender a 25.000 veciños.

Entendemos que o gravoso horario que se lle aplica a este colectivo é unha das causas polas que as prazas continúan vacante. Veñen de convocarse 13 prazas e só concorreu un aspirante, o que supón unha moi mala nova para a prestación dun servizo tan importante como a seguridade pública.

É preciso reforzar este servizo e dotalo dos efectivos necesarios. Para iso, deben eliminarse os obstáculos que impiden acadar este obxectivo e adoptar as medidas correctoras que resulten precisas. A primeira desas medidas debe ser a de deixar sen efecto un acordo, non só gravoso para este colectivo, senón tamén discriminatorio respecto do resto do persoal deste Concello.

En definitiva, resulta primordial actualizar a xoranda ordinaria de traballo da Policía Local, equiparándoa ao resto do persoal, e deixando sen efecto o acordo plenario do 17 de xullo de 1996 que lles obriga a realizar unha xornada de 40 horas semanais.

Por canto antecede, se propoñen os seguintes acordos.

ACORDOS:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do artigo 12 do Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre que queda redactado como segue:

“Artigo 12”

Con carácter xeral, e sen prexuízo da medidas de flexibilización previstas no Plan de Conciliación do Concello de Cambre, o horario laboral principal será de 08:00 a 15:00 horas, agás no período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ámbolos dous incluídos, no que o horario laboral principal será de 08:00 a 14:00 horas. Isto equivale a mil cincocentas oitenta e dúas horas de traballo efectivo de promedio en cómputo anual.

2º) Iniciar o procedemento para que, logo dos trámites que resulten oportunos, se someta á aprobación deste Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno o día 17 de xullo de 1996 respecto do “Pacto Alcaldía-Policía Local”.
- 2.- Aplicar á Policía Local a xornada de traballo efectivo de promedio en cómputo anual establecida do artigo 12 do Acordo Regulador.

3º) Remitir o presente acordo á oficina pública correspondente e proceder a súa publicación no BOP de acordo co artigo 38-6 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a alcaldesa, Sra. Pan Lesta, a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, e a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerio Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE de modificación do Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Cambre, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4. PARTE DECLARATIVA

4.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 02:33:40 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

4.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 02:33:43 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

5. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

(Cando son as trece horas e trinta e catro minutos auséntanse da sesión os concelleiros do PP, Sra. Díaz Baldomir e Sr. Vázquez Pérez)

5.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 02:33:50 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 103/2025, do 7 de febreiro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, o día 10 de febreiro de 2025, a partir do cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

5.2. DACIÓN DE CONTA DO OFICIO DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚMERO 3 DA CORUÑA, DE DATA 7 DE XANEIRO DE 2025, PROC. ABREVIADO 00001700/2024

Acceso á videoacta – 02:34:43 horas

Dáse conta do oficio do Xulgado de Instrución núm. 3 da Coruña, de data 7 de xaneiro de 2025, rexistrado de entrada o día 13 de xaneiro de 2025 co núm. 202500000000152, relativo ao procedemento DPA Dilixencias previas Proc. abreviado 0001700/2024.

5.3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 02:34:55 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resoluciónns ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 95 resoluciónns numeradas da 61 á 155 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
61/2025	27-01-2025	Aprobar o Plan anual de contratación para o exercicio 2025
62/2025	27-01-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 16/12/2024, xa que, segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: GICh
63/2025	27-01-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 5/12/2024, xa que, segundo o disposto no artigo 22.4 da dita ordenanza, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: LSLG
64/2025	27-01-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 25/10/2024, xa que, segundo o disposto no artigo 22.4 da ordenanza, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: SCC
65/2025	27-01-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada o 4/12/2024, xa que, segundo o disposto no dito artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: ML
66/2025	27-01-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 2/12/2024, xa que segundo o disposto no dito artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: JMSV
67/2025	27-01-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro,

		durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CLDK
68/2025	27-01-2025	Delegación de funcións da alcaldía no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós os días 3 e 4 de febreiro de 2025
69/2025	27-01-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de xaneiro de 2025
70/2025	28-01-2025	Iniciar expediente de orde de execución a ERP para a poda das polas da árbores existentes na finca sita no lugar de Fonte Cuntín, Santa María de Vigo, que están a invadir a vía pública, entrando en contacto coas infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e os artigos 19 da ordenanza municipal de limpeza viaria e anexo 6 das Normas subsidiarias de planeamento municipais
71/2025	28-01-2025	Iniciar expediente de orde de execución a JMR para a roza da vexetación existente na finca sita en Fraís, Cecebre e a poda das árbores que están a afectar a infraestruturas de iluminación pública á marxe do camiño de titularidade municipal de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da ordenanza municipal de limpeza viaria
72/2025	28-01-2025	Iniciar expediente de orde de execución a MJGS para a roza da vexetación existente na finca sita en Meixigo, s/n, Cambre (e a poda das árbores que están a invadir o camiño de titularidade municipal, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da ordenanza municipal de limpeza viaria
73/2025	29-01-2025	Autorizar o gasto destinado á cremación do cadáver por beneficencia de MdelpSG por importe de 1.582,67 €
74/2025	29-01-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
75/2025	29-01-2025	Autorizar, con efectos do día 06 de xaneiro de 2025, a apertura da urna central sinalada co número 39 letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada por FMS en data 07 de xaneiro de 2025 co obxecto de inhumar os restos mortais de MLFAAP falecida o 05 de xaneiro de 2025
76/2025	30-01-2025	Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a provisión en comisión de servizos de trece postos de Policía Local
77/2025	30-01-2025	Autorizar, con efectos do día 30 de decembro de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 139 letra B no cemiterio municipal de Cambre, solicitada en data 27 de decembro de 2024 co obxecto de inhumar as cinzas AGE falecida o día 25 de decembro de 2024. Solicitante: JMGS
78/2025	30-01-2025	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas, así coma o seu pagamento polo canon da auga ano 2024 das dependencias municipais
79/2025	30-01-2025	Convocar sesión da Xunta Local de Seguridade do Concello de Cambre, que terá lugar na Casa da Cultura o vindeiro día 25 de febreiro de 2025, ás 11:00 horas
80/2025	30-01-2025	Aprobar a nómina do mes de xaneiro do 2025 cun total de retribucións brutas de 380.517,12 euros
81/2025	31-01-2025	Autorizar o gasto destinado á cremación do cadáver por beneficencia de JJRF por importe de 1.582,67 € a ingresar á FA, S.L.
82/2025	31-01-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, dos 268.350,46 euros a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do terceiro cuadrimestre do 2024
83/2025	31-01-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta Goberno Local 4 de febreiro de 2025
84/2025	31-01-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de decembro de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social

		correspondentes ao mes de decembro de 2024 por importe de 21.133,06 euros
85/2025	04-02-2025	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar da Rocha, parroquia de Anceis en solo cualificado como urbano de núcleo rural nas Normas Subsidiarias Municipais do Planeamento de Cambre. Solicitante: CVC
86/2025	04-02-2025	Realizar a JMMD o pagamento do prezo xusto de 14.822,73 euros correspondente á parcela nº 2 do proxecto de expropiación forzosa por taxación conxunta para a execución do vial rúa O Balado, aprobado definitivamente por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente nº 1326/2017 de data 13 de xullo de 2017
87/2025	04-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ACM
88/2025	04-02-2025	Modificar as táboas III e V do punto segundo da parte resolutiva da Resolución núm.48/2025 do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 20 de xaneiro de 2025 pola que se aproba o modelo de convenio de colaboración a asinar coas entidades colaboradoras do proxecto obradoiro de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" e a formalización do presente convenio coas entidades que se relacionan así como a asignación de traballadoras aos centros
89/2025	04-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para tratamento especializado (dentista), establecida no artigo 13 da ordenanza reguladora, solicitada o 30/12/2024, xa que segundo o disposto no artigo 23.7 da dita ordenanza, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: JMFM
90/2025	04-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 27/12/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6 da dita ordenanza, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: GYQN
91/2025	04-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 10/12/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JCG
92/2025	06-02-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola interventora municipal, no informe emitido en data de data 30 de xaneiro de 2025. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a adxudicación do contrato da "Subministración en punto de consumo de gasóleo B e C e de bombonas GLP-Propano para instalacións térmicas en dependencias municipais do concello de Cambre". Adxudicar o Lote nº 1 "Subministración de gasóleo B e C para instalacións térmicas en dependencias municipais en punto de consumo", a favor do licitador "Cetanoil Cecebre, S.L cun orzamento base de licitación máximo de 78.619,20 € sen IVE (95.129,23 € con IVE) para os 2 anos de duración do contrato. Declarar deserto o Lote nº 2 "Subministración de bombonas GLP-Propano de 11 Kg para instalacións térmicas en dependencias municipais en punto de consumo", do contrato de "Subministración en punto de consumo de gasóleo B e C e de bombonas GLP-Propano, para as instalacións térmicas en dependencias municipais do Concello de Cambre", iso ao ser excluído da licitación o único licitador presentado
93/2025	06-02-2025	Aprobar a modificación do horario da reserva de espazo de carácter temporal para carga e descarga de mercancías situada fronte ao supermercado da rúa

		Tapia, parroquia do Temple, autorizando o seu uso de luns a venres de 8.00 a 13.00 horas e de 17.00 a 19.00 horas e sábados de 8.00 a 13.00 horas
94/2025	06-02-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
95/2025	06-02-2025	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2024, por un importe de 740.366,95 euros
96/2025	07-02-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de subministración de carburantes de data 30 de xaneiro de 2025 e continuar coa tramitación do expediente
97/2025	07-02-2025	Nomear a VESO administrativa interina, encadrada na escala de administración Xeral, subescala administrativa, pertencente ao grupo de clasificación profesional "C", subgrupo "C1", adscrita á Área de Secretaría, por substitución transitoria da persoa titular do posto durante o tempo estritamente necesario, de conformidade co artigo 23-2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
98/2025	07-02-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de febreiro de 2025
99/2025	07-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JGGH
100/2025	07-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: GLRM
101/2025	07-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: TTP
102/2025	07-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MDMR
103/2025	07-02-2025	Avocación de competencias do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transporte e Medio Ambiente don Juan González Leirós o día 10 de febreiro de 2025
104/2025	07-02-2025	Estimar parcialmente o recurso de alzada interposto por Jardinería Arce S.L. Anular o Acordo da Mesa de Contratación do Concello de Cambre de 29 de outubro de 2024 excluindo a Jardinería Arce, S.L. do procedemento de contratación da obra "Reforma integral de la plaza Fernando Buesa –El Temple" por exceder a súa oferta o prazo de execución fixado no prego de cláusulas administrativas. Retrotraer o expediente de contratación, convocando a mesa de contratación a fin de que proceda a valorar os factores de adjudicación no avaliábeis de forma automática da proposta de Jardines Arce, S.L.
105/2025	10-02-2025	Acceder ao solicitado e remitir copia do expediente da investigación do Xulgado de Instrucción número 3, sobre a situación dos contratos do Concello de Cambre. Solicitante: RVP, en representación do grupo municipal Popular

106/2025	10-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 16/1/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: DRVV
107/2025	10-02-2025	Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública que convoque o proceso de provisión de doce postos vacantes de policía local deste Concello a través do procedemento de concurso propio do sistema de mobilidade previsto no artigo 43 da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais e de conformidade coa cláusula segunda do convenio subscrito entre este Concello e a Xunta de Galicia de maio de 2023
108/2025	10-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 31/1/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: OKPR
109/2025	11-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 3/2/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1 da dita ordenanza, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: RLdaS
110/2025	11-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ICR
111/2025	12-02-2025	Solicitar a subvención para a contratación dun técnico/a de orientación laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia (S.P.E.G.) ao abeiro do disposto na Orde do 27 de decembro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (DOG núm.15 do 23/01/2025) pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio de 2025, coa finalidade de mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia
112/2025	12-02-2025	Designar a IBM, tesoureira municipal, para actuar como usuaria-administradora ante a "Caja General de Depósitos"
113/2025	12-02-2025	Considerar desistida a MCGM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 31/10/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
114/2025	11-02-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
115/2025	12-02-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JFF
116/2025	12-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: DCH
117/2025	12-02-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MVGP
118/2025	12-02-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que

		pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: IRC
119/2025	12-02-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DMA
120/2025	12-02-2025	Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada, dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: VMB
121/2025	12-02-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a aprobación do expediente do servizo de produción do evento "Entroido Pequeno" a celebrar no concello de Cambre". Aprobar o expediente de contratación relativo ao servizo de produción do evento "Entroido Pequeno" a celebrar no concello de Cambre
122/2025	12-02-2025	Devolver a GN, S.U.R, SDG, S.A o aval inscrito no Rexistro Especial de Avais, expedido por CAIXABANK por importe de 1.500 euros
123/2025	13-02-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JRPB
124/2025	13-02-2025	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2024 número 1/2025 por importe de 288.543,10 euros
125/2025	13-02-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 1/2025 por un importe de 113.000,00 euros
126/2025	13-02-2025	Aceptar as bases da convocatoria da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e os compromisos que nela se inclúen, segundo o disposto na Orde do 16 de decembro de 2024, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG núm. 3, do 7 de xaneiro de 2025)
127/2025	13-02-2025	Iniciar expediente de orde de execución a para a roza da vexetación existente na finca sita en Fraís, Cecebre, e a poda das árbores que están a invadir o camiño de titularidade municipal afectando a infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
128/2025	13-02-2025	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: MIGA
129/2025	13-02-2025	Aprobar a baixa no programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023, actividade de ximnasia de mantemento pavillón Brexo Lema, con efectos do mes de novembro de 2023 de RRE
130/2025	13-02-2025	Devolver o aval depositado por SSC para garantir a correcta execución da obra urbanizadora vinculada á construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, por importe de 6.324,01 euros
131/2025	13-02-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 24 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Lamiño, parroquia de Bribes. Solicitante: UFD DE, SA
132/2025	13-02-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución dun poste e unha riostra existentes no lugar do Souto, parroquia de Sigrás, co fin de posibilitar a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas. Solicitante: TdeE, SAU
133/2025	14-02-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que

		pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JBF
134/2025	13-02-2025	Autorizar ao titular da licenza de taxi número 22, a transmístrir a dita licenza, xunto co vehículo co que presta servizo, Toyota Auris, matrícula 5055 JNN a favor de MFM. Solicitante: MVC
135/2025	14-02-2025	Deixar sen efecto a convocatoria da sesión da Xunta Local de Seguridade do Concello de Cambre convocada para o vindeiro día 25 de febreiro de 2025, ás 11:00 horas por resolución desta Alcaldía núm. 79/2025 do 30 de xaneiro de 2025. Convocar sesión da Xunta Local de Seguridade do Concello de Cambre, que terá lugar na Casa da Cultura, o vindeiro día 13 de marzo de 2025, ás 11:00 horas
136/2025	14-02-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de febreiro de 2025
137/2025	14-02-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade por razóns humanitarias. Solicitante: AGL
138/2025	17-02-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 1/2025 por importe de 297.753,20 euros correspondente á anualidade 2025
139/2025	17-02-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 20 de febreiro de 2025, ás 11:00 horas
140/2025	17-02-2025	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dez mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2025 fronte ao bar situado na parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: CLC
141/2025	17-02-2025	Arquivar o expediente incoado a MCBP para a poda das polas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, o terse constatado que se emendaron as causas que deron lugar á súa incoación
142/2025	18-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 27/01/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: JJDM
143/2025	18-02-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 10/12/2024, xa que segundo o disposto no artigo 23.7 da dita ordenanza, incumple os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: IRG
144/2025	19-02-2025	Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá o día 24 de febreiro de 2025.
145/2025	19-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CREP
146/2025	19-02-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 2/2025 por importe de 381.868,05 euros
147/2025	19-02-2025	Estimar o recurso de reposición interposto por DCB, en representación de DR y Cia., S.L. contra a resolución do concelleiro de Urbanismo e Obras de data 29 de marzo de 2023, por canto que tal e como se deriva dos informes técnicos da arquitecta técnica interina de data 10 de marzo de 2023 e do enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 12 de setembro de 2024, a rede de saneamento municipal que discorre polo camiño da Carreira non conta con rede separada de saneamento polo cal non sería posible á conexión

		das augas pluviais á mesma, revogando en consecuencia a resolución recorrida
148/2025	20-02-2025	Dar de alta na aplicación PMH-Accede á usuaria VESO administrativa interina adscrita a Secretaría, con perfil de acceso de xestión avanzada. Dar de alta na aplicación IDA-CELEC á usuaria VESO
149/2025	20-02-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xaneiro de 2025 por importe de 57.501,19 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 57.501,19 euros
150/2025	20-02-2025	Aceptar as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, establecidas na Orde do 16 de decembro de 2024 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG núm. 8 do 14 de xaneiro de 2025). Ao abeiro da antedita Orde do 16 de decembro de 2024, solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia unha subvención para os seguintes programas: - Programa A. Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego e en formato físico.- Programa B. Subvencións para a mellora das colección bibliográficas
151/2025	20-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CEER
152/2025	20-02-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEGR
153/2025	21-02-2025	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2024 número 2/2025 por importe de 2.146.710,68 euros
154/2025	21-02-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de febreiro de 2025
155/2025	21-02-2025	Delegación funcións para presidencia da Xunta de Voceiros do 21 de febreiro de 2025

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de febreiro de 2025
- Proposta relativa á non división en lotes dos investimentos obxecto dos proxectos que se solicita incluír no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) pos+2025
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de febreiro de 2025
- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor da obra “Ampliación en altura da rede parabalóns da portería norte do campo de fútbol municipal en Lendoiro-A Barcala”, a MYRMEX SOLUTIONS, SL, por importe de 6.743,00 euros sen IVE, 8.159,03 euros (IVE incluído). Expediente nº 2024/C002/000056

- Proposta relativa á adxudicación do Lote 1 “Gasóleo A e Gasolina sen plomo Super 95” do contrato de “Subministración en estación de servizo de carburantes para motores de vehículos e maquinaria municipal do Concello de Cambre”, a prol de “Cetanoil Cecebre, S.L.”, e declaración de deserto do Lote 2 “GLP”. Expediente nº 2024/C005/000003.

5.4. ROGOS

Acceso á videoacta – 02:35:03 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900001118 o día 24 de febreiro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:35:17 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“O Consorcio das Mariñas ten o recibo de recollida de lixo máis caro de Galicia cun servizo deficiente, unha mala colocación dos contedores e unha limpeza insuficiente. Cambre é socio do Consorcio e polo tanto participa nunhas negociacións onde a empresa Albada expón unhas condicións sobre o pago de millóns de euros que lle debe ao consorcio. A débeda dende o 2011 ata o 2017 está prescrita como así o recoñeceu un xuíz, a débeda dende o 2017 ata o 2021 ascende a máis de catro millóns de euros recoñecido por sentenza, e a débeda do 2021 a 2024 está pendente de demanda. Ante esta situación a empresa Albada propón un acordo extraxudicial para evitar unha nova demanda e establece as seguintes condicións: unha quita moi considerable, unha renuncia de todos os intereses e un pago aprazado das cantidades debidas. Dende o Partido Popular rogamus que o Goberno, ante tal cantidade económica que lle corresponde aos veciños de Cambre, fagan chegar aos grupos municipais e ás habilitadas nacionais a documentación do resultado destas negociacións.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:39:38 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“Camiñante non hai camiño, o camiño faise ao andar, verbas de Antonio Machado, pero aviso para navegantes se pensades dar unha volta polo parque infantil de Cecebre ou facer deporte na pista polideportiva A Balastreira. Os pasos poden levarvos cara ao centro de saúde máis próximo. Recomendamos botas de montaña para baixar polo camiño, flotador por se non sabedes nadar e queredes ir á fonte a saciar a vosa sede, e vista de lince para non verse de súpeto sepultado por algún mazacote desprendido como o da foto. Alí xogan nenos aínda que parece que non vos dades conta. As beirarrúas onde a panificadora O Burato parecen facer unha homenaxe ao seu nome. Rogamos desde o Partido Popular que aquilo que pode ser perigoso o retiredes á maior brevidade posible e que polo menos arranxedes o que está mal. O patrimonio hai que coidalo mentres non cheguen a materializarse os futuros proxectos.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900001121 o día 24 de febreiro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:43:11 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes

“A estrada AC-221 está pintada na súa parte central, máis non rematan de facer o pintado de forma completa, o que supón un risco xa que ademais sufrimos neste ano unhas condicións meteorolóxicas moi adversas, que impiden a boa visibilidade. Solicitamos que polas circunstancias expostas se lle requira a Xunta de Galiza que se faga cargo de inmediato do pintado regulamentario.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:44:12 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes

“A estrada AC-214 sofre un elevadísimo volume de tráfico como é de todos coñecido, sorprende por tanto observar como en horas de máxima actividade os camións de recollida de lixo, andan a facer o seu cometido, creando máis caos se cabe, e mesmo situacións de adiantamentos moi perigosos. E polo que SOLICITAMOS: que se requira ao servizo dependente do Consorcio As Mariñas que os baleirados dos colectores se realicen en horarios máis axeitados, facilitando así a convivencia entre todos os sectores.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. alcaldesa.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:47:13 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes

“Nas pasadas comisións informativas pedimos información sobre como se están levando a cabo os pagos a ANPAS, e asociacións. Contestóusenos que respecto das ANPAS estaban ao día, pero non así as segundas. Sabemos da complexidade que para as persoas que de xeito altruísta se ocupan teñen todos os trámites administrativos requiridos, que en ocasións poden causar atraso no cobro das axudas, tal e como se nos manifestou. Consideramos dende o BNG, que unha comunicación exprofeso dirixida ás directivas, onde se exprese con claridade a importancia de tramitar correctamente cara a evitar atrasos, e poñendo de manifesto que no Concello están para resolver as posibles dúbidas que teñan ao respecto, sería de suma importancia. Debemos ter en conta a carga que supón para as persoas que se ocupan deste tecido asociativo, sen as cales a nosa sociedade funcionaría moito peor. Polo tanto SOLICITAMOS: Que se elabore unha comunicación, no sentido que acabamos de expresar para o seu traslado ás Anpas e asociacións, e mesmo se leve a cabo unha xuntanza aclaratoria se fose necesaria.”

A Sra. Pan Matos contesta o rogo. Interven a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 02:51:16 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900001118 o día 24 de febreiro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:51:23 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán

“O 14 de febreiro deste ano o Concello recibe unha carta da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático onde dedúcese que Cambre está dentro dos concellos que non cumpren coa normativa de tratamento e xestión de residuos. Cambre é cliente de Nostián, planta que incumpre cos obxectivos e os requisitos da nova lei de residuos. Dende o grupo popular queremos saber: Cales son as consecuencias xudiciais e económicas para o noso concello e os seus veciños polo incumplimento desta lei?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:51:23 horas

Retirada.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900001121 o día 24 de febreiro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:53:10 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“No mes de decembro anuncióusenos que por fin teríamos un novo colector de cor amarelo, para poder depositar para a súa reciclaxe de obxectos que ata o día de hoxe non se recuperaban. Rematando xa o mes de febreiro non dispoñemos deles. Que nos poden explicar respecto desta situación?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:54:54 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Debido á problemática das talas cuxa responsabilidade é da Xunta de Galiza, moitas sen autorización, atopámonos que entre a cantidade de eucaliptos que se seguen a plantar e a eliminación-destrución das especies frondosas a nosa paisaxe xa non é nosa (teremos que buscarlle un novo nome). Isto produce na cidadanía responsábel unha impotencia pois as denuncias non se tramitan, e as multas compénsanlles os maderistas, e así, día a día a nosa paisaxe é coma un campo de batalla, namentres non medren os soldadiños invasores perfectamente cuadrículados coma batallóns nos exércitos: eucaliptos “nitens” ou

“glóbulus” Como neste tempo non temos policía que faga labores de vixilancia a este respecto, preguntamos se por parte do departamento de obras e servizos se están ocupando, ou poden facelo, evitando máis prexuízos medioambientais ao noso territorio.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta. Intervén a Sra. alcaldesa

3ª pregunta - Acceso á videoacta –

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Os parques infantís do noso Concello están evidentemente nun estado pouco saudábel, tendo en conta que os seus usuarios son as crianzas, que en ocasións sofren as consecuencias do nulo mantemento. O outro día falamos nas comisións informativas do de Pravio, pero podemos observar que hai moitos máis con déficits. Pódennos dicir que calendario teñen para o seu arranxo?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTA DO PP PRESENTADA ORALMENTE

Acceso á videoacta – 02:59:13 horas

A Sra. Espiñeira Galán formula a seguinte pregunta:

Di que eles tamén consideran que é prioritario, como dixo o Sr. Leirós, concretar, para axilizar os trámites e gañar tempo, e non simplemente limitarse ao xenérico. Di que respecto dos contedores amarelos si que un grupo de veciños de Lendoiro puxéronse en contacto con eles porque piden o contedor amarelo e di que tamén piden un contedor para o aceite, e pregunta se poden eles facer as xestións pertinentes.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e once minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)
María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)
Pilar María Pastor Novo